

Decreto de currículo

Primaria

Decreto 245/1992, do 30 de xullo (DOG do 14 de agosto)

Anexo

- Introducción.
- Área de Lingua e Literatura Galegas.
- Área de Lingua Castelá e Literatura.
- Área de Linguas Estranxeiras.
- Área de Matemáticas.
- Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.
- Área de Educación Artística.
- Área de Educación Física.

Decreto 245/1992 do 30 de xullo polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo determina, no seu artigo cuarto, que constitúen elementos integrantes do currículo os obxectivos, contidos, métodos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades nos que se organiza a práctica educativa. Establece tamén que corresponde ó Goberno fixa-los aspectos básicos do currículo ou ensinanzas mínimas para todo o Estado, mentres é competencia das administracións educativas establece-lo currículo. Polo tanto, unha vez fixados os elementos básicos do currículo ou ensinanzas mínimas polo Real Decreto 1006/1991, do 14 de xuño e tal como se recolle no título preliminar da LOGSE (artigo 4, punto 3) corresponde á Administración educativa galega establece-lo currículo para o ámbito da súa competencia.

O currículo que se establece ten un carácter aberto e flexible co fin de permiti-la súa adecuación á realidade do contexto socioeconómico e cultural de cada centro escolar e

responder, así mesmo, á diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos alumnos e das alumnas, implicando activamente ó profesorado no seu desenvolvemento e concreción.

Deste xeito, cobra un especial interese o traballo dos profesores, que terán que contextualizar e pormenoriza-los obxectivos e contidos propostos así como os medios para alcanzalos, sempre referidos ó seu contexto específico.

Esta determinación e concreción desenvolvida a través dos equipos docentes referirase fundamentalmente á secuenciación por ciclos, ás liñas xerais de aplicación dos criterios de avaliación, ás adaptacións curriculares e á metodoloxía e as actividades elixidas nas distintas áreas. Estas decisións, materializadas nos correspondentes proxectos curriculares de centro, constituirán o referente fundamental para a elaboración das programacións nas que se expresarán os procesos educativos que cada profesor se propón desenvolver no seu grupo-

clase, concretando a secuenciación de contidos, a metodoloxía e as actividades didácticas.

As orientacións e maila normativa que, como desenvolvemento do presente decreto, dicte a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, contribuirán a orientar e guía-la práctica educativa do profesorado.

Os obxectivos xerais establecen as capacidades que se espera que adquiran os nenos e as nenas ó finalizar esta etapa educativa. Os obxectivos xerais constitúen, polo tanto, o principal referente do profesor á hora de planifica-la súa práctica educativa.

As necesidades de desenvolvemento persoal, por unha parte, e as demandas sociais e culturais, por outra, esixen un currículo no que a educación abranga tódolos aspectos das capacidades e do desenvolvemento das persoas, de aí que se explicita a diferenciación dos contidos en tres apartados: conceptuais, relativos a feitos, conceptos e principios; procedementais, relativos a procedementos, habilidades e destrezas; actitudinais, relativos a actitudes, valores e normas.

Os contidos das sete áreas nas que se organiza a etapa agrúpanse en bloques que de ningunha maneira deben entenderse como unidades temáticas nin como presentación secuenciada dos contidos que se van traballar. A organización dos bloques de contidos nos tres apartados citados, conceptuais, procedementais e actitudinais ten a finalidade de presentar de forma analítica uns contidos de diferente natureza que deben estar presentes nos diversos proxectos e programacións curriculares que realicen os equipos docentes. Tamén estarán presentes, ó longo de toda a etapa e a través das distintas áreas, os valores éticos e outros contidos transversais ós que a sociedade é especialmente sensible como son: saúde e calidade de vida, educación ambiental, educación para a paz, educación do consumidor, educación para a igualdade entre os sexos, educación para o lecer, educación vial.

A avaliación debe analizar e valora-lo papel de tódolos elementos que interveñen no

proceso educativo. Debe ser realizada coa perspectiva de regula-los procesos de ensinanza-aprendizaxe, revisa-las estratexias de actuación na aula, programar plans concretos de reforzo para os alumnos que o requiran, determinar accións tutoriais e formas de colaboración cos pais...

No anexo a este decreto, fórmulanse os criterios de avaliación que establecen o tipo e grao de aprendizaxe que as nenas e os nenos terán acadados nun momento determinado, respecto das capacidades expostas nos obxectivos; estes criterios de avaliación constan dun enunciado e dunha breve explicación do mesmo e están fixados por áreas.

No presente Decreto establécense os seis anos académicos que comprende a Educación Primaria, organizada en 3 ciclos de 2 anos de duración cada un; esta organización en ciclos facilitará a adaptación dos procesos de ensinanza ós ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe propios de cada unha das alumnas e dos alumnos. Así mesmo establécense o carácter de unidade curricular temporal de cada ciclo co que se garantirá a continuidade do profesorado co mesmo grupo de alumnos ó longo do ciclo.

A Educación Primaria constitúe o primeiro tramo da escolaridade obrigatoria. Para cumprir unha función plenamente integradora, debe manter unha coordinación, tanto coa Educación Infantil, como coa Educación Secundaria Obrigatoria, que propicie o tránsito entre as etapas. Esta coordinación é especialmente importante ó comezo da etapa polas desigualdades de partida que presentan os alumnos, procedentes uns de centros de Educación Infantil e outros que veñen directamente da familia. A escola deberá telas en conta e compensar esas desigualdades.

Finalmente, a Educación Primaria prestará unha atención preferente ós alumnos e ás alumnas con necesidades educativas especiais, de forma que se elaborarán as adaptacións curriculares necesarias para que, en colaboración coa familia, superen as dificultades e poidan alcanza-los obxectivos educativos previstos.

En consecuencia, a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe do Consello Escolar de Galicia e da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta de xullo de 1992,

DISPOÑO

Artigo 1º.— O currículo para a Educación Primaria nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria será o que recolle o Anexo do presente Decreto.

Artigo 2º.— Para os efectos do disposto neste Decreto enténdese por currículo da Educación Primaria o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que regularán a práctica docente neste nivel educativo.

Artigo 3º.— A Educación Primaria comprenderá seis anos académicos, desde os seis ós doce anos de idade, e organizarase en tres ciclos de dous anos cada un.

Os nenos e nenas incorporaranse á Educación Primaria no ano natural no que cumpran seis anos de idade.

Artigo 4º.— O ciclo constitúe unha unidade curricular temporal de programación e avaliación. En consecuencia, todo o profesorado do mesmo ciclo desenvolverá o seu traballo en equipo co fin de garanti-la necesaria unidade de programación e avaliación.

Do mesmo xeito garantirase a continuidade do profesorado co mesmo grupo de alumnos ó longo do ciclo, sempre que contiñen a impartir docencia no centro respectivo.

Artigo 5º.— A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades seguintes:

- a) Utilizar, de xeito apropiado, a lingua galega e a lingua castelá.
- b) Comprender e expresar mensaxes sinxelas nunha lingua estranxeira.

- c) Aplicar ás situacións da vida cotiá operacións simples de cálculo e procedementos lóxicos elementais.

- d) Adquiri-las habilidades que permiten desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- e) Aprecia-los valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles.

- f) Utiliza-los diferentes medios de representación e expresión artística.

- g) Coñece-las características fundamentais do seu medio físico, social e cultural e as posibilidades de acción no mesmo.

- h) Valora-la hixiene e a saúde do seu propio corpo, así como a conservación da natureza e do medio ambiente.

- i) Utiliza-la educación física e o deporte para favorece-lo desenvolvemento persoal.

Artigo 6º.— A fin de desenvolve-las capacidades citadas, os alumnos deberán alcanzar ó longo da Educación Primaria os obxectivos seguintes:

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritas en lingua galega e lingua castelá, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes orais e escritas sinxelas e contextualizadas nunha lingua estranxeira.

- b) Comunicarse a través de medios de expresión verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática desenvolvendo o razoamento lóxico, verbal e matemático, así como a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.

- c) Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para

obte-la información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa resolución.

d) Identificar e formular interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materiais dispoñibles como a colaboración doutras persoas para resolvelas de xeito creativo.

e) Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas.

f) Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptalas normas e regras que democraticamente se establezan, artella-los obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos e asumi-las responsabilidades que correspondan.

g) Establecer relacións equilibradas e constructivas coas persoas en situacións sociais coñecidas, comportarse de xeito solidario, recoñecendo e valorando criticamente as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferencias de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais.

h) Aprecia-la importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, na súa dimensión propiamente social e política, así como dos valores morais fundamentais, tanto na súa dimensión cognitiva como na afectiva e motivacional, e obrar de acordo con eles.

i) Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social e contribuír activamente, no posible, á defensa, conservación e mellora do medio ambiente.

j) Coñece-lo patrimonio cultural, participar na súa conservación e mellora e respecta-la diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

k) Coñecer e aprecia-lo propio corpo e contribuír ó seu desenvolvemento, adop-

tando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas conductas sobre a saúde e a calidade de vida.

Artigo 7º.—

1.— A Educación Primaria organizarase nas áreas que se sinalan, que serán obrigatorias e terán un carácter global integrador:

a) Lingua e Literatura Galegas.

b) Lingua Castelá e Literatura.

c) Lingua Estranxeira.

d) Educación Artística.

e) Educación Física.

f) Matemáticas.

g) Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

2.— A educación moral e cívica, a educación para a paz, para a saúde e a calidade de vida, para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, a educación do consumidor, a educación para o lecer e a educación vial estarán presentes a través das diferentes áreas ó longo de toda a Educación Primaria.

3.— A área de Relixión Católica será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos. Os centros organizarán, ó propio tempo, actividades de estudo axeitadas á idade das nenas e dos nenos, referidas ás ensinanzas das áreas do correspondente ciclo e orientadas por un mestre ou mestra.

Ó comeza-la Educación Primaria ou na primeira inscrición do alumno ó centro, os seus pais ou tutores manifestarán á dirección do centro a opción á que se acollen, sen perxuízo de que a mesma se poida modificar ó comezo de cada curso escolar.

4.— A determinación do currículo da área de Relixión Católica corresponderá á xerarquía eclesiástica.

Artigo 8º.— Sen perxuízo do carácter global e integrador das áreas nas que se organiza a Educación Primaria, establécese a seguinte distribución horaria:

A.— Primeiro ciclo:

– Lingua e Literatura Galega – 4

– Lingua Castelá e Literatura – 4

– Aspectos comúns das linguas – 0'5

- Educación Artística - 2'5
- Educación Física - 2'5
- Matemáticas - 5
- Coñecemento do medio natural, social e cultural - 5
- Relixión Católica/Actividade de estudo - 1'5

B.— Segundo e Terceiro ciclos:

- Lingua e Literatura Galega - 4
- Lingua Castelá e Literatura - 4
- Lingua Estranxeira - 3
- Educación Artística - 2
- Educación Física - 2
- Matemáticas - 4
- Coñecemento do medio natural, social e cultural - 4'5
- Relixión Católica/Actividades de estudo - 1'5

Artigo 9º.—

1.— Os equipos docentes concretarán o currículo de Educación Primaria a través da elaboración de proxectos curriculares de etapa que teñen por obxecto garanti-la axeitada progresión e coherencia nos procesos educativos ó longo da escolaridade.

2.— Os proxectos curriculares de etapa incluírán a adaptación dos obxectivos xerais de etapa ó contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado, ós criterios metodolóxicos de carácter xeral e ás decisións sobre o proceso de avaliación.

3.— Os proxectos curriculares de etapa incluírán, ó propio tempo, a distribución por ciclos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, distribución que non deberá variar para o mesmo grupo de alumnos ó longo da Educación Primaria.

4.— Os profesores de Educación Primaria elaborarán programacións que terán como referente o proxecto curricular de etapa e ciclo e nas que se deberán precisa-los elementos que integran o proceso educativo dos alumnos e alumnas, incluíndo as adaptacións curriculares dirixidas a alumnos con necesidades educativas especiais.

Artigo 10º.— Co fin de contribuir á normalización lingüística da comunidade educativa, o centro deberá considera-la súa situa-

ción sociolingüística específica e actuar de acordo coa normativa vixente.

Artigo 11º.— A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dictará as disposicións oportunas que orienten o traballo do profesorado e favorezan o desenvolvemento curricular. Nestas disposicións incluíranse os criterios para a adecuación do establecido no artigo 9º ás características dos centros incompletos situados nas distintas zonas rurais.

Artigo 12º.— Na Educación Primaria cada grupo de alumnos terá un profesor tutor. A súa actuación deberá coordinarse especialmente coa dos outros profesores que incidan sobre o mesmo grupo de alumnos, sen perxuízo da necesaria coordinación co equipo de profesores de ciclo e etapa.

Artigo 13º.—

1.— O profesorado de Educación Primaria avaliará o proceso de ensino, a súa práctica docente e o desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas de acordo cos obxectivos xerais da etapa. Igualmente avaliará o proxecto curricular, a programación docente e a súa aplicación efectiva acorde coas características do centro e dos alumnos.

2.— A avaliación será global, continua e formativa e terá en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación establecidos nas distintas áreas do currículo.

3.— A avaliación das ensinanzas de Relixión Católica realizarase de xeito semellante á que se establece para o conxunto das áreas, aínda que, dado o carácter voluntario das devanditas ensinanzas para os alumnos, non se terán en conta as calificacións correspondentes nas convocatorias que, dentro do sistema educativo e a efectos do mesmo, realicen as Administracións Públicas e nas que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos dos alumnos.

4.— No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non responda globalmente ós obxectivos programados, os profesores adoptarán as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular.

Artigo 14º.—

1.— Ó remate de cada ciclo e como consecuencia do proceso de avaliación, decidírase acerca da promoción dos alumnos ó ciclo seguinte. A decisión será adoptada polo profesor tutor tendo en conta os informes dos outros profesores do grupo de alumnos.

2.— Cando a decisión comporte que o alumno non promocióne ó ciclo ou etapa seguinte esixírase a audiencia previa dos seus pais ou tutores e deberá ir acompañada de medidas educativas complementarias orientadas a conseguir que os alumnos acaden os obxectivos programados.

3.— A decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo ciclo só poderá adoptarse unha vez ó longo da Educación Primaria.

Artigo 15º.—

1.— Na Educación Primaria poderán realizarse adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a alumnos con necesidades educativas especiais.

As devanditas adaptacións poderán referirse tanto á adecuación dos obxectivos educativos, como á eliminación ou inclusión de determinados contidos, modificación dos criterios de avaliación e ampliación de actividades educativas de determinadas áreas curriculares.

2.— As adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumno e da conseguinte proposta curricular específica, orientaranse a que os alumnos acaden as capacidades xerais propias da Educación Primaria de acordo coas súas posibilidades.

3.— A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará o procedemento de autorización das adaptacións referidas no presente artigo.

Artigo 16º.— A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dictará as normas oportunas de procedemento en materia de avaliación e promoción de alumnos.

Disposición final

Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a dictar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento do presente Decreto.

ANEXO

1

Introducción

A etapa de Educación Primaria, situada entre a Infantil e a Secundaria, é unha etapa decisiva dentro do ensino obrigatorio. Non só pola súa longa duración (abranque dos 6 ós 12 anos), senón sobre todo porque nela é cando se poñen as bases dunha gran parte das aprendizaxes posteriores.

Desde unha perspectiva psicolóxica, esta Etapa correspóndese, segundo a psicoloxía evolutiva, co estadio das operacións concretas. Cando inician a Educación Primaria, os nenos e as nenas están nunha fase de transición entre o estadio preoperatorio e o das operacións concretas.

Non estamos aínda ante unha lóxica deductiva, construída sobre hipóteses, senón ante procesos lóxicos baseados, principalmente, en obxectos manipulables. As nenas e os nenos acadarán neste período a noción de recursividade, sobre a que se fundamenta a mecánica da lecto–escritura e o concepto de número, e a de transitividade, que lles permitirá comparar e utilizar, en consecuencia, as unidades de medida.

A necesidade de partir de representacións reais e da propia experiencia do neno é o camiño para avanzar no proceso de construción de abstraccións. Nun primeiro estadio estas serán analóxicas, xustapostas, e as nenas e nenos serán incapaces de facer hipóteses e análises previas. Pero progresivamente, ó longo da etapa, comezarán a proceder por dedución ata chegar a anticipar acontecementos e a formular conclusións.

A finalidade da Educación Primaria é favorecer que as nenas e os nenos se integren na sociedade de forma crítica e creativa, adquieran as aprendizaxes básicas e potencien a autonomía persoal.

A escola favorecerá un desenvolvemento equilibrado do individuo, impulsará a autoconfianza e a autoestima, desterrando da aula calquera tipo de prácticas autoritarias ou descalificadoras, e estimulará a resolución dos conflitos por medio do debate e o consenso; proporcionará as condicións para que os nenos e as nenas adquieran as aprendizaxes básicas que lles permitan interpretar–las linguaxes fundamentais e desenvolver–los recursos expresivos co obxecto de mellora–la súa capacidade comunicativa; desenvolve–los conceptos, procedementos e actitudes cos que comprende–lo espacio físico, biolóxico, xeográfico e ecolóxico, de maneira que poidan intervir criticamente nel; desenvolver experiencias afectivas, sociais e cognitivas que capaciten ó alumnado para coñecer criticamente a riqueza cultural e histórica legada tanto pola tradición do ámbito cultural galego como polas grandes liñas de tradición cultural universal; e desenvolver experiencias que posibiliten o acceso, manipulación e utilización crítica das fontes de información características da sociedade contemporánea; tamén promoverá nos individuos experiencias, situacións e actividades específicas que favorezan o desenvolvemento de relacións, non só co grupo de iguais, senón tamén coa comunidade adulta, baseadas nos principios de cooperación, diálogo e tolerancia propios da convivencia democrática; finalmente, deberá abrirse á súa realidade máis próxima e, a partir desa apertura, á realidade social en xeral.

O enfoque que se debe dar ó traballo escolar na Educación Primaria ten que ser primordialmente globalizador ou integrado, é dicir, debe partir de realidades significativas para as alumnas e os alumnos.

A perspectiva globalizadora con que han de estructurarse os contidos non debe prescribir métodos concretos, senón dar pautas para organizar e articula-los contidos en secuencias de aprendizaxe, orientadas a un fin concreto con sentido e intencionalidade, e situadas en contextos que favorezan a súa funcionalidade. A aprendizaxe escolar debe ser significativa, en oposición a repetitiva e mecánica, establecendo relacións entre os coñecementos previos do alumnado e a nova información.

Tendo en conta as características dos nenos e as nenas nesta etapa, é necesario romper-la aparente oposición entre xogo e traballo que considera este último asociado ó esforzo para aprender, e ó xogo como divertimento e vagar; será doado motivalos a través de actividades presentadas nun contexto lúdico.

A avaliación constitúe un proceso continuo que forma parte do proceso de ensinanza aprendizaxe. A finalidade principal da avaliación é a adecuación do proceso de ensinanza ó progreso real de aprendizaxe

das alumnas e dos alumnos. A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores poida analizar criticamente a súa intervención educativa, os obxectivos, os contidos, a metodoloxía empregada, os medios materiais e organizativos do centro e poida aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas.

A avaliación servirá, así mesmo, para proporcionar información ós alumnos e ás alumnas sobre o momento de aprendizaxe en que se atopan co fin de que poidan decatarse das súas posibilidades, das dificultades que atopan na súa aprendizaxe e da necesidade de construír estratexias de aprendizaxe adecuadas e concretas para acadar-los obxectivos propostos.

Neste Anexo especificanse os criterios de avaliación para cada unha das áreas que compoñen a Etapa de Educación Primaria e serán os equipos docentes os que, dentro dos Proxectos Curriculares, concreten as formas, instrumentos e situacións máis adecuadas para realiza-la avaliación.

2

Área de Lingua e Literatura Galegas

2.1

Introducción

Os seres humanos empregan numerosos códigos para comunicarse. Entre eles, a linguaxe é o máis completo e constitúe a única canle vehicular de conceptos abstractos. O coñecemento da linguaxe, en tanto estrutura portadora de personalidade, segue a ser un reto para a ciencia actual, que non conseguiu aínda, quizais porque non é posible facelo, un modelo único de explicación que sexa válido universalmente. A linguaxe é, sobre todo, un medio de comunicación social; pero tamén é un instrumento privilegiado para ordena-la información e posibilita-lo pensamento discursivo.

A adquisición da lingua sempre está vencellada ó contexto social. Os nenos e nenas non só aprenden a relacionar significantes e significados, senón que adquiren coa lingua, desde a converxencia das funcións de comunicación e representación, os significados culturais da comunidade na que están insertos.

Esta adquisición da lingua dentro da comunidade social dáse sempre de acordo con tres requisitos básicos: prodúcese nun contexto fortemente comunicativo; hai por parte do neno ou nena unha necesidade de se expresar, o que leva a unha aprendizaxe tinguida dun forte compoñente motivacional; por último, esta aprendizaxe prodúcese mediante unha «inmersión» na lingua, sen un método predeterminado, aínda que si existe a tendencia a posibilitar e favorecer-lo desenvolvemento desa aprendizaxe.

O desenvolvemento da linguaxe é o resultado dun proceso de interacción dinámica entre a forma de entende-la realidade e a forma de expresarse e comunicarse, e esas dúas formas están determinadas polo ambiente ou, o que é o mesmo, polas circunstancias sociais do neno. Cando inician Primaria, os alumnos non asumiron plena-

mente a lingua, nin o fixeron na mesma medida, polo que os seus puntos de partida serán forzosamente diferentes. Cómpre ter moi en conta, en harmonía cos postulados constructivistas, estes coñecementos previos, porque esixen un axeitado tratamento da diversidade.

Desde unha perspectiva docente, o enfoque da lingua debe responder ás necesidades sociais dos alumnos e alumnas e ter en conta o estadio evolutivo (o das operacións concretas) en que se atopan. Cómpre, logo, centrarse na dimensión expresivo-comunicativa da lingua, ligada sempre a situacións concretas.

No contexto socio-lingüístico é fundamental que a educación procure cultivar unha actitude global de sensibilidade lingüística e fomentar un desenvolvemento cuantitativo e cualitativo do aprecio pola lingua. Esta actitude levará engadido o senso de pertenza á propia comunidade e de apertura a outras comunidades lingüísticas e culturais.

É nesta etapa onde, ademais da progresiva consolidación e perfeccionamento da lingua oral, se produce a aprendizaxe sistemática da lingua escrita. Lectura e escritura son, en efecto, dúas ferramentas expresivo-comunicativas que se van desenvolvendo e consolidando no transcurso da mesma. E parece lóxico considerar que, para a súa aprendizaxe, se dean os mesmos tres requisitos que se enunciaron para a adquisición da fala: a necesidade de que se produza nun contexto comunicativo, a grande importancia dos factores motivacionais e a necesaria adecuación progresiva que facilite esas aprendizaxes.

A aprendizaxe da lecto-escritura lévase a cabo fundamentalmente nesta etapa aínda que algún alumno xa saiba ler. Esta aprendizaxe debe iniciarse de forma vertebrada coas destrezas da comunicación oral. A iniciación no código escrito permitirá ós alum-

nos descubrir que a lectura non é só un dominio mecánico e de recoñecemento de grafías, senón que é, sobre todo, unha fonte inestimable de pracer e fantasía, de información e de saber.

O proceso lector precede, desde o punto de vista mental, á escritura. Pero, metodoloxicamente, a xeneralidade dos autores coinciden en sinalar que lectura e escritura, en tanto destrezas básicas, deben ser ensinadas e aprendidas conxuntamente. Antes de aparecer como unha tarefa escolar e antes de que os nenos sexan iniciados nos rituais da alfabetización, a escritura existe para eles. Non hai dúbida de que historicamente a escritura ten unha orixe extraescolar, está inserta en múltiples obxectos físicos no ambiente que rodea o neno, mesmo nos sectores máis desfavorecidos da sociedade. Polo tanto, á hora de elixir métodos de aprendizaxe, cómpre ter en conta que máis importante cá mera identificación das diferentes grafías é a comprensión do proceso global.

A iniciación das alumnas e alumnos na literatura empeza cando atopan pracer na lectura. Se este primeiro contacto co libro é gratificante, hai moito camiño andado para o seu interese pola literatura. Se son do seu agrado, os textos literarios ofrécenlles pracer estético, espertan o seu sentido crítico, enriquecen o seu léxico e proporcionanlle a posibilidade de amplialo campo de coñecementos e a visión do mundo. Ademais, a literatura é un estímulo permanente da creatividade subxectiva mediante a recreación das lecturas e a creación —libre ou suxerida— de textos propios.

Aínda que a teoría lingüística é imprescindible para organiza-lo currículo de lingua, non debe chegar de modo explícito ós alumnos de Educación Primaria. Cómpre, nesta etapa, traballa-los aspectos gramaticais non como reflexión puramente metalingüística sobre o sistema, senón como unha serie de actividades e situacións programadas de antemán para traducir á práctica determinadas regras que posibiliten unha aprendizaxe significativa, que quedará perfectamente integrada nos esquemas de coñecemento lingüístico do alumno. Como

a reflexión gramatical non constitúe un compartimento estanco da área de lingua, practícarase esta ó fío das actividades de produción, análise e interpretación de textos, fuxindo da práctica rutinaria de análises sobre frases prefabricadas ó efecto e procurando enmarcala en situacións expresivo-comunicativas (principalmente orais) que favorezan a mellora da competencia léxico-semántica e a organización coherente do discurso.

Resulta imprescindible que o profesorado asuma unha unidade terminolóxica e conceptual en tódolos niveis educativos para evitar, na medida do posible, sometalas alumnas e alumnos a continuos cambios de nomenclatura ó pasar dun profesor a outro ou dunha etapa a outra. O mesmo hai que dicir con respecto á adopción dunha única normativa ortográfica.

Dentro do enfoque comunicativo que unifica os distintos aspectos da área de lingua, é preciso non esquecer-los elementos non verbais que interactúan na comunicación e traballalos na aula considerando as súas linguaxes específicas, a interacción entre os distintos códigos e mesmo os diferentes tratamentos na presentación dos temas. Cabe salienta, así mesmo, a importancia que ten a produción escolar de modelos dos medios de comunicación como canle adecuada para que as actividades escolares transcendan as paredes da aula.

Nesta etapa a actuación do profesor e o seu compromiso co que ensina ten unha evidente relevancia. A aula debe propiciar como espacio o intercambio mutuo que permita desenvolver-las capacidades lingüísticas.

Do que se dixo ata aquí, resulta evidente que a área de lingua ten como gran finalidade o desenvolvemento das capacidades lingüísticas básicas, con miras á súa utilización en contextos expresivo-comunicativos. Primarase, sobre todo, a concepción da lingua como unha ferramenta para a expresión e a comunicación. No noso país, a existencia de dúas linguas en contacto, ámbalas dúas oficiais, obriga á adopción de estratexias específicas que fagan posible a

consecución dos obxectivos xerais propostos.

En Primaria preténdese que os nenos e nenas desenvolvan o máis posible as potencialidades da fala, coa maior riqueza formal. Isto conleva non só a capacidade de se saber expresar en diferentes contextos, senón tamén a capacidade de saber escoitar, comprende-lo discurso alleo e argumenta-las propias ideas.

Preténdese tamén que os nenos e nenas aprendan a ler e escribir con toda a profundidade que a idade permita, e sobre todo que fagan un uso cotián desas capacidades desenvolvidas. A lectura, nas súas vertentes de fonte de pracer individual e de medio para achegármonos ás necesarias informacións, resulta un elemento imprescindible. Por outra banda, a práctica da escrita, máis alá de obrigas externas, é algo que debe ser potenciado como medio de expresión das propias ideas e vivencias.

Os obxectivos a acadar nesta etapa complétanse cunha referencia á necesidade dun tratamento serio e sistemático dos medios de comunicación de masas, omnipresentes na nosa sociedade e con grande influencia nos modos de pensar e actuar da case a totalidade dos cidadáns, coa finalidade de formar persoas que os coñezan, utilicen e sexan receptores críticos das súas mensaxes.

2.2

Obxectivos xerais

Ó longo da Educación Primaria, e a través das aprendizaxes de Lingua e Literatura Galega, espérase que as nenas e os nenos desenvolvan as capacidades de:

- Valorar e estima-la lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en tódolas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa perante as intervencións dos outros interlocutores.
- Comprender oralmente e por escrito diferentes tipos de mensaxes, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas ós novos procesos de aprendizaxe.
- Expresarse oralmente e por escrito na nosa lingua, con coherencia, corrección e creatividade.
- Recoñecer e aprecia-la diversidade lingüística de España, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas presentes na nosa Comunidade, e valorando a súa existencia como aportación enriquecedora.
- Utilizar harmonicamente tódolos recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, atopando nela unha canle de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.
- Construír a través do emprego da lingua a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.
- Utiliza-la linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Coñecer e utiliza-lo léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade, rexeitando as expresións que comporten calquera tipo de discriminación ou resulten de calquera xeito atentatorias contra a dignidade e os dereitos da persoa.
- Coñecer e diferencia-las linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.

2.3

Bloques de contidos

2.3.1

Lingua e sociedade

Conceptos

- Situación lingüística de Galicia. Necesidade da normalización.
- Relacións e interferencias da lingua galega con outras linguas: castelán, portugués...
- A realidade plurilingüe e pluricultural do Estado como expresión de diversidade e riqueza.

Procedementos

- Emprego da lingua de acordo coas particulares necesidades comunicativas que se suscitan no contexto dos alumnos.
- Manipulación de mapas co obxecto de visualizar e familiarizarse con diferentes fenómenos lingüísticos.
- Observación e comprensión dos diversos comportamentos lingüísticos presentes na vida social, xulgando criticamente as súas motivacións.

Actitudes

- Valoración dos esforzos individuais, colectivos e institucionais en favor da normalización lingüística.
- Valoración da lingua como instrumento cognitivo e medio de comunicación privilexiado, así como elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Tolerancia coas opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.
- Actitude crítica perante os prexuízos referentes ás linguas e ás variedades sociais e xeográficas das mesmas.
- Aceptación razoada da importancia de normas unificadoras na lingua escrita.

2.3.2

Lingua oral

Conceptos

- A comunicación oral: formas que presenta (diálogo, coloquio, conversa, etc.), ca-

racterísticas (lugar e momento da comunicación, temas, etc.) e intencións comunicativas (exposición, dobre sentido, ironía, retransca, etc.).

- Estructura e características das mensaxes orais: partes, léxico utilizado, entoación, recursos expresivos, etc.
- Elementos lingüísticos e non lingüísticos da comunicación oral.
- Modalidades e rexistros lingüísticos na lingua oral.
- A tradición oral popular. A súa importancia en Galicia. Formas que presenta (lendas, contos, romances, paremias, refráns, oracións, adiviñas...).

Procedementos

- Comprensión de mensaxes orais, interpretando as intencións explícitas (observacións, narración de feitos, mandatos, peticións, etc.) e non explícitas (ironía, retransca, dobre sentido, etc).
- Emprego dos hábitos e normas convencionais en toda situación comunicativa: respecto polas quendas de intervención, petición de palabra, etc.
- Emprego das habilidades lingüísticas, conservando a harmonía cos argumentos defendidos con anterioridade e contestando con coherencia ás intervencións precedentes dos interlocutores.
- Emprego de mensaxes orais relacionando a propia experiencia coa realidade social e cultural.
- Producción de mensaxes que obedezan a diferentes necesidades comunicativas mediante a adecuada ordenación das ideas e a utilización de todo tipo de recursos expresivos.
- Producción de mensaxes orais a partir de modelos preexistentes na literatura oral popular: refráns, ditos enxebres, conxuros, lendas, contos, etc.
- Lectura expresiva de textos —en prosa e en verso—, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, pausas, ritmo, etc.
- Dramatización de textos literarios e non literarios, tendo en conta as posibilidades de improvisación dos alumnos.

- Emisión de xuízos sobre mensaxes orais nos que se detecte a comprensión ou non comprensión dos argumentos do interlocutor.
- Síntese das ideas fundamentais dun texto, comprendendo as relacións existentes entre as partes.
- Utilización das produccions orais alleas como fonte de información e como modelo posible de organización das propias mensaxes.
- Utilización adecuada de recursos non verbais (acenos, miradas, movementos corporais, etc.) como medio eficaz de potencia-la expresividade das mensaxes orais.

Actitudes

- Conciencia da importancia que o axeitado uso da lingua oral ten para o desenvolvemento persoal e a vida social.
- Valoración positiva das produccions orais, propias e alleas, caracterizadas pola súa corrección, eficacia comunicativa, beleza, orixinalidade e creatividade.
- Interese e gusto por participar en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas.
- Sensibilidade e actitude crítica perante as expresións da lingua oral que comporten calquera tipo de discriminación ou atenten contra a dignidade e os dereitos da persoa.
- Atención, respecto, receptividade e participación ordenada nas formas non singulares da comunicación oral.
- Respecto razoado polas diferentes variantes (fonéticas, léxicas, morfolóxicas, etc.) existentes na lingua oral.
- Valoración dos textos de tradición oral como manifestacións dunha cultura propia, na que se poden identifica-las claves da expresividade popular.
- Sensibilidade estética perante os elementos imaxinativos, emotivos e creativos da lingua oral patrimonial.

2.3.3

Lectura e escritura

Conceptos

- Necesidade da comunicación escrita como fonte privilexiada de diversión, formación e información, e como medio de expresión de valores sociais e culturais.
- Situacións diferentes de comunicación escrita: número de emisores e receptores, intención comunicativa, distancia espacio-temporal, etc.
- Relacións entre a lingua oral e a lingua escrita:
 - Correspondencia entre fonema-grafema, e as súas agrupacións.
 - Acento, entoación e pausas.
 - Tiles e signos de puntuación.
- Peculiaridades da comunicación escrita: convencionalismo, dirección da escritura, linealidade, separación de palabras, posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- As formas elocutivas na comunicación escrita (narración, descrición, exposición, argumentación, diálogo...).
- Diferentes tipos de textos escritos: textos literarios (poemas, contos, artigos de xornal...) e non literarios (cartas, folletos, rótulos, prospectos, publicidade...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan os textos escritos: debuxos, gráficos, fotografías, distribución do espacio, tipos de letra, etc.
- A biblioteca escolar e a biblioteca persoal. Organización, funcionamento e uso.

Procedementos

- Asociación da representación gráfica das palabras coas imaxes das realidades representadas.
- Relacións entre os códigos oral e escrito. Correspondencias entre os fonemas e grafemas. Agrupamento de fonemas, tipos de letra que os representan na escrita, etc.

- Identificación dos grafemas e uso recur-sivo dos mesmos en diferentes signifi-cantes.
 - Lectura en voz alta de textos de diverso tipo, atendendo á correspondencia co que está escrito: articulación precisa dos fonemas, entoación adecuada, acentuación correcta...
 - Práctica correcta doutros aspectos da lecto–escritura: función das ilustracións, distribución do papel, encadeamento gráfico das letras, tamaño, segmentación das palabras, etc.
 - Comprensión de textos escritos a partir das experiencias, coñecementos e senti-mentos relevantes, atendendo ós signos de puntuación e ós diferentes matices semánticos das palabras e das frases.
 - Análise de textos escritos de diverso tipo, diferenciando as ideas principais das secundarias, recoñecendo as distintas par-tes do texto e sinalando as característi-cas e procedementos máis salientables do mesmo.
 - Resumo de textos escritos, recollendo — con certo grao de elaboración persoal— o contido esencial dos mesmos, establecen-do a xerarquía das ideas e respectando no seu caso a secuencia narrativa.
 - Formulación de xuízos persoais sobre os textos lidos, aportando argumentos co-herentes.
 - Manexo adecuado dos instrumentos em-pregados habitualmente na escritura: la-pis, bolígrafo, xiz...
 - Destreza caligráfica e afianzamento pro-gresivo no uso dunha escritura persoal.
 - Destreza na escritura sobre diferentes soportes: papel de dobre pauta, de cua-drícula, liso..., encerado, cartolina, etc.
 - Producción de textos escritos —diversos polo seu tipo, forma elocutiva e finalida-de— atendendo ós seguintes aspectos: organización lóxica, claridade, orde e co-herencia, corrección gramatical, propie-dade léxica, adecuación do nivel de lin-gua á situación comunicativa e á propia natureza do texto, presentación externa clara e ordenada, e corrección ortográfi-ca.
 - Producción de textos escritos a partir de modelos preexistentes, empregando téc-nicas de imitación e explorando as posi-bilidades creativas da lingua escrita.
 - Utilización das bibliotecas (de aula, de centro, municipal, etc.) como fonte privi-lexiada de diversión e información.
- Actitudes
- Disposición favorable para a aprendiza-xe da lectura e a escritura.
 - Perseverancia e esforzo na aprendizaxe das destrezas básicas que fan posible ler e escribir.
 - Afección pola lectura de textos de calque-ra tipo.
 - Valoración da lingua escrita como canle apropiada para satisfacer as propias ne-cesidades de comunicación.
 - Curiosidade e interese polos códigos es-critos doutras linguas.
 - Interese pola lectura como fonte de pra-cer e como medio de formación, informa-ción e recepción do legado cultural.
 - Receptividade para capta–los diferentes elementos (estructurais, emotivos, ima-xinativos...) que aparecen nos textos lite-rarios.
 - Actitude crítica perante os textos que comporten calquera tipo de discrimina-ción.
 - Respecto polas normas que regulan o uso dos lugares públicos dedicados á lectura e ó traballo escrito: aula, biblioteca...
 - Interese por expresar por escrito as pro-pias ideas, experiencias e sentimentos, valorando a autocorrección e a creativi-dade.
 - Valoración da adecuada presentación dos escritos.
 - Conciencia da importancia da lingua es-crita no intercambio social e como medio para fixa–lo pensamento e para acceder á información.
 - Formación, a través da lectura, de crite-rios propios para a selección de textos con iniciativa e autonomía.
 - Valoración do patrimonio literario propio como expresión lingüística e cultural pri-

- vilexiada e como referencia para a creación doutros textos.
- Sensibilidade para capta-los diferentes elementos (estructurais, emotivos, imaxinativos, etc.) que aparecen nos textos literarios, valorando os elementos creativos e innovadores das mesmas.
- Valoración das bibliotecas como fonte de información e de coñecemento.
- Valoración da liberdade de expresión e respecto á mesma.

2.3.4

A lingua como obxecto de reflexión

Conceptos

- A lingua, instrumento de comunicación privilexiado.
- A lingua como produto socio—cultural sometido a cambios.
- Estructuras básicas da lingua: do texto, da oración e da palabra.
 - Tipos de textos e estruturas propias de cada un deles (narración, descripción, exposición).
 - A oración. Elementos necesarios para construír unha oración simple.
 - A palabra e clases de palabras.
- O significado das palabras. Polisemia, homonimia, sinonimia e antonimia. Familias léxicas e campos semánticos.
- Norma ortográfica.

Procedementos

- Transformación de textos, oracións e secuencias, observando as variacións que se derivan dos cambios realizados.
- Producción de textos, oracións e secuencias a partir de esquemas dados.
- Observación e identificación de regularidades sintácticas, morfolóxicas e ortográficas en diversas mensaxes.
- Emprego de distintos procedementos na formación das palabras. Composición e derivación. A palabra como xogo.
- Recoñecemento e elaboración de familias léxicas e relacións semánticas.

- Utilización adecuada do dicionario para a interpretación e produción de textos propios e alleos.

Actitudes

- Actitude reflexiva no uso da lingua.
- Respecto polas diferentes variantes na lingua falada.
- Conciencia da necesidade dunha normativa ortográfica estándar.
- Aceptación razoada das regras de funcionamento da lingua.
- Interese e autoesixencia na elección dun léxico apropiado ás necesidades comunicativas dos alumnos e alumnas.
- Interese pola busca de canles comunicativas e creativas no uso da lingua.
- Especial sensibilidade cara ós usos da lingua que supoñan calquera tipo de discriminación ou atenten contra a dignidade e os dereitos dos demais.

2.3.5

Lingua e medios de comunicación

Conceptos

- Diferentes tipos de mensaxes: informativas, de opinión, propagandísticas e publicitarias. O proceso de elaboración e transmisión das mesmas.
- A cultura da imaxe. Importancia dos elementos icónicos na sociedade actual.
- Os elementos da comunicación non verbal (sons, acenos, miradas, cores, etc). Linguaxes específicas para persoas con deficiencias.
- A lingua en interacción coa música e coa mímica: recitado, canto, dramatización.
- Os medios de comunicación escritos: periódicos e revistas. Linguaxes e estruturas empregadas.
- A radio. Semellanzas e diferencias con outros medios.
- Os medios de comunicación baseados na interacción entre códigos verbais, icónicos e outros: cine, televisión, cómic, etc. As diferentes linguaxes específicas.

Procedementos

- Utilización dos diferentes medios de comunicación como fonte de información, formación e entretemento.
- Análise das diferentes mensaxes existentes nos medios: informativas, de opinión, propagandísticas e publicitarias, prestando atención ás respectivas estratexias utilizadas.
- Recoñecemento da interacción entre elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación ordinaria e nos medios de comunicación social.
- Producción de mensaxes nas que se integren elementos lingüísticos con elementos doutros códigos non verbais.
- Realización de modelos escolares dos diferentes medios de comunicación (prensa, radio, historieta, televisión, etc.).

Actitudes

- Recoñecemento da importancia dos medios de comunicación social, tendo en conta a súa incidencia e os efectos que producen.
- Recepción activa e actitude crítica ante as mensaxes recibidas a través dos diferentes medios de comunicación social.
- Sensibilidade ante a manipulación da publicidade con fins consumistas e ante a utilización de contidos e formas que comporten discriminación ou degradación das persoas.
- Valoración das posibilidades comunicativas e artísticas dos códigos utilizados na comunicación non verbal (icónicos, acústicos e outros), así como respecto polas pautas que regulan o seu uso.
- Interese pola produción, individual e colectiva, de mensaxes expresadas a través de códigos non verbais e das técnicas e linguaxes dos diferentes medios de comunicación social.
- Conciencia da necesidade da existencia de medios de comunicación social en lingua galega de cara á normalización da lingua.

2.4

Criterios de avaliación

Concrétanse nos seguintes:

- *Comparar textos (orais e escritos, poemas, cancións, contos...) producidos nas diferentes variedades da lingua galega.*

Con este criterio inténtase avaliar as capacidades dos alumnos e alumnas para valorar e sentir como propias as diferentes variedades xeográficas da lingua. Tamén servirá para constatar a adquisición dun nivel estándar da lingua, apto para unha comunicación social de carácter global e cultural. Débese partir da experiencia máis inmediata do alumnado e fuxir das explicacións teoricistas.

- *Participar de forma constructiva (atención, respecto ás opinións alleas, argumentacións razoadas...) en situacións comunicativas propias da vida escolar (actividades en grupo, asembleas, debates, coloquios...), integrando as normas que posibilitan o intercambio nestas situacións.*

Inténtase constatar a adquisición de hábitos convencionais en situacións de comunicación oral: petición da palabra, respectar quenda, etc. Para isto cómpre que os alumnos e as alumnas coñezan as normas que rexen estas situacións e que comprendan que da súa aceptación e respecto se deriva unha comunicación máis rica e de mellor calidade.

- *Comprende-lo sentido de mensaxes orais de uso habitual e interpreta-la función de elementos non explícitos que modifican ou varían a intención comunicativa.*

Este criterio pretende informar sobre o desenvolvemento da capacidade de comprensión de textos orais da súa vida cotiá. Cómpre observar a comprensión global e o establecemento de relacións entre os seus elementos. Hai que ter en conta as diferentes situacións, espontáneas e non espontáneas, así como a capacidade dos alumnos e alumnas para transcender a literalidade do texto e para facer deducións.

- *Reproducir textos orais (poemas, cancións, adiviñas, outros textos en prosa...) empregando a pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados.*

Preténdese constata-la incidencia da pluralidade de actividades de aprendizaxe que traten de desenvolver-lo uso adecuado, activo e dinámico da lingua oral.

- *Producir textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas...) nos que se presenten de forma ordenada e coherente os feitos, as ideas ou as vivencias.*

Quérese constata-la capacidade dos alumnos e das alumnas de adecua-la fala ás distintas situacións xeradas polas necesidades de comunicación, tanto escolares coma sociais. Prestarase atención á coherencia na presentación dos distintos elementos (organización do texto, selección de contidos, vocabulario), así como a aspectos non verbais (xestos, movementos, postura corporal...).

- *Comprender un texto lido, utilizar estratexias de comprensión e métodos adecuados para resolve-las dúbidas que se presenten (avanzar e retroceder, consultar un diccionario, buscar información complementaria...).*

Quérese comproba-la capacidade interpretativa de diferentes tipos de textos escritos. A comprensión (formulación de preguntas sobre un texto, identificación das ideas principais e secundarias...) contemplará tamén o recoñecemento das relacións que se establecen entre os distintos elementos, as asociacións e as connotacións. A utilización de habilidades e estratexias reforza a autonomía dos alumnos na lectura do texto, polo que haberá que prestar atención á integración, por parte dos alumnos e alumnas, deste tipo de recursos para a mellora cualitativa da comprensión lectora.

- *Ler textos de diverso tipo con fluidez, empregando a pronunciación, a entoación e o ritmo adecuados.*

Este criterio presta atención á realización dunha lectura expresiva, sen vacilacións, repeticións, saltos de palabras, desequilibrios nas pausas, etc. É importante asegurar que a decodificación se realiza adecuadamente e de forma fluída.

- *Valorar positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e información. Manifestar preferencias na selección de lecturas e expresa-las propias opinións sobre elas.*

Preténdese avalia-la actitude receptiva cara á lectura. Cómpre asegurar nesta etapa que os alumnos e alumnas teñen interese pola lectura e que esta constitúe unha experiencia pracenteira na súa actividade cotiá. É importante comproba-lo costume que amosan os alumnos e alumnas en acudir a diferentes textos escritos para resolve-las súas necesidades de aprendizaxe (información, resolución de dúbidas, ampliación de coñecementos...).

- *Redactar textos escritos de diferente tipo (narracións, descricións, informes sinxelos...) empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dean cohesión ó texto.*

Trátase de verifica-la capacidade dos alumnos e alumnas para expresarse por escrito con coherencia, propiedade e corrección. Cómpre subliña-la necesidade de producir textos de tipoloxía variada de acordo coa estrutura correspondente. Comprobaranse os aspectos xerais de ortografía e sintaxe (nexos, puntuación, tempos verbais...).

- *Integrar nos textos escritos as normas ortográficas e empregar apoios, que no proceso de produción dun texto, permitan resolver dúbidas ortográficas.*

Inténtase avalia-la automatización das normas ortográficas de aparición frecuentes na lingua habitual do alumnado. Estes coñecementos ortográficos iranse incorporando gradualmente por vía da observación e da práctica sistemática da lectura e escritura.

- *Identifica–los elementos básicos que integran a oración simple, coñece–la concordancia na frase e utilizar estes coñecementos para mellora–las propias producións.*

Este criterio trata de comprobar que o alumnado adquiriu uns coñecementos gramaticais básicos da lingua que utilizan. Non se trata de valorar illadamente unhas conceptualizacións senón a súa funcionalidade. Os contidos que se deben adquirir nesta etapa inclúen os elementos que constitúen a oración simple, así como o coñecemento das distintas clases de palabras e nocións básicas de como están formadas.

- *Comprender unha mensaxe, oral ou escrita, na que se integren os distintos códi-*

gos, verbal e non verbal, e analiza–las súas características.

Inténtase avaliar se o alumno e alumna son capaces de identifica–la intención comunicativa e as súas linguaxes.

- *Identificar, en textos orais e escritos habituais, determinados temas e usos da lingua que supoñan unha discriminación social, racial, sexual ou doutro tipo.*

Este criterio presta atención á capacidade do alumnado para detectar certos usos da lingua que supoñan unha discriminación. Preténdese desenvolver unha actitude crítica perante mensaxes que alumnos e alumnas reciben na súa vida cotiá e unha busca de alternativas na propia expresión para corrixir estes usos.

3

Área de Lingua Castelá e Literatura

3.1

Introducción

Dende o punto de vista funcional, enténdese a linguaxe como unha capacidade humana complexa para a comunicación e representación, que se manifesta en todas e cada unha das linguas naturais. Estas dúas funcións básicas da lingua están interrelacionadas. Pódese dicir que a comunicación, o intercambio social, é a función primaria da linguaxe, e esta función desempeñase grazas ó carácter representativo da mesma, é dicir, á súa capacidade para representar e simboliza-la realidade.

A linguaxe, na súa función representativa, está ligada ó desenvolvemento cognitivo, pois posibilita a conceptualización, a relación entre conceptos, a representación do mundo, e contribúe deste xeito a desenvolve-lo pensamento. A función comunicativa da linguaxe maniféstase na actividade verbal, o seu vehículo é a lingua. Os compoñentes materiais da actividade verbal implican un locutor, interlocutores eventuais, un lugar e un momento físico que definen a situación material de produción lingüística.

A adquisición dunha lingua sempre está vencellada ó contexto social. Os nenos e nenas non só aprenden a relacionar significantes e significados, senón que adquiren coa lingua, desde a converxencia das funcións de comunicación e representación, os significados culturais da comunidade na que están insertos.

No contexto sociolingüístico é fundamental que a educación procure cultivar unha actitude global de sensibilidade lingüística e fomentar un desenvolvemento cuantitativo e cualitativo do aprecio pola lingua. Esta actitude levará engadido o senso de pertenza á propia comunidade e de apertura a outras comunidades lingüísticas e culturais.

Esta adquisición da lingua dentro da comunidade social dáse sempre de acordo con tres requisitos básicos: prodúcese nun contexto fortemente comunicativo; o neno ou nena ten necesidade de se expresar, o que leva a que a súa aprendizaxe estea tinguida dun forte compoñente motivacional; por último, esta aprendizaxe prodúcese mediante unha «inmersión» na lingua, sen un método predeterminado, aínda que si existe a tendencia a posibilitar e favorece-lo desenvolvemento desa aprendizaxe.

Cando inician Primaria, as alumnas e os alumnos non asumiron plenamente a lingua, nin o fixeron na mesma medida, polo que os seus puntos de partida serán forzosamente diferentes. Cómpre ter moi en conta, en harmonía cos postulados constructivistas, estes coñecementos previos, porque esixen un axeitado tratamento da diversidade.

Desde unha perspectiva docente, o enfoque dos estudos lingüísticos debe responder ás necesidades sociais dos alumnos e alumnas e ter en conta o estadio evolutivo, o das *operacións concretas*, en que se atopan. Cómpre, logo, centrarse na dimensión expresivo-comunicativa da lingua, ligada sempre a situacións concretas.

É nesta etapa onde, ademais da progresiva consolidación e perfeccionamento da lingua oral, se produce a aprendizaxe sistemática da lingua escrita. Lectura e escritura son, en efecto, dúas ferramentas expresivo-comunicativas que se van desenvolvendo e consolidando no transcurso da mesma. E parece lóxico considerar que, para a súa aprendizaxe, se dean os mesmos tres requisitos que se enunciaron para a adquisición da fala: a necesidade de que se produza nun contexto comunicativo, a grande importancia dos factores motivacionais e a necesaria adecuación progresiva que facilite esas aprendizaxes.

Esta aprendizaxe debe iniciarse de forma vertebrada coas destrezas da comunicación oral. A iniciación no código escrito permitirá ós alumnos e alumnas descubrir que a lectura non é só un dominio mecánico e de recoñecemento de grafías, senón que é, sobre todo, unha fonte inestimable de pracer e fantasía, de información e de saber.

O proceso lector precede, desde o punto de vista mental, á escritura. Pero, metodoloxicamente, a xeneralidade dos autores coinciden en sinalar que lectura e escritura, en tanto destrezas básicas, deben ser ensinadas e aprendidas conxuntamente. Antes de aparecer como unha tarefa escolar e antes de que nenos e nenas sexan iniciados nos rituais da alfabetización, a escritura xa existe para eles e elas. A escritura ten manifestacións extraescolares, aparece inserta en múltiples obxectos físicos no ambiente que rodea o neno, mesmo nos sectores máis desfavorecidos da sociedade. Polo tanto, á hora de elixir métodos de aprendizaxe, cómpre ter en conta que máis importante cá mera identificación das diferentes grafías é a comprensión do proceso xeral.

A iniciación das alumnas e alumnos na literatura empeza cando atopan pracer na lectura. Se este primeiro contacto co libro é gratificante, hai moito camiño andado para o seu interese pola literatura. Se son do seu agrado, os textos literarios ofrécenlles pracer estético, espertan o seu sentido crítico, enriquecen o seu léxico e proporcionánlles a posibilidade de ampliar o campo de coñecementos e a visión do mundo. Ademais, a literatura é un estímulo permanente da creatividade subxectiva mediante a recreación das lecturas e a creación —libre ou suxerida— de textos propios.

Aínda que a teoría lingüística é imprescindible para organiza-lo currículo de lingua, non debe chegar de modo explícito ós alumnos e alumnas de Educación Primaria. Cómpre, nesta etapa, traballar os aspectos gramaticais non como reflexión puramente metalingüística sobre o sistema, senón como unha serie de actividades e situacións programadas de antemán para traducir á práctica determinadas regras que os alumnos e as alumnas non coñocen de maneira

explícita, pero que o mestre debe preparar e sistematizar previamente con rigor para producir unha aprendizaxe significativa, que quedará perfectamente integrada nos esquemas de coñecemento lingüístico do alumno.

Como a reflexión gramatical non constitúe un compartimento estanco da área de lingua, practícarase esta ó fin das actividades de produción, análise e interpretación de textos, fuxindo da práctica rutinaria de análises sobre frases prefabricadas ó efecto e procurando enmarcala en situacións expresivo-comunicativas (principalmente orais) que favorezan a mellora da competencia léxico-semántica e a organización coherente do discurso.

Resulta imprescindible que o profesorado asuma unha unidade terminolóxica e conceptual en tódolos niveis educativos para evitar, na medida do posible, sometalas alumnas e alumnos a continuos cambios de nomenclatura ó pasar dun profesor a outro ou dunha etapa a outra.

Dentro do enfoque comunicativo que unifica os distintos aspectos da área de lingua, é preciso non esquecer os elementos non verbais que interactúan na comunicación e traballalos na aula considerando as súas linguaxes específicas, a interacción entre os distintos códigos e mesmo os diferentes tratamentos na presentación dos temas. Cabe salienta, así mesmo, a importancia que ten a produción escolar de modelos dos medios de comunicación como canle adecuada para que as actividades escolares transcendan. Nesta etapa a actuación do profesor e o seu compromiso co que ensina ten unha evidente relevancia. A aula debe propiciar como espazo o intercambio mutuo que permita desenvolver as capacidades lingüísticas.

Do que se dixo ata aquí, resulta evidente que a área de lingua ten como gran finalidade o desenvolvemento das capacidades lingüísticas básicas, con miras á súa utilización en contextos expresivo-comunicativos. Primarase, sobre todo, a concepción da lingua como unha ferramenta para a expresión e a comunicación. Na nosa Comunidade, a existencia de dúas linguas en

contacto, ámbalas dúas oficiais, obriga á adopción de estratexias específicas que fagan posible a consecución dos obxectivos xerais propostos.

Na Educación Primaria preténdese que os nenos e nenas desenvolvan o máis posible as potencialidades da fala coa maior riqueza formal. Isto conleva non só a capacidade de se saber expresar en diferentes contextos, senón tamén a capacidade de saber escoitar, comprende-lo discurso alleo e argumenta-las propias ideas.

Preténdese tamén que os nenos e nenas aprendan a ler e a escribir con toda a profundidade que a idade permita, e sobre todo que fagan un uso cotián desas capacidades desenvolvidas. A lectura, nas súas vertentes de fonte de pracer individual e de medio para achegármonos ás necesarias informacións, resulta un elemento imprescindible. Por outra banda, a práctica da escrita, máis alá de obrigas externas, é algo que debe ser potenciado como medio de expresión das propias ideas e vivencias.

Os obxectivos a acadar nesta etapa complétanse cunha referencia á necesidade dun tratamento serio e sistemático dos medios de comunicación de masas, omnipresentes na nosa sociedade e con grande influencia nos modos de pensar e actuar de case a totalidade dos cidadáns, coa finalidade de formar persoas que os coñezan, utilicen e sexan receptores críticos das súas mensaxes.

3.2

Obxectivos xerais

Ó longo da Educación Primaria, e a través das aprendizaxes de Lingua Castelá e Literatura, espérase que as nenas e os nenos desenvolvan as capacidades de:

- Valorar e estima-la Lingua Castelá, facendo uso dela en tódalas situacións comunicativas que o requiran e adoptando unha actitude respectuosa perante as intervencións dos outros interlocutores.
- Recoñecer e aprecia-la diversidade lingüística de España, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e va-

riedades lingüísticas presentes na nosa Comunidade, e valorando a súa existencia como aportación enriquecedora.

- Comprender diferentes tipos de mensaxes orais e escritos, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoos coas súas experiencias e aplicándoos ós novos procesos de aprendizaxe.
- Expresarse oralmente e por escrito, con coherencia, corrección e creatividade.
- Utilizar harmonicamente tódolos recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, e como vía de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.
- Construír a través do emprego da lingua a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.
- Utiliza-la linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Coñecer e utiliza-lo léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade, rexeitando as expresións que comporten calquera tipo de discriminación ou resulten de calquera xeito atentatorias contra a dignidade e os dereitos da persoa.
- Coñecer e diferencia-las linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.

3.3

Bloques de Contidos

3.3.1

Lingua e sociedade

Conceptos

- Situación lingüística de Galicia.

- Relacións e interferencias da lingua castelá con outras linguas: galego, francés, inglés...
- A realidade plurilingüe e pluricultural do Estado como expresión de diversidade e riqueza.

Procedementos

- Emprego da lingua de acordo coas particulares necesidades comunicativas que se suscitan no contexto dos alumnos e alumnas.
- Manipulación de mapas co obxecto de visualizar e familiarizarse con diferentes fenómenos lingüísticos.
- Observación e comprensión dos diversos comportamentos lingüísticos presentes na vida social, xulgando criticamente as súas motivacións.

Actitudes

- Valoración dos esforzos individuais, colectivos e institucionais en favor da normalización lingüística.
- Valoración da lingua como instrumento cognitivo e medio de comunicación privilexiado, así como elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Tolerancia coas opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.
- Actitude crítica perante os prexuízos referentes ás linguas e ás variedades sociais e xeográficas das mesmas.
- Aceptación razoada da importancia de normas unificadoras na lingua escrita.

3.3.2

Lingua oral

Conceptos

- A comunicación oral: formas que presenta (diálogo, coloquio, conversa, etc.), características (lugar e momento da comunicación, temas, etc.) e intencións comunicativas (exposición, dobre sentido, ironía, retransca, etc.).
- Estructura e características das mensaxes orais: partes, léxico utilizado, entoación, recursos expresivos, etc.

- Elementos lingüísticos e non lingüísticos da comunicación oral.
- Modalidades e rexistros lingüísticos na lingua oral.
- Importancia da tradición oral popular. Formas que presenta (lendas, contos, romances, paremias, refráns, oracións, adiviñas...).
- A lingua oral nos medios de comunicación. Características diferenciais.

Procedementos

- Comprensión de mensaxes orais, interpretando as intencións explícitas (observacións, narración de feitos, mandatos, peticións, etc.) e non explícitas (ironía, retransca, dobre sentido, etc.).
- Emprego dos hábitos e normas convencionais en toda situación comunicativa: respecto polos turnos de intervención, petición de palabra, etc.
- Emprego das habilidades lingüísticas, conservando a harmonía cos argumentos defendidos con anterioridade e contestando con coherencia ás intervencións precedentes dos interlocutores.
- Emprego de mensaxes orais relacionando a propia experiencia coa realidade social e cultural.
- Producción de mensaxes que obedezan a diferentes necesidades comunicativas, mediante a adecuada ordenación das ideas e a utilización de todo tipo de recursos expresivos.
- Producción de mensaxes orais a partir de modelos preexistentes na literatura oral popular: refráns, ditos enxebres, adiviñas, lendas, contos, etc.
- Lectura expresiva de textos —en prosa e en verso—, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, pausas, ritmo, etc.
- Dramatización de textos literarios e non literarios, tendo en conta as posibilidades de improvisación dos alumnos.
- Emisión de xuízos sobre mensaxes orais nos que se detecte a comprensión ou non comprensión dos argumentos do interlocutor.

- Síntese das ideas fundamentais dun texto, comprendendo as relacións existentes entre as partes.
- Utilización das producións orais alleas como fonte de información e como modelo posible de organización das propias mensaxes.
- Utilización adecuada de recursos non verbais (acenos, miradas, movementos corporais, etc.) como medio eficaz de potencia-la expresividade das mensaxes orais.

Actitudes

- Conciencia da importancia que o axeitado uso da lingua oral ten para o desenvolvemento persoal e a vida social.
- Valoración positiva das producións orais, propias e alleas, caracterizadas pola súa corrección, eficacia comunicativa, beleza, orixinalidade e creatividade.
- Interese e gusto por participar en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas.
- Sensibilidade perante as expresións da lingua oral que comporten calquera tipo de discriminación ou atenten contra a dignidade e os dereitos da persoa.
- Atención, respecto, receptividade e participación ordenada nas formas non singulares da comunicación oral.
- Respecto razoado polas diferentes variantes (fonéticas, léxicas, morfolóxicas, etc.) existentes na lingua oral.
- Valoración dos textos de tradición oral como manifestacións dunha cultura propia, na que se poden identifica-las claves da expresividade popular.
- Sensibilidade estética perante os elementos imaxinativos, emotivos e creativos da lingua oral patrimonial.

3.3.3

Lectura e escritura

Conceptos

- Necesidade da comunicación escrita como fonte privilexiada de diversión, formación e información, e como medio de expresión de valores sociais e culturais.

- Situacións diferentes de comunicación escrita: número de interlocutores, intención comunicativa, distancia espacio-temporal, etc.
- Relacións entre a lingua oral e a lingua escrita.
 - Correspondencia entre fonema-grafema, e as súas agrupacións.
 - Acento, entoación e pausas. Tiles e signos de puntuación.
- Peculiaridades da comunicación escrita: convencionalismo, dirección da escritura, linealidade, separación de palabras, posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- As formas elocutivas na comunicación escrita: narración, descrición, exposición, argumentación, diálogo...
- Diferentes tipos de textos escritos: textos literarios (poemas, contos, artigos de xornal...) e non literarios (cartas, folletos, rótulos, prospectos, publicidade...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan os textos escritos: distribución do espacio, tipos de letra, debuxos, gráficos, fotografías, etc.
- A biblioteca escolar e a biblioteca persoal. Organización, funcionamento e uso.

Procedementos

- Asociación da representación gráfica das palabras coas imaxes das realidades representadas.
- Relacións entre os códigos oral e escrito. Correspondencias entre os fonemas e grafemas. Agrupamento de fonemas, tipos de letra que os representan na escrita, etc.
- Identificación dos grafemas e uso recursivo dos mesmos en diferentes significantes.
- Lectura en voz alta de textos de diverso tipo, atendendo á correspondencia co que está escrito: articulación precisa dos fonemas, entoación adecuada, acentuación correcta...
- Práctica correcta doutros aspectos da lecto-escritura: función das ilustracións,

- distribución do papel, encadeamento gráfico das letras, tamaño, segmentación das palabras, etc.
- Comprensión de textos escritos a partir das experiencias, coñecementos e sentimentos relevantes, atendendo ós signos de puntuación e ós diferentes matices semánticos das palabras e das frases.
 - Análise de textos escritos de diverso tipo, diferenciando as ideas principais das secundarias, recoñecendo as distintas partes do texto e sinalando as características e procedementos máis salientables do mesmo.
 - Resumo de textos escritos, recollendo — con certo grao de elaboración persoal— o contido esencial dos mesmos, establecendo a xerarquía das ideas e respectando no seu caso a secuencia narrativa.
 - Formulación de xuízos persoais sobre os textos lidos, aportando argumentos coherentes.
 - Manexo adecuado dos instrumentos empregados habitualmente na escritura: lapis, bolígrafo, xiz...
 - Destreza caligráfica e afianzamento progresivo no uso dunha escritura persoal.
 - Destreza na escritura sobre diferentes soportes: papel de dobre pauta, de cuadrícula, liso..., encerado, cartolina, etc.
 - Producción de textos escritos —diversos polo seu tipo, forma elocutiva e finalidade— atendendo ós seguintes aspectos: organización lóxica, claridade, orde e coherencia; corrección gramatical; propiedade léxica; adecuación do nivel de lingua á situación comunicativa e á propia natureza do texto; presentación externa clara e ordenada, e corrección ortográfica.
 - Producción de textos escritos a partir de modelos preexistentes, empregando técnicas de imitación e explorando as posibilidades creativas da lingua escrita.
 - Utilización das bibliotecas (de aula, de centro, municipal, etc.) como fonte privilexiada de diversión e información.
- Actitudes
- Disposición favorable para a aprendizaxe da lectura e a escritura.
 - Perseverancia e esforzo na aprendizaxe das destrezas básicas que fan posible ler e escribir.
 - Afección pola lectura de textos de calquera tipo.
 - Valoración da lingua escrita como canle apropiada para satisfacer as propias necesidades de comunicación.
 - Interese por expresar por escrito as propias ideas, experiencias e sentimentos, valorando a autocorrección e a creatividade.
 - Valoración da adecuada presentación dos escritos.
 - Conciencia da importancia da lingua escrita no intercambio social e como medio para fixar-lo pensamento e para acceder á información.
 - Interese pola lectura como fonte de pracer e como medio de formación, información e recepción do legado cultural.
 - Curiosidade e interese polos códigos escritos doutras linguas.
 - Formación, a través da lectura, de criterios propios para a selección de textos con iniciativa e autonomía.
 - Valoración do patrimonio literario propio como expresión lingüística e cultural privilexiada e como referencia para a creación doutros textos.
 - Sensibilidade para captar los diferentes elementos (estructurais, emotivos, imaxinativos, etc.) que aparecen nos textos literarios, valorando os elementos creativos e innovadores das mesmas.
 - Actitude crítica perante os textos que comporten calquera tipo de discriminación.
 - Valoración das bibliotecas como fonte de información e de coñecemento.
 - Respecto polas normas que regulan o uso dos lugares públicos dedicados á lectura e ó traballo escrito: aula, biblioteca...
 - Valoración da liberdade de expresión e respecto á mesma.

3.3.4

A lingua como obxecto de reflexión

Conceptos

- A lingua, instrumento de comunicación privilexiado.
- A lingua como produto socio—cultural sometido a cambios.
- Estructura básica da lingua: do texto, da oración e da palabra.
 - Tipos de textos e estruturas propias de cada un deles (narración, descripción, exposición).
 - A oración. Elementos necesarios para construír unha oración simple.
 - A palabra. Clases de palabras.
- O significado das palabras. Polisemia, homonimia, sinonimia e antonimia. Familias léxicas e campos semánticos.
- Normas ortográficas.

Procedementos.

- Transformación de textos, oracións e secuencias, observando as variacións que se derivan dos cambios realizados.
- Producción de textos, oracións e secuencias a partir de esquemas dados.
- Observación e identificación de regularidades sintácticas, morfolóxicas e ortográficas en diversas mensaxes.
- Emprego de distintos procedementos na formación das palabras. Composición e derivación. A palabra como xogo.
- Recoñecemento e elaboración de familias léxicas e relacións semánticas.
- Utilización adecuada do dicionario para a interpretación e produción de textos propios e alleos.

Actitudes

- Actitude reflexiva no uso da lingua.
- Respecto polas diferentes variantes na lingua oral.
- Conciencia da necesidade dunha normativa ortográfica estándar.
- Aceptación e respecto polas normas básicas da lingua.

- Interese e autoesixencia na elección dun léxico apropiado ás necesidades comunicativas dos alumnos e alumnas.
- Interese pola busca de canles comunicativas e creativas no uso da lingua.
- Especial sensibilidade cara ós usos da lingua que supoñan unha discriminación social, sexual, racista ou atenten contra a dignidade e os dereitos dos demais.

3.3.5

Lingua e medios de comunicación

Conceptos

- Diferentes tipos de mensaxes: informativos, de opinión, propagandísticas e publicitarias. O proceso de elaboración e transmisión dos mesmos.
- A cultura da imaxe. Importancia dos elementos icónicos na sociedade actual.
- Os elementos da comunicación non verbal: sons, acenos, miradas, cores, etc. Linguaxes específicas para persoas con deficiencias.
- A lingua en interacción coa música e coa mímica: recitado, canto e dramatización.
- Os medios de comunicación escritos: periódicos e revistas. Linguaxes e estruturas empregadas.
- A radio. Semellanzas e diferencias con outros medios.
- Os medios de comunicación baseados na interacción entre códigos verbais, icónicos e outros: cine, televisión, cómic, etc. As diferentes linguaxes específicas.

Procedementos

- Utilización dos diferentes medios de comunicación como fonte de información, formación e entretemento.
- Análise das diferentes mensaxes existentes nos medios: informativas, de opinión, propagandísticas e publicitarias, prestando atención ás respectivas estratexias persuasivas utilizadas.
- Recoñecemento da interacción entre elementos lingüísticos e non lingüísticos na comunicación ordinaria e nos medios de comunicación social.

- Producción de mensaxes nas que se integren elementos lingüísticos con elementos doutros códigos non verbais.
- Realización de modelos escolares dos diferentes medios de comunicación (prensa, radio, historieta, televisión, etc.).

Actitudes

- Recoñecemento da importancia dos medios de comunicación social, tendo en conta a súa incidencia e os efectos que producen.
- Recepción activa e actitude crítica ante as mensaxes recibidas a través dos diferentes medios de comunicación social.
- Sensibilidade ante a manipulación da publicidade con fins consumistas e ante a utilización de contidos e formas que comporten discriminación ou degradación das persoas.
- Valoración das posibilidades comunicativas e artísticas dos códigos utilizados na comunicación non verbal (icónicos, acústicos e outros), así como respecto polas pautas que regulan o seu uso.
- Interese pola produción, individual e colectiva, de mensaxes expresadas a través de códigos non verbais e das técnicas e linguaxes dos diferentes medios de comunicación social.

3.4

Criterios de avaliación

A avaliación concíbese como un proceso continuado que se integra nun proceso máis amplo, o da ensinanza–aprendizaxe; desto dedúcese que comprende tódolos elementos de dito proceso. A avaliación concrétase nos seguintes criterios:

- *Identificar, en textos orais e escritos de uso habitual (textos dos medios de comunicación, carteis, cancións ...), as diversas manifestacións da lingua castelá así como as distintas linguas de España.*

Este criterio intenta avalia–la capacidade das alumnas e dos alumnos para valorar e sentir como propias as diversas variedades xeográficas da lingua. Tamén ha servir para constata–la necesi-

dade dun nivel estándar da lingua, apto para unha comunicación social de carácter global e cultural. Débese partir da súa experiencia máis inmediata e fuxir das explicacións teoricistas.

- *Participar de forma constructiva (escoitar, pedi–la palabra, respecta–las opinións alleas, chegar a acordos, aportar opinións razoadas...) en situacións comunicativas propias da vida escolar (traballos en grupo, exposicións, debates, coloquios...), respectando as normas que posibilitan o intercambio nestas situacións.*

A través deste criterio constatarase que as alumnas e alumnos actúan de forma planificada e cooperadora nas situacións de intercambio comunicativo. Para isto cómpre que coñezan as normas que rexen estas situacións e que comprendan que da súa aceptación e respecto se deriva unha comunicación máis rica e de mellor calidade.

- *Comprende–lo sentido de textos orais da súa vida cotiá (contos, outros relatos, gravacións de radio e televisión, cancións...) e interpreta–la función de elementos non explícitos, lingüísticos e non lingüísticos, que modifican ou matizan a función comunicativa.*

Este criterio pretende informar sobre o desenvolvemento da capacidade de comprensión de textos orais da vida cotiá das alumnas e alumnos (instrucións, narracións, mensaxes de radio e televisión, ordes, cancións, poemas...). Cómpre observa–la comprensión global, o establecemento de relacións, a captación de secuencias, a integración dos elementos extralingüísticos.... Todo isto tendo en conta, desde o punto de vista avaliador, as situacións espontáneas e non espontáneas, así como a capacidade dos alumnos e alumnas para transcende–la literalidade do texto e as capacidades deductivas e de inferencia.

- *Memorizar, reproducir e representar textos orais (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas, outros textos de carácter literario...) empregando a pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados ó contido do texto.*

Neste criterio prestarase atención á memorización de textos orais e á posterior recitación e dramatización dos mesmos: preténdese unha memorización activa e non a mera repetición de frases sen senso, así como unha pronunciación, entoación e ritmo adecuados.

- *Producir textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas...) nos que se presenten de forma ordenada e coherente os feitos, as ideas ou as vivencias.*

Este criterio pretende constatar, nas alumnas e alumnos, a capacidade de adecua-la fala ás distintas situacións xeradas polas necesidades de comunicación, tanto escolares coma sociais. Prestarase atención á coherencia na presentación dos distintos elementos (organización do texto, selección de contidos relevantes ó tema...) e á utilización dun vocabulario adecuado.

- *Ler textos utilizando estratexias de comprensión (ser consciente do propósito da lectura, utilizar indicadores textuais e contextuais para formular e probar conxecturas) e estratexias adecuadas para resolve-las dúbidas que se presenten (avanzar e retroceder, consultar un dicionario, buscar información complementaria...).*

Este criterio de avaliación trata de comprobar que alumnas e alumnos se desenvolven con certo grao de autonomía na lectura dun texto. Pretarase atención á utilización das estratexias que forman parte deste proceso e que haberán de incorporarse á actividade da lectura.

- *Ler textos de diverso tipo en voz alta con fluidez, (sen vacilacións, repeticións, saltos de palabras, desequilibrios nas pausas, entoación desligada da puntuación...) empregando a pronunciación, a entoación e o ritmo adecuados ó seu contido.*

A través deste criterio incídese sobre a lectura en voz alta e sobre a ausencia de vacilacións, repeticións, saltos de palabras, desequilibrios nas pausas ou entoación desligada da puntuación. É im-

portante asegurar que as alumnas e os alumnos realizan a descodificación adecuadamente e de forma fluída, e que a utilización das estratexias está ó servicio, en todo momento, da interpretación do texto.

- *Comprende-lo senso global de textos escritos de uso habitual (informativos, literarios...), resumi-las principais ideas e as relacións que se establecen entre elas, e analizar algúns aspectos sinxelos, propios dos diferentes tipos de texto.*

Este criterio de avaliación trata de comprobar que as alumnas e alumnos son quen de interpreta-los textos escritos que manexan habitualmente (informativos, literarios...). Atenderase á súa capacidade para capta-lo senso do texto e para comprende-las relacións que se establecen entre os seus diferentes elementos. Así mesmo, preténdese que sexan quen de discernir ideas principais e secundarias e de elaborar un resumo que conteña os elementos máis relevantes. Por último, han de recoñecer e analizar aspectos sinxelos propios dos diferentes tipos de texto (estructura, vocabulario...).

- *Valorar positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e información. Mostrar preferencias na selección de lecturas e expresa-las propias opinións e gustos persoais sobre os textos lidos.*

Mediante este criterio de avaliación, preténdese comproba-la presenza dunha actitude positiva cara á lectura. Cómpre asegurar nesta etapa que os alumnos e alumnas desenvolveron interese pola lectura e que esta constitúe unha experiencia pracenteira na súa actividade cotiá.

- *Localizar e utilizar diferentes recursos e fontes de información de uso habitual na actividade escolar (biblioteca; folletos, libros de consulta, medios de comunicación) para satisfacer necesidades concretas de información e aprendizaxe.*

Este criterio de avaliación trata de comprobar que as alumnas e alumnos son quen de emprega-la lectura como

instrumento de información e de aprendizaxe, que son quen de acudir a diferentes textos escritos para resolver as súas dúbidas ou necesidades derivadas de calquera actividade de aprendizaxe. É importante que saiban facer uso das fontes e dos recursos máis próximos e que sexan quen de localizar aquilo que precisan en función das súas necesidades concretas.

- *Elaborar textos escritos de diferente tipo (narracións, descricións, informes sinxelos...) empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dean cohesión ó texto (usar nexos, mante-lo tempo verbal, puntuar axeitadamente).*

A través deste criterio inténtase verificar a capacidade dos alumnos e alumnas para expresarse por escrito de forma coherente; que sexan quen de producir textos de tipoloxía variada de acordo coa estrutura correspondente e cos procedementos fundamentais que dan cohesión ós seus distintos elementos. Abarcaranse textos de diverso tipo. Resulta moi importante empregar textos de uso habitual noutras ramas da aprendizaxe.

- *Producir textos escritos de acordo cun guión ou plan previamente establecido, valora-la adecuación do produto ó plan inicial perante unha discusión en grupo ou co profesor, e introduci-las modificacións oportunas.*

Mediante este criterio preténdese verificar que a produción de textos escritos se realiza de acordo cos pasos propios deste proceso (planificación, revisión, incorporación de novas aportacións). É preciso que as alumnas e alumnos valoren a utilidade destes pasos para lograr un texto máis completo e axeitado á intención desexada.

- *Incorpora-las normas ortográficas ás propias producións e empregar apoios, que no proceso de produción dun texto, permitan resolver dúbidas ortográficas (dicionarios, fichas de consulta, libretas de palabras...)*

Este criterio pretende avaliar a utilización da ortografía na produción de textos. Ó finalizar a Etapa, hase de conseguir a automatización das normas ortográficas de aparición máis frecuente na lingua habitual das alumnas e alumnos. Así mesmo, cómpre que se habitúen a dudar da súa ortografía e que, nestes casos, saiban resolver as súas dúbidas mediante a utilización dos apoios pertinentes.

- *Utilizar producións escritas propias e alleas (notas, listas, guións sinxelos, resumos...) para organizar e levar a cabo tarefas concretas individuais e colectivas.*

Este criterio presta atención á utilización da lingua na regulación e organización da propia actividade. Hase de comprobar que as alumnas e os alumnos son quen de empregar as súas producións escritas para a organización das súas tarefas cotiás en calquera área de aprendizaxe (tomar notas para recordar información, facer un plan para realizar ordenadamente unha experiencia, elaborar un guión sinxelo para organizar informacións recollidas previamente...)

- *Identificar, en textos orais e escritos habituais, determinados temas e usos da lingua que supoñan unha discriminación social, racial, sexual ou doutro tipo e tender á autocorrección.*

Este criterio de avaliación presta atención á capacidade dos alumnos e alumnas para detectar certos usos da lingua que supoñan unha discriminación. Preténdese desenvolver unha actitude crítica perante mensaxes que reciben na súa vida cotiá e unha busca de alternativas na propia expresión para corrixir estes usos. Atenderase a expresións, chistes, exemplos, ilustracións, etc. que forman parte da comunicación do alumnado.

- *Utiliza-las formas lingüísticas máis axeitadas ás características da situación de comunicación (intención comunicativa e contexto) nas producións propias.*

A través deste criterio de avaliación preténdese constata-la capacidade das alumnas e alumnos para poñer en relación as formas lingüísticas e as situacións comunicativas nas que se producen. A elección das formas adecuadas supón unha reflexión sobre o propio uso da lingua en relación coas características das situacións de comunicación (diferentes intencións e distintos elementos do contexto). Atenderase a situacións que forman parte de actividades habituais (saúdo a diferentes persoas, cartas a distintos interlocutores, expresión de sentimentos fronte a algunha comunicación obxectiva...)

- *Identificar nos textos de uso habitual os elementos básicos que constitúen a oración simple (suxeito e predicado), coñecer as clases de palabras e a súa formación, e empregar estes coñecementos na produción e revisión dos propios textos.*

Este criterio trata de comprobar que as alumnas e os alumnos adquiriron uns coñecementos gramaticais básicos da lingua que usan. Así mesmo, pretén-

dese constatar que estas aprendizaxes as empregan na realización e revisión dos seus textos para lograr unha mellor comunicación. Os contidos que se deben adquirir nesta etapa inclúen os elementos que constitúen a oración simple, así como o coñecemento das distintas clases de palabras (nome, adxectivo, verbo, etc.) e de nocións básicas de como están formadas (variacións de xénero e número, variacións de tempo, número e persoa, prefixos e sufixos frecuentes, etc). Xunto con estes contidos, faise preciso a aprendizaxe dunha terminoloxía que permita discutir algúns problemas lingüísticos e ordena-las observacións realizadas.

- *Comprender mensaxes, orais ou escritas, nas que se integren os distintos códigos, verbais e non verbais, e analiza-las súas características.*

Este criterio intenta avaliar se os alumnos e alumnas son capaces de identifica-la intención comunicativa das mensaxes, así como as diferentes linguaxes que as integran.

4

Área de Linguas Estranxeiras

4.1

Introducción

O momento en que se inclúe de maneira oficial no currículo a aprendizaxe dunha lingua estranxeira corresponde ó comenzo do segundo ciclo da Etapa de Educación Primaria, cando os alumnos alcanzan os oito anos de idade.

Este primeiro contacto cunha nova lingua no marco escolar ha de facerse de forma que estea contextualizada e relacionada coas outras linguas que o neno xa coñece para facilitar que as estratexias empregadas para aprende-lo galego e o castelán lle sirvan de referencia para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

Sendo a función primordial da lingua o seu uso como instrumento de comunicación, o obxectivo do estudio dunha lingua estranxeira na Educación Primaria é que os alumnos e alumnas acaden unha competencia comunicativa básica que lles permita desenvolverse nesa lingua, en situacións familiares e frecuentes propias da súa idade e intereses.

En toda situación de comunicación interveñen simultaneamente varios factores. O principal é que haxa unha necesidade de expresar algo ou pedir información sobre algo ou alguén. Para que a comunicación teña lugar os interlocutores deberán posuír unha capacidade lingüística suficiente para actualiza-las unidades lingüísticas e as regras de funcionamento das mesmas, unha capacidade sociolingüística que lles permita axeita-los actos da fala ás regras sociais e ás normas de interacción, unha capacidade discursiva para utiliza-los diferentes tipos de discurso e organizalos en función da situación de comunicación, e unha capacidade estratéxica que permita reaccionar adecuadamente ás mensaxes e actitudes dos interlocutores.

Outra das funcións da lingua, intimamente ligada coa anterior, é a representación. Por medio da lingua non só se nomean os obxectos senón que se clasifican, adxudicándolles unha determinada categoría e conformándose na mente as imaxes e as ideas das cousas. Cada lingua está, polo tanto, estreitamente ligada á súa cultura e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira supón para os alumnos e alumnas a posibilidade dunha apertura a un entorno máis amplo, a outras formas diferentes de vida, que terán que comprender e respectar.

Ós oito anos, aínda que o dominio que os nenos teñen das dúas linguas da comunidade non sexa completo, xa manexan unha linguaxe que lles permite expresar experiencias e ideas dunha riqueza que non poderán expresar por medio da nova lingua na que se van iniciar. Hai que ter en conta que este desfase que se producirá entre o desenvolvemento cognitivo e o nivel de dominio da lingua estranxeira terá como consecuencia que, nos primeiros momentos da aprendizaxe, os alumnos non poderán entender nin manifestar ideas e experiencias ó nivel de complexidade que pola súa idade lles correspondería.

Aproveitando a curiosidade que amosan os nenos e nenas a esta idade será doado conseguir unha motivación se a nova lingua se presenta nun contexto lúdico, de realización de traballos prácticos que faciliten a interacción e de actividades que esixan respostas non lingüísticas.

Para que o input ou material lingüístico que se proporcione ós alumnos sirva a unha aprendizaxe significativa deberá estar conectado cos coñecementos previos que xa posúen os alumnos e alumnas, ser acorde cos seus intereses, idades e necesidades, estar contextualizado e conectado sempre a unha tarefa e respecta-la autenticidade do texto.

A nova linguaxe pasará a formar parte da súa bagaxe de coñecementos mediante un proceso de internalización, integrándose neles. A forma en que se produce esta asimilación depende de moitos factores: xunto a mecanismos conscientes, operan tamén outros mecanismos non conscientes parecidos ós que actúan na adquisición da primeira lingua, moi relacionados coa función comunicativa. Cando a énfase está na comunicación e polo carácter imprevisible da mesma, non sempre hai tempo para traer á mente conscientemente os elementos que se precisan en cada momento. De aí a importancia de non establecer elementos de competición entre as linguas que forman parte do currículo xa que isto contribuiría a bloquear estes mecanismos inconscientes e incidiría negativamente na aprendizaxe.

Nesta Etapa, especialmente no ciclo 8–10, convén potencia-las destrezas receptivas e de forma prioritaria a comprensión oral. Débese ter en conta a importancia da incidencia do contexto social para a interpretación adecuada das mensaxes e proporcionar ós alumnos e alumnas non só o código lingüístico senón tamén as regras de uso. Desde o principio debe prestarse atención ós aspectos fonolóxicos que axuden a unha boa comprensión e pronuncia.

A produción é o fin último da aprendizaxe dunha lingua. Nesta etapa educativa interesa fundamentalmente o desenvolvemento da destreza de produción oral e en menor medida a escrita. Non se trata de falar da lingua senón de utilizala para aprender outras cousas. Esta etapa productiva pode non ser inmediata á comprensión, xa que sempre se dá un período de silencio no que os alumnos non producen e que varía en duración segundo a idade. Este período de silencio debe contemplarse como necesario para que os alumnos adquiran a seguridade suficiente para estar en disposición de producir mensaxes.

Entre os factores que interveñen na aprendizaxe están, por unha banda, os relacionados coas características dos alumnos: estilos de aprendizaxe, ritmo e capacidades diferentes, etc., que darán lugar a uns resultados distintos en cada caso, e por outra, o

ambiente externo ó centro escolar: existencia dunha variedade de estímulos ós que os alumnos están expostos fóra da aula e que contribúen tamén a que os resultados da aprendizaxe sexan diferentes.

Para facilita-la interacción de grupo e a autonomía individual convén, desde os primeiros momentos, establecer un nivel básico de comunicación na nova lingua, así como un sentido de cooperación.

Cando a produción ten lugar contén unha serie de erros inherentes ó proceso de aprendizaxe. Os alumnos producen unha interlingua que se irá aproximando máis á produción dun nativo a medida que avanza a aprendizaxe. O tratamento que convén dar ós erros por parte do profesor, estará baseado na aceptación dos mesmos como elementos favorecedores da aprendizaxe e polo tanto o medo a cometelos non debe ser un elemento de inhibición para o alumno. O dominio dunha lingua esixe tempo e hai unha certa orde natural de adquisición dos distintos morfemas.

Ademais dunha axeitada selección do material lingüístico, hai outros dous factores que inflúen decisivamente no éxito da aprendizaxe dunha lingua, especialmente cando se trata de ensinar unha lingua con fins xerais e dentro do marco da educación obrigatoria. Estes dous factores son a motivación dos alumnos e o ambiente creado na aula.

A mellor motivación para aprender a usar unha lingua é a derivada do desexo de comunicarse cos falantes desa lingua. No caso das linguas estranxeiras non se vai constata-la utilidade da mesma fóra da escola de forma inmediata polo que, na aula, é preciso conseguir unha motivación máis próxima derivada de que se lles dea ós alumnos a oportunidade de expresa-las súas propias vivencias e pensamentos na nova lingua e de senti-la clase como algo propio na que participan con agrado e onde son celebrados os seus éxitos na aprendizaxe.

O ambiente e organización da aula teñen tamén efectos na aprendizaxe. A realización de actividades comunicativas como base da práctica didáctica esixe unha organización de aula dinámica e flexible de xei-

to que o foco de atención non permaneza constante durante toda a clase, e os agrupamentos poidan variarse en función da actividade.

Sendo a lingua un conxunto global, un sistema complexo e interrelacionado, non unha serie de compartimentos estancos, a súa aprendizaxe caracterízase por ser cíclica e acumulativa, de forma que, a medida que se van ampliando progresivamente os contidos da mesma, tamén se van consolidando os anteriormente traballados. A medida que os alumnos progresan no seu dominio da lingua, os contidos iniciais han de retomarse para ir aumentando o seu nivel de complexidade e para situalos na variedade de contextos nos que teñen lugar.

4.2

Obxectivos Xerais

Ó longo da Educación Primaria, como resultado das aprendizaxes realizadas na área de Linguas Estranxeiras, os alumnos e alumnas desenvolverán as capacidades de:

- Comprender textos orais e escritos sinxelos relativos a situacións, acontecementos e obxectos coñecidos e próximos ás necesidades e intereses dos alumnos, utilizando as informacións globais e específicas, transmitidas polos textos, con fins concretos.
- Utilizar de forma oral a lingua estranxeira que están a aprender como lingua de comunicación co profesor e cos compañeiros durante o desenvolvemento da clase, e nas situacións de comunicación creadas para este fin, atendendo ás normas básicas da comunicación interpersoal, amosando respecto e interese polas aportacións dos demais.
- Producir textos escritos breves e sinxelos acerca de temas familiares para os alumnos, respectando as regras básicas do código escrito.
- Ler de forma comprensiva textos curtos e sinxelos, relacionados con actividades da aula, o seu coñecemento do mundo e as súas experiencias e intereses co fin de

obte-las informacións desexadas tanto globais como específicas.

- Recoñecer e aprecia-lo valor comunicativo das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a usalas e amosar unha actitude positiva de respecto e comprensión cara a outras linguas, os seus falantes e a súa cultura.
- Comprender e utiliza-las convencións lingüísticas e non lingüísticas empregadas polos falantes da lingua estranxeira en situacións habituais co fin de que a comunicación sexa máis fácil e fluída, amosando interese por comprender e facerse comprender.
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma, aplicando á aprendizaxe da lingua estranxeira a súa experiencia previa coas outras linguas do seu currículo.
- Establecer relacións entre o significado, a pronuncia e a representación gráfica dalgunhas palabras e frases sinxelas da lingua estranxeira, así como recoñecer aspectos sonoros, rítmicos e de entoación característicos da mesma.
- Utiliza-los recursos expresivos non lingüísticos co fin de intentar comprender e facerse comprender mediante o uso da lingua estranxeira.

4.3

Bloques de Contidos

4.3.1

Comunicación Oral

Conceptos

- Necesidades e situacións de comunicación habituais nas que se vai utilizar oralmente a lingua estranxeira.
 - Intencionalidade comunicativa: funcións máis usuais na comunicación oral (saudar, identificarse, dar e pedir información, identificar e localizar obxectos, describir, narrar, expresar necesidades e peticións).
 - Características da situación de comunicación: nº e tipo de interlocutores, relación entre eles, lugar, etc.

- Vocabulario e estruturas lingüísticas necesarias para expresar oralmente as necesidades básicas de comunicación segundo a intencionalidade comunicativa e o tema.

Procedementos

- Familiarización e recoñecemento dos sons característicos da lingua estranxeira e as súas pautas de ritmo e entoación.
- Comprensión global de mensaxes orais contextualizadas, de distintas características, sobre temas coñecidos, e procedentes de diversas fontes.
- Comprensión específica de mensaxes concretas (cara a cara e gravadas) en situacións familiares e ben definidas.
- Participación activa en intercambios lingüísticos orais dentro da aula tanto para resolver necesidades de comunicación como con fins lúdicos.
 - Reacción adecuada, lingüística e non lingüística se é o caso, a mensaxes orais diversas e a diferentes situacións de comunicación.
- Recoñecemento e utilización das estruturas gramaticais máis usadas nas actividades comunicativas como son as que permiten preguntar, afirmar, negar, expresa-la posesión, cuantificar, describir, narrar, expresar feitos ou accións presentes, pasadas e futuras, etc.
- Recoñecemento e utilización de estratexias básicas de comunicación, tanto lingüísticas como non lingüísticas, que permitan face-la comunicación máis fácil.
- Utilización de estratexias de comunicación propias da lingua materna que permitan saca-lo máximo proveito dos coñecementos que se posúen na lingua estranxeira.
- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes próximas ó neno, co fin de familiarizarse cos aspectos socioculturais transmitidos pola lingua.

Actitudes

- Actitude receptiva e respectuosa cara as persoas que falan outras linguas distintas da propia.
- Sensibilidade ante a importancia da comunicación oral en linguas distintas da propia.
- Confianza nas propias capacidades para aprender a fala-la lingua estranxeira.
- Gusto por expresarse oralmente na lingua estranxeira participando activamente nas tarefas de grupo.
- Aprecio pola corrección na interpretación e produción de textos orais.
- Tendencia a utilizar de forma creativa e imaxinativa mensaxes orais previamente memorizadas en distintas situacións de comunicación.

4.3.2

Comunicación Escrita

Conceptos

- Necesidades e situacións de comunicación escrita máis habituais na lingua estranxeira.
 - Intencionalidade comunicativa: funcións máis usuais na comunicación escrita (saudar, identificarse, identificar e localizar obxectos, expresar necesidades e peticións, describir, narrar).
- Principios e características máis relevantes do discurso escrito en situacións de comunicación básicas.
 - Elementos que dan cohesión ó discurso.
 - Presentación, ortografía e signos de puntuación.
 - Formas axeitadas ás distintas situacións de comunicación.
 - Fórmulas de cortesía máis habituais en cartas, etc.
- Vocabulario relativo ós temas da vida cotiá e estruturas lingüísticas necesarias para expresa-las necesidades básicas de comunicación.
- Correspondencia entre as letras do alfabeto e a súa representación gráfica.

- Relación entre o significado do vocabulario traballado, a súa pronuncia e a súa representación gráfica.

Procedementos

- Comprensión global de textos escritos de distinta natureza:
 - Mensaxes relacionadas coas actividades da aula, coas necesidades de comunicación máis inmediatas e cos intereses propios.
 - Materiais auténticos sinxelos con apoio visual sobre temas cotiás e concretos.
- Recoñecemento de elementos específicos, previamente identificados, en textos que conteñen palabras e estruturas descoñecidas.
- Producción de textos escritos, sinxelos e comprensibles, en resposta a estímulos orais ou escritos dirixidos a distintos tipos de lectores atendendo ás diferentes necesidades e intencionalidades comunicativas (breves notas e cartas, datos persoais, formularios, enquisas, breves descrições e narracións, invitacións, etc.).
- Recoñecemento e utilización das letras do alfabeto da lingua estranxeira para deletrea-lo propio nome e apelidos, outros nomes propios de interese e palabras de uso frecuente.

Actitudes

- Interese e curiosidade cara ás ideas expresadas en textos escritos na lingua estranxeira e valoración do texto escrito como medio de satisfacer necesidades de comunicación.
 - Interese pola lectura autónoma de textos na lingua estranxeira para obter información, como medio de disfrute persoal, etc.
- Interese por realizar intercambios comunicativos escritos na lingua estranxeira con falantes desa lingua.
- Superación das dificultades que xurden na comunicación sacando o máximo partido dos recursos lingüísticos de que se dispón e utilizando as estratexias de comunicación que xa se posúen noutras linguas.

- Interese pola corrección na comprensión e produción de textos escritos.

4.3.3

Compoñente Sociocultural

Conceptos

- Aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira relacionados cos intereses e as motivacións do alumnado.
- Presencia da lingua estranxeira en Galicia.
- Presencia da lingua estranxeira no ámbito internacional.

Procedementos

- Análise de aspectos socioculturais relevantes nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Emprego contextualizado das normas e hábitos de conducta dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Comparacións das formas de vida dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas formas de vida do propio país.
- Utilización dos coñecementos adquiridos para interpretar mensaxes presentes no propio medio.
- Aproveitamento dos materiais auténticos procedentes de distintas fontes.

Actitudes

- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida e demais aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Valoración dos comportamentos sociolingüísticos que facilitan as relacións de convivencia.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.
- Actitude receptiva ante as informacións dispoñibles en lingua estranxeira.

4.4

Criterios de Avaliación

Os criterios de avaliación para esta etapa son:

- *Recoñecer e reproducir los fonemas característicos da lingua estranxeira así como as pautas básicas de ritmo e entoación, en palabras e oracións que aparecen no contexto dun uso real da lingua.*

Este criterio pretende comprobar se o alumno se familiarizou cos sons da lingua e as pautas de ritmo e entoación e avalía-la súa capacidade para empregar-lo sistema fonolóxico nas súas dúas vertentes: comprensión e produción. Tanto os textos que oía como os que produza han de ter sentido e estar contextualizados.

- *Capta-lo sentido global de textos orais emitidos en situacións de comunicación cara a cara, con apoio xestual e mímico e as repeticións necesarias, nos que aparecen combinacións de elementos previamente aprendidos e que versen sobre temas familiares e coñecidos polo alumno.*

Con este criterio avalíase a capacidade dos alumnos e alumnas para comprender-lo esencial de textos orais nas condicións máis idóneas: comunicación cara a cara, grande apoio contextual e temas relacionados cos esquemas de coñecemento previo dos alumnos.

- *Extraer informacións específicas, previamente requeridas, de textos orais cunha estrutura e vocabulario sinxelos que traten temas familiares e de interese para o alumno (a vida cotiá, gustos, preferencias e opinións, experiencias persoais).*

Este criterio avalia a capacidade do alumno para comprender non só a idea principal senón tamén algúns detalles concretos, previamente requeridos, de textos orais sobre temas moi coñecidos, aínda que haxa outras partes da mensaxe que non capte con precisión.

- *Participar en intercambios orais breves relativos a actividades habituais de clase producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.*

Este criterio avalía a capacidade de expresarse oralmente en situacións de comunicación propias da aula, coa fluidez e corrección suficientes para que a mensaxe sexa comprensible e para formular-las súas necesidades básicas: preguntar, pedir axuda, pedir permiso, pedir algo.

- *Participar en situacións de comunicación simuladas, que se traballaran previamente na clase, utilizando con propiedade as fórmulas de relación social máis habituais na lingua estranxeira.*

Con este criterio preténdese avaliar-la capacidade do alumno para comunicarse oralmente nas situacións cotiás máis elementais, utilizando adecuadamente as fórmulas de relación social propias dos nenos da súa idade. As producións dos alumnos poden presentar erros morfosintácticos e fonolóxicos sempre e cando non incidan na comprensibilidade da mensaxe.

- *Extraer-lo sentido global e algunhas informacións específicas de textos escritos breves cun desenvolvemento lineal, unhas estruturas e un vocabulario sinxelos, nos que se traten temas familiares e de interese para os alumnos.*

Con este criterio avalíase a capacidade do alumno para comprender escritos breves do profesor ou de compañeiros, cartas informais, instrucións, así como anuncios públicos, letreiros e outros textos con apoio gráfico como as historietas infantís, aínda que conteñan algúns elementos descoñecidos non imprescindibles para a comprensión da mensaxe.

- *Ler coa axuda do profesor ou do dicionario libros sinxelos para nenos, con apoio visual redundante, escritos na lingua estranxeira e amosa-la comprensión acadada mediante unha tarefa específica.*

Avalíase con este criterio a capacidade do alumno para realizar unha lectura comprendendo a mensaxe de forma global, lendo fóra da aula un libro acorde coas súas preferencias persoais e amosando a súa comprensión mediante diversas tarefas lingüísticas (non nece-

sariamente na lingua estranxeira) ou non lingüísticas, xa que se trata de avalia-la comprensión e non a expresión.

- *Producir textos escritos moi breves, comprensibles e adaptados ás características da situación e á intención comunicativa, nos que se reflectan contidos traballados na clase.*

Preténdese avalia-la capacidade dos alumnos e alumnas para redactar breves notas como a lista do necesario para unha excursión, notas e cartas dirixidas a compañeiros, datos persoais ou invitacións a cumpreanos que, aínda que presenten incorreccións, deberán respecta-lo formato e a presentación adecuados e ter en conta as características do código escrito.

- *Identificar e empregar de forma contextualizada os rasgos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira para unha mellor comprensión e produción das mensaxes, e analízalos comparativamente como medio para comprender e valora-los rasgos característicos da cultura galega.*

Este criterio pretende avaliar que o alumno identifica e valora certos rasgos como pertencentes ó contexto sociocultural dun determinado país e que son necesarios para a correcta interpretación das mensaxes na lingua correspondente.

5

Área de Matemáticas

5.1

Introducción

O obxectivo fundamental, xunto ó resto das materias, é contribuír á formación do estudante no desenvolvemento das capacidades básicas que poden e deben ser motivadas mediante a actividade matemática.

O desenvolvemento das Matemáticas válese dun método de traballo que consiste nun proceso de modelización dos resultados obtidos mediante a observación e experimentación, confrontando posteriormente as deducións obtidas a partir do modelo coa realidade. O ensino das Matemáticas debe pór de manifesto este método de traballo, tanto se está baseado nas aplicacións prácticas como se está orientado de maneira independente destas, diferenciando claramente o que é a experimentación, a dedución e a afirmación gratuíta.

O razoamento empírico-inductivo desempeña, en moitos casos, un papel moi activo na elaboración de novos conceptos. A dedución formal aparece, case sempre, nunha fase posterior. Na Educación Primaria o respaldo da intuición debe xogar o papel fundamental para que os nenos cheguen a coñecer as matemáticas que lles son necesarias para entender o seu medio.

A sociedade considera as matemáticas como unha ferramenta útil para o seu uso noutras materias que se imparten e un instrumento para a comprensión do mundo físico, económico, social e tecnolóxico. Ademais do aspecto instrumental, as matemáticas teñen unhas características propias que lles confiren un valor formativo importante. Unha combinación dos dous aspectos pón de relevo obxectivos ligados ó desenvolvemento de capacidades e hábitos intelectuais, forma de raciocinio e comunicación, e estratexias de resolución de problemas. Outros aspectos importantes a considerar nas matemáticas son o seu valor estético e

o feito de que poden constituír unha fonte de pracer intelectual.

Durante a maior parte da Etapa o ensino debe ser globalizado. Os alumnos non deben percibir as diferentes áreas, senón traballar nuns contidos que se complementen e se relacionen. Só ó final da etapa se debe introducir aos alumnos nas diversas áreas, como preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.

O percorrido pola actividade matemática debe ser, no posible, lúdico e non propicia a frustración. O seu ensino debe recoller os coñecementos adquiridos previamente, reorganizándoos para abrir novos camiños e resolver novas situacións. É necesario investigar sobre os aspectos das matemáticas que interesan nestas idades e intentar conseguir que os alumnos manipulen, imaxinen, creen e, en definitiva, se sintan partícipes da súa propia aprendizaxe.

5.2

Obxectivos xerais

Ó longo da Educación Primaria, como resultado dos procesos da aprendizaxe, os alumnos e alumnas irán desenvolvendo as capacidades enunciadas nos Obxectivos xerais seguintes:

- Comprender, valorar e producir mensaxes orais e escritos con certa propiedade e autonomía, empregando o coñecemento matemático.
- Recoñecer e distinguir aspectos cuantitativos, xeométricos e lóxicos da realidade. Formulalos usando a linguaxe matemática e resolvelos mediante os algoritmos correspondentes.
- Recoñecer a posición de calquera obxecto no espazo e ser capaz de expresalos sen ambigüidades.
- Valora-lo sistema métrico decimal, recoñecendo a súa importancia como sistema

de medida utilizado internacionalmente e aplicalo correctamente nas situacións e problemas do seu medio.

- Conseguir unha actitude aberta e crítica, adquirir confianza nas propias capacidades para afrontar os problemas, tenacidade e perseverancia na busca de solucións, apreciando a parte positiva dos erros cometidos.
- Sensibilidade e gusto polo rigor e precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordenada e clara do proceso seguido e dos resultados obtidos.
- Utilizar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do seu medio, representalos gráfica e numericamente e formar un xuízo sobre a mesma.
- Conseguir empregar habitualmente o sistema decimal de numeración e utilizar adecuadamente as operacións elementais para resolver problemas da vida cotiá.
- Conseguir estratexias de cálculo mental para a resolución de problemas elementais, utiliza-lo cálculo aproximado para predici-lo resultado de problemas e a estimación de medidas.
- Utilizar adecuadamente os instrumentos de medida e cálculo.

5.3

Bloques de contidos

Tradicionalmente, o termo *contido* tivo case sempre un carácter restrinxido, reducíndose tan só os feitos, conceptos e principios. Este Deseño Curricular Base abarca tamén procedementos e actitudes, valores e normas. Estas últimas só se poñen antes dos bloques porque son aplicables a calquera deles e non específicas de cada un.

Para a selección dos contidos incluídos nos bloques tivéronse en conta estes criterios:

- A súa adecuación respecto do nivel de desenvolvemento evolutivo dos alumnos.

- O seu valor instrumental para a resolución de situacións problemáticas do seu medio ou doutras áreas.

- O valor dese contido en canto sexa básico ou productivo. É dicir, que del dependan novos coñecementos.

Estes aspectos han de ter un tratamento equilibrado.

A actividade de resolución de problemas é fundamental para aprender matemáticas. Durante a resolución de problemas utilízanse, ademais dos procedementos xerais observar, interpretar, particularizar, poñer exemplos, xeneralizar, investigar, confrontar..., procedementos específicos que favorecen a adquisición dos contidos conceptuais. En toda a Etapa, pero de maneira especial no primeiro Ciclo, os alumnos deben chegar á adquisición de conceptos, do razoamento lóxico, de técnicas básicas, a partir dos procedementos que se utilicen na resolución de situacións problemáticas comúns do seu contorno.

Os bloques de contido son os seguintes:

- Estudio e representación do espacio.
- Os números.
- A medida.
- Gráficas. Iniciación á estatística.

5.3.1

Actitudes

- Curiosidade e interese polo significado dos códigos, medidas e pola exploración de materiais e obxectos diversos.
- Adquisición de hábitos de orde, claridade e limpeza na presentación de traballos e no manexo de materiais.
- Tenacidade e perseverancia na busca de solucións dun problema.
- Confianza nas propias capacidades para a resolución de problemas e uso de estratexias persoais.
- Recoñecemento e valoración pola presentación ordenada e clara dos cálculos e resultados.
- Coidado e precisión no emprego dos instrumentos de cálculo, medida, debuxo..., e disposición favorable para a busca de instrumentos alternativos.

- Tendencia a explorar tódolos elementos significativos dunha representación gráfica, tentando evita-las interpretacións parciais ou precipitadas.
- Valoración da expresividade da linguaxe gráfica como forma de representar datos.
- Apreciación na natureza, na arte... dos aspectos que se poden definir ou expresar matematicamente.
- Valoración da linguaxe matemática e interese pola precisión na súa utilización.
- Considera-lo erro como un estímulo para novas iniciativas.
- Valoración do traballo en equipo, cun equilibrio entre os intereses e a perspectiva do grupo e os intereses e aportacións individuais.
- Costume de expresa-los resultados dos problemas coas unidades de medida correspondentes.
- Valoración do Sistema Métrico Decimal como sistema de medida universal.
- Responsabilidade das iniciativas e tarefas encomendadas.

5.3.2

Estudio e representación do espacio

Procedementos

- Orientación e situación do propio alumno en relación cos demais, en relación cos obxectos e en relación cos puntos estratéxicos do medio.
- Utilización do vocabulario de uso normal para describir relacións de situación dos obxectos: encima, debaixo, atrás, diante, dentro, fóra, esquerda, dereita...
- Desprazarse nun espacio determinado de forma libre ou seguindo regras e representa-lo itinerario seguido de diferentes formas no propio chan, nun papel, nun papel cuadrículado,....
- Recoñecemento e construción de figuras planas e corpos xeométricos en diversas posicións.
- Manipulación de formas xeométricas.
- Xogo co Tangram, mosaicos, rompecabezas, xeoplano, espellos...

- Construcción e interpretación de planos e maquetas.
- Utilización do sistema de coordenadas cartesianas.
- Composición e descomposición dunhas figuras noutras.
- Utilización axeitada dos instrumentos de debuxo para as representacións gráficas.
- Clasificación de figuras e corpos xeométricos empregando diversos criterios.
- Utilización do dobrado, recortado, papel cuadrículado... para a construción e interpretación de figuras simétricas.
- Descrición e enumeración dos elementos dunha figura e dun corpo xeométrico.
- Descrición da forma de obxectos usuais empregando o vocabulario xeométrico básico.
- Busca de elementos de regularidade e simetría en figuras e corpos xeométricos.
- Obtención experimental das áreas do cadrado, rectángulo, paralelogramo e triángulo.
- Obtención da área de figuras planas empregando a descomposición noutras máis sinxelas.
- Obtención exacta ou aproximada da área de figuras planas debuxadas sobre unha cuadrícula.
- Emprego da calculadora para descubrir experimentalmente un valor aproximado de π , e fórmulas para o cálculo do perímetro e a área do círculo.

Conceptos

- Aspectos topolóxicos:
 - Posicións relativas: dereita, esquerda, dentro, fóra, enriba, debaixo...
 - Pechado, aberto
 - Orientación, direccionalidade, distancias
- O Plano:
 - Elementos xeométricos: liña e punto, liñas rectas e non rectas, figuras xeométricas, ángulos, xiros...
 - Paralelismo e perpendicularidade.
 - Polígonos.

- Triángulos. Clasificación e elementos notables.
- Círculo e circunferencia. Elementos notables.
- Perímetro e área de figuras planas.
- Regularidades e simetrías
- O Espacio:
 - Elementos dos corpos xeométricos: vértices, arestas, caras...
 - Corpos xeométricos.
 - Elementos do cubo
 - Corpos redondos: esfera, cilindro, cono...
 - Regularidades e simetrías
- Representacións:
 - Representacións de figuras planas.
 - Representación plana de corpos xeométricos.
 - Situación de figuras no plano. Necesidade dun sistema de referencia. Coordenadas cartesianas.
- Escalas: dobre, metade, triple, tercio... Escalas gráficas.

5.3.3

Os números

Procedementos

- Ordenación de conxuntos segundo o número de elementos: crecente e decrecente.
- Clasificación de obxectos atendendo ós seus atributos.
- Uso da serie numérica en diferentes situacións.
- Construción da serie numérica que resulta partindo dunha unidade ó ir engadindo obxectos un a un, ou mediante outras regras sinxelas.
- Xogos coas regrestas, ábaco...
- Seriacións.
- Poñer e quitar obxectos dunha colección.
- Emprego do Sistema de numeración decimal.
- Comparación e ordenación de números utilizando os símbolos =, < e >.

- Aplicación de diferentes estratexias para resolver problemas numéricos e operativos.
- Automatización dos algoritmos das operacións.
- Emprego racional de diferentes instrumentos de cálculo (ábaco, calculadora,...)
- Recoñecemento, distinción e representación dos números cardinais e dos ordinais.
- Asignación de números ós puntos dunha recta na que se definiu unha unidade.
- Construción de táboas de dobre entrada para a suma, resta, multiplicación e división.
- Estimación do resultado dun cálculo e valoración de se o resultado da resolución dun problema é ou non razoable.
- Explicación verbal do proceso seguido na resolución de problemas.
- Interpretación das fraccións como operadores, como cociente de dous números e como aproximación dunha medida, relacionando estes conceptos.
- Recoñecemento dos aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando os diferentes números.
- Utilización da composición e descomposición de números para elaborar estratexias persoais de cálculo mental.
- Emprego de paréntese nos casos máis comúns.

Conceptos

- Atributos dos obxectos: cor, tamaño, forma,...
- Contar. Agrupar: de 2 en 2, de 3 en 3...
- Escritura posicional (decimal).
- Regras para nomear calquera número do conxunto N.
- Números naturais.
 - Operacións con números naturais.
 - Algoritmos e símbolos das operacións con números naturais.
 - División.
 - Múltiplos e divisores de números naturais.
 - Números primos e compostos.

- Números cardinais e ordinais.
- Multiplicación e división pola unidade seguida de ceros.
- Cadrados e cubos.
- Números positivos e negativos.
- Números decimais.
 - Operacións con números decimais.
- Representación dos números sobre unha recta.
- Fraccións.
 - Operacións con fraccións.
- Prioridade das operacións.
- Cálculo mental.
- Regras de uso da calculadora de catro operacións.
- Tanto por cento dunha cantidade.

5.3.4

A Medida

Procedementos

- Utilización do vocabulario habitual para establecer relacións da orde de magnitude: alto–baixo, grande–pequeno, ancho–estreito, pesado–lixeiro,...
- Establecer relacións entre feitos para distinguir nocións temporais: antes–agora–entre–despois, onte–hoxe–mañá,...
- Relacionar segundo, minuto, hora, día, semana, mes e ano.
- Estimacións de medidas en situacións naturais. Explicación verbal do proceso seguido e da estratexia empregada na medición.
- Medida de obxectos e espazos (con medidas corporais: pasos, palmas... ou con outras medidas: cintas, regretas...)
- Construción de instrumentos para efectuar medidas.
- Utilización do sistema monetario e as súas equivalencias.
- Construción de reloxos: de sol, area e auga.
- Utilización axeitada dos instrumentos de medida.
- Cubrir superficies cunha unidade escollida previamente e determina-lo número de unidades precisas.

- Encher un volume con obxectos de volumes iguais e determina-lo número de unidades precisas.
- Utiliza-la balanza para comparar masas.
- Práctica de medición con unidades convencionais e non convencionais.
- Recoñecemento e identificación de magnitudes.
- Elaboración e utilización de estratexias persoais para a medición.
- Elección das unidades de medida máis axeitadas a cada caso atendendo ó obxecto da medición.
- Utilización das unidades de lonxitude, masa, superficie e capacidade no Sistema métrico decimal.
- Identificación de ángulos rectos, agudos, obtusos e planos.
- Utilización do transportador para trazar e medir ángulos dunha amplitude dada.

Conceptos

- Necesidade e funcións da medición.
- Magnitudes. Tipos.
- Medir, contar, relacionar e comparar.
- Unidades de medida non convencionais.
- As unidades de medida do Sistema métrico decimal
 - lonxitude
 - masa
 - superficie
 - capacidade
- As unidades de medida de uso na comarca.
- Sistema monetario.
- Medición do tempo.
- A unidade de medida de ángulos: o grao.

5.3.5

Gráficas. Iniciación á estatística.

Procedementos

- Realización e interpretación de gráficas de correspondencias definidas mediante un enunciado ou por unha táboa (prezos, velocidades, tempos,...) do contorno habitual do alumno.

- Observación de fenómenos e de feitos da vida real e descrición dos mesmos verbalmente e mediante gráficos.
- Emprego, en situacións de xogos ou da vida real, de expresións de uso habitual para describir situacións incertas: é posible, é seguro, é imposible, non só, etc.
- Estimación da probabilidade de sucesos ligado a experiencias sinxelas usando as representacións oportunas.
- Interpretación de táboas de datos e da media aritmética.
- Interpretación de histogramas, pictogramas...
- Realización de diferentes estratexias para a recollida e reconto de datos.
- Utilización da calculadora para efectuar cálculos repetitivos ou complicados.

Conceptos

- Correspondencias.
- Recollida e ordenación de datos.
- Frecuencias.
- Representacións gráficas de series de datos: diagramas de barras, lineais, sectores..
- A media e a moda dun conxunto de datos.
- Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.

5.4

Criterios de Avaliación

Os criterios de avaliación conteñen un enunciado e unha breve explicación do mesmo. O comentario que acompaña a cada enunciado axuda á súa interpretación e téñ un propósito de flexibilización dos criterios que nunca deben ser entendidos de maneira rixida. Estes criterios, publicados polo Ministerio de Educación, son os prescriptivos para todo o Estado.

Os criterios de avaliación establecen o grao de aprendizaxe que se espera que alcancen os alumnos respecto ás capacidades sinaladas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe

ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumno, o ciclo educativo no que se atopa e as súas características e posibilidades.

Os criterios de avaliación deberán ter en conta os seguintes aspectos:

- *Nun contexto de resolución de problemas sinxelos, anticipar unha solución razoable e busca-los procedementos matemáticos máis axeitados para aborda-lo proceso de resolución.*

Este criterio está dirixido especialmente a comproba-la capacidade dos alumnos na resolución de problemas, atendendo ó proceso seguido. Trátase de verificar se os alumnos resolven os problemas de forma lóxica e reflexiva.

- *Resolver problemas relativos ó seu contorno aplicando as catro operacións con números naturais e empregando estratexias persoais de resolución.*

Preténdese avaliar con este proceso se os alumnos saben seleccionar e aplicar debidamente as operacións de cálculo en situacións reais. Intentarase que sexan capaces de transferi-las aprendizaxes, dos problemas propostos na aula, a situacións fóra dela.

- *Ler, escribir e ordenar números naturais e decimais, interpretando o valor de cada unha das súas cifras, e realizar operacións sinxelas con estes números.*

Trátase de comprobar se os alumnos manexan os números naturais e decimais, saben operar con estes números, e se, en situacións da vida cotiá, interpretan o seu valor.

- *Realizar cálculos numéricos mediante diferentes procedementos (algoritmos, uso da calculadora, cálculo mental e tenteo), empregando o coñecemento do sistema de numeración decimal.*

Este criterio trata de comprobar se os alumnos coñecen as relacións existentes no sistema de numeración e se realizan cálculos numéricos elixindo algún dos diferentes procedementos. Tamén se pretende detectar se saben usa-la calculadora de catro operacións.

- *Realizar estimacións e medicións elixindo entre as unidades e instrumentos de medida máis usuais os que mellor se axusten ó tamaño e natureza do obxecto a medir.*

Con este criterio preténdese que os alumnos demostren o seu dominio do sistema métrico decimal e os instrumentos de medida máis comúns. Ó mesmo tempo, que demostren se saben escolle-los máis axeitados en cada caso e se saben estimala medida de magnitudes de lonxitude, superficie, capacidade, masa e tempo. No referente ás estimacións, inténtase que sexan capaces de facer previsións razoables.

- *Expresar con precisión medidas de lonxitude, superficie, capacidade, masa e tempo, empregando os múltiplos e submúltiplos usuais e transformando unhas unidades noutras cando sexa necesario.*

Quérese constatar con este criterio se os alumnos saben utilizar con corrección as unidades de medida máis usuais, se saben converter unhas unidades noutras (da mesma magnitude), e se os resultados das medicións que fan os expresan nas unidades de medida máis axeitadas e utilizadas.

- *Realizar e interpretar unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano, maqueta), tomando como referencia elementos familiares e establecendo relacións entre eles.*

Inténtase avalialo desenvolvemento das capacidades espaciais topolóxicas en relación cos puntos de referencia, distancias, desprazamentos e eixes de coordenadas. A avaliación levarase a cabo mediante representacións de espazos coñecidos ou mediante xogos.

- *Recoñecer e describir formas e corpos xeométricos do seu medio, clasificalos e da-las razóns do modo de clasificación.*

Este criterio pretende comprobar se o alumno coñece algunhas propiedades básicas dos corpos e das formas xeométricas, se elixe algunha desas propiedades para clasificalos e se explica e xustifica a elección.

- *Utiliza-las nocións xeométricas de simetría, paralelismo, perpendicularidade, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.*

Neste criterio é importante constatar que os alumnos aprenderon estas nocións e saben utiliza-los termos correspondentes para dar ou pedir información.

- *Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ó contorno inmediato.*

Trátase de comprobar que o alumno é capaz de recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, que sabe utilizar algúns recursos sinxelos de representación gráfica, táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, etc, e que entende e comunica a información así expresada.

- *Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado de xogos de azar sinxelos e comprobar dito resultado.*

Inténtase saber se os alumnos comezan a constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con toda seguridade se producen ou se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición. Estas nocións estarán baseadas na súa experiencia.

- *Expresar de forma ordenada e clara os datos e as operacións realizadas na resolución de problemas sinxelos.*

Preténdese constatar se os alumnos comprenden a importancia que a orde e a claridade teñen na presentación dos datos dun problema para a busca dunha solución, para detecta-los posibles erros e para explica-lo razoamento seguido. Igualmente, trata de verificar que comprende a importancia que ten o cuidado na disposición correcta das cifras ó realiza-los algoritmos das operacións propostas.

- *Perseverar na busca de datos precisos para a formulación e resolución dun problema.*

Quérese comprobar se o alumno valora a precisión nos datos que recolle e

nos resultados que obtén e se persiste na súa busca se estes non son satisfactorios.

6

Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural

6.1

Introducción

A Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural concíbese como un ámbito de aprendizaxe dende o que se incide na comprensión da realidade que vive o alumnado, se promove o desenvolvemento de actitudes críticas, a potenciación do relativismo fronte ó dogmatismo e a aceptación do «distinto», utilizando como recurso o coñecemento do contorno propio e o achegamento a realidades diferentes no tempo e no espacio.

A necesaria adaptación dos coñecementos ás alumnas e alumnos desta etapa representa unha chamada de atención sobre dous aspectos fundamentais da área: globalización e concepto de medio.

Enténdese por globalización a busca de conxuntos organizados de coñecementos considerados idóneos para o desenvolvemento cognitivo do alumnado, favorecedores de actitudes positivas de socialización e que inclúen relacións interdisciplinares nos planos temático e metodolóxico.

A globalización está intimamente relacionada cunha específica forma metodolóxica de organizar o ensino para facilitar a aprendizaxe do alumnado, nun proceso que permita avanzar na comprensión da realidade a partir do estado de indiferenciación sincrética inicial.

Enténdese por medio o complexo entramado de elementos e relacións en que o individuo se atopa inmerso, directa ou indirectamente, e non só o inmediatamente perceptible no contorno próximo.

Así que o modelo de definición do medio que se escolle ten a virtualidade de recoller a perspectiva dos feitos que a realidade sitúa a nosa beira e que vemos de maneira máis ou menos obxectiva, e a dos que, sub-

xectiva ou vivencialmente, poden ser cercanos ós intereses do alumnado aínda que non pertencen ó contorno próximo.

Para un rapaz ou rapaza o medio non só é: pai, nai, casa, amigos, senón tamén os seus ídolos musicais, os seus debuxos animados, unha peculiar maneira de vestirse, etc. E para unha persoa calquera tampouco é soamente: familia, casa, traballo, senón estruturas máis amplas de costumes, mentalidades, organización social e política, marco xeográfico e evolución histórica na que se insertan.

Partindo desta concepción, o estudio do medio natural, social e cultural de Galicia ocupa un lugar relevante na área, avalado por unha serie de razóns:

En primeiro lugar porque unha das funcións dos centros educativos é transmitir a cultura propia da sociedade na que se inserta.

En segundo lugar porque na idade que abrangue a Educación Primaria os coñecementos adquirense mellor do particular ó xeral, do concreto ó abstracto. E o particular e o concreto é o contorno no que se desenvolven os alumnos e alumnas e do que forman parte.

Por último o estudio do contorno serve de motivación ó alumnado, despertando a curiosidade por profundizar no coñecemento dos asuntos cotiáns, a historia do pasado ou os espazos de relación en que se desenvolven.

O alumnado aprende a valorar a súa cultura e a reflexión sobre a súa identidade xerará a capacidade de comprensión e respecto doutras culturas por moi estrañas ou distantes que resulten.

Só a profundización sobre o que é propio e distintivo proporciona unha información aberta á comprensión dun mundo plural, rico e diverso, no que a nosa cultura ostenta

ta un papel relevante como parte do patrimonio da humanidade.

6.2

Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais refírense na mesma medida a contidos de feitos e conceptos, procedementos, actitudes e valores e teñen como finalidade o desenvolvemento integral do alumnado. Débese resaltar o seu carácter procesual en relación coa adquisición de capacidades nesta etapa.

O ensino do Coñecemento do Medio na Etapa de Educación Primaria terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades seguintes:

- Comportarse de acordo cos hábitos da saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano e das súas posibilidades e limitacións, mostrando unha actitude de aceptación e respecto polas diferencias individuais (idade, sexo, características físicas, personalidade, etc).
- Participar en actividades grupais adoptando un comportamento constructivo, responsable e solidario, valorando as aportacións propias e alleas en función de obxectivos comúns e respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
- Recoñecer e apreciar a súa pertenza a grupos sociais con características e rasgos propios (pautas de convivencia, relacións entre os membros, costumes e valores compartidos, lingua común, intereses, etc) respectando e valorando as diferencias con outros grupos e rexeitando calquera clase de discriminación por este feito.
- Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorar criticamente a necesidade e o alcance das mesmas e adoptar na vida cotiá un comportamento acorde coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio cultural.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ó das outras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado Español, participando activamente na súa defensa e conservación.
- Recoñecer nos elementos do medio socio-natural os cambios e transformacións relacionados co paso do tempo, indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión de ditos cambios e aplicar estes conceptos ó coñecemento doutros momentos históricos.
- Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega para comprender a súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo, ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa sociedade.
- Fomentar a comprensión do presente descubriendo a importancia do pasado, interpretando feitos, establecendo relacións e entendendo os cambios.
- Identificar os principais elementos do medio sicionatural, analizando as súas características máis relevantes, a súa organización e interaccións e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio socio-natural mediante diferentes códigos (cartográficos, numéricos, técnicos...).
- Identificar, formular e resolver interrogantes e problemas relacionados con elementos significativos do seu contorno, utilizando estratexias, progresivamente máis sistemáticas e complexas de busca, almacenamento e tratamento da información, de formulación de conxecturas, de posta a proba das mesmas e de exploración de solucións alternativas.

- Analizar e reflexionar sobre feitos da vida diaria, mantendo unha actitude crítica diante das fontes de información.
- Diseñar e construír dispositivos e aparatos cunha finalidade previamente establecida, utilizando o seu coñecemento das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos no medio e valorar a súa contribución a satisfacer determinadas necesidades humanas, adoptando posicións favorables a que o desenvolvemento tecnolóxico se oriente cara a unha maior calidade de vida.
- Colaborar na planificación e realización de actividades de grupo, aceptando as súas regras de organización, fomentando o cultivo da espontaneidade e da imaxinación, e mantendo actitudes tolerantes e solidarias.

6.3

Bloques de contidos

A forma de agrupar os contidos débese unicamente á necesidade de presentarlle ó profesorado a información coa que debe traballar na área ó longo da etapa. Os bloques de contidos non son unidades compartimentadas nin conforman, no seu conxunto, un temario. Tampouco o modo de se presentaren supón en ningún caso unha secuencia.

Bloques

- O ser humano e a saúde.
- O medio físico e os seres vivos.
- Os materiais e as súas propiedades.
- As paisaxes do mundo.
- A poboación e as actividades humanas.
- A organización da sociedade.
- A vida no pasado.
- Os transportes e as comunicacións.
- O mundo actual.
- As máquinas e os aparatos.
- A Humanidade e a enerxía.

6.3.1

O ser humano e a saúde

Conceptos

- O home e a muller como seres vivos.
- Funcións vitais.
- Identificación e localización dos principais órganos e aparatos.
- A saúde.
- A relación afectiva e sexual.

Procedementos

- Coñecemento e análise das características persoais para a construción dunha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Utilización de técnicas de consulta e interpretación de guías e modelos anatómicos para a identificación de órganos e aparatos.
- Recollida e elaboración de informacións sobre usos e costumes do coidado corporal.

Actitudes

- Aceptación das propias posibilidades, limitacións e respecto pola diversidade.
- Adopción de hábitos de saúde e valoración crítica dos factores e prácticas sociais que favorecen ou entorpecen o desenvolvemento san do corpo.
- Valoración dos aspectos afectivos e socio-culturais da sexualidade.

6.3.2

O medio físico e os seres vivos

Conceptos

- Rochas e minerais presentes en Galicia.
- O aire e a auga: principais características.
- O universo.
- Características básicas das principais plantas e animais do contorno próximo.
- Relación entre os seres vivos.
- Factores e actividades humanas que degradan o medio físico.

Procedementos

- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades do medio físico próximo.
- Utilización de técnicas de recollida e clasificación de mostras sin alterar o medio.
- Utilización de guías e claves sinxelas para a identificación de animais e plantas.
- Utilización de técnicas para orientarse mediante a observación de elementos do medio físico (sol, árbores, etc.).
- Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e do desenvolvemento e formas de vida dos animais.

Actitudes

- Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación sistemática dos elementos do medio físico e na elaboración e interpretación dos informes correspondientes.
- Respecto das normas de uso, seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
- Sensibilización ante a problemática da escaseza da auga e a necesidade de facer un uso responsable da mesma.
- Responsabilidade no coidado de animais e plantas e no seu mantemento.

6.3.3

Os materiais e as súas propiedades

Conceptos

- Materiais de uso máis comúns na realidade inmediata.
- Estados de agregación: sólidos, líquidos e gases.
- Cambios físicos e químicos.
- Comportamento dos materiais ante diferentes situacións.

Procedementos

- Exploración e clasificación de materiais de uso común pola súa orixe, propiedades e aplicacións.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais habituais e o seu com-

portamento ante a luz, calor, humidade e electricidade.

- Técnicas de separación dos compoñentes de diversos sistemas materiais.

Actitudes

- Coidado no uso de materiais atendendo a criterios de economía, eficacia e seguridade.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades do uso de materiais e sustancias presentes no medio.
- Sensibilización ante a necesidade de que os rapaces participen de forma solidaria na realización de diversas experiencias, rexeitando a división do traballo en función do sexo.

6.3.4

As paisaxes do mundo

Conceptos

- A percepción espacial. Localización e orientación espacial: Planos, mapas e escalas.
- Elementos que configuran a paisaxe natural: relevo, auga, clima, vexetación e fauna. A presenza humana na paisaxe.
- A diversidade de paisaxes en Galicia e en España.
- Transformacións na paisaxe: conservación, degradación e mellora. Algúns problemas medioambientais en Galicia.

Procedementos

- Preparación, realización e sistematización de observacións da paisaxe e dos elementos que a configuran.
- Iniciación a técnicas de orientación espacial. Elaboración de planos e mapas sinxelos.
- Preparación de itinerarios, realización dos mesmos e sistematización dos resultados.
- Descricións dos tipos de construción máis usuais do contorno, observando os materiais e atendendo á funcionalidade dos diferentes espazos.
- Deseño e posta en práctica de actividades encamiñadas á conservación da Na-

tureza (reciclaxe ou eliminación de materiais de refugallo, planta de árbores...).

Actitudes

- Valoración da diversidade de paisaxes na propia comunidade e da riqueza dos mesmos noutros territorios da península.
- Sensibilidade polos temas que gardan relación coa calidade do medio ambiente e valoración racional dos recursos naturais.
- Interese polo impacto das relacións entre home e cultura e os procesos da Natureza.
- Respecto e coidado polos elementos do contorno natural e valoración da súa importancia para a vida.

6.3.5

A poboación e as actividades humanas

Conceptos

- A poboación en Galicia: natalidade, mortandade e movementos migratorios.
- A organización do mundo laboral (agricultura, industria e servicios) e os problemas que presenta (paro, traballo sumerxido e discriminacións).
- Organización económica: A situación en Galicia.
- Procesos de extracción, transformación e comercialización dalgúns produtos básicos.
- Publicidade, consumo e dereitos do consumidor.

Procedementos

- Elaboración de enquisas e cuestionarios para a recollida de datos sobre a poboación.
- Localizacións no mapa: agrupamentos e movementos de poboación.
- Confección de estudos mediante entrevistas, enquisas, lecturas, etc., sobre os tres sectores da poboación activa, escollo unha exemplificación de cada sector.

- Confección de traballos monográficos sobre paro, traballo sumerxido ou o papel da muller no mundo laboral.
- Investigacións sobre procesos de elaboración de obxectos artesanais no contorno.
- Análise, sistematización e interpretación de informacións de diversas fontes, prensa, TV, etc., sobre a publicidade, reflexionando sobre o consumismo e a alienación do consumidor ante o abuso publicitario das poderosas marcas comerciais.

Actitudes

- Sensibilidade e respecto polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia.
- Valoración dos distintos traballos e profesións e da súa función complementaria no conxunto da sociedade.
- Sensibilidade e rechazo ante as desigualdades sociais que se derivan de idade, sexo, tipo de traballo, paro, etc.
- Actitude crítica diante da promoción do consumo mediante a publicidade e diante da imaxe que do home e a muller ofrece.
- Participación responsable na realización de traballos en equipo.

6.3.6

A organización da sociedade

Conceptos

- A vida en sociedade: Convivencia e intereses individuais e colectivos. A comunidade doméstica e a comunidade escolar.
- Organización social e política da localidade, provincia, e Comunidade Autónoma Galega.
- División político-administrativa do territorio español.
- A Comunidade Europea.
- A representatividade cidadá. Formas de asociación e partidos políticos.
- Conflictos de intereses e a súa solución. A importancia do diálogo para a paz. Organismos internacionais.

Procedementos

- Observación e descripción do espazo habitual de relación donde se desenvolve a vida dos alumnos e alumnas, afacéndose ó seu uso e respectando normas de hixiene, saúde, circulación vial, convivencia, etc.
- Confección de organigramas de funcionamento dunha entidade pública: centro escolar, centro de saúde, Concello, Autonomía.
- Análise do grao de equipamento e servizos da localidade, sinalando as necesidades existentes.
- Solución de maneira creativa dalgún problema referido á organización familiar, escolar ou local.
- Recollida e interpretación de información a través dos medios de comunicación sobre acontecementos da Comunidade Europea que afectan a Galicia.

Actitudes

- Valoración da función social que desempeñan as persoas en distintos ámbitos: familiar, escolar, Concello, Autonomía.
- Participación activa nos grupos de traballo e órganos de goberno dos centros, aceptando as responsabilidades na función encomendada.
- Valoración do diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e os conflitos de intereses na relación cos demais.
- Rechazo de discriminacións na organización de actividades grupais por razóns étnicas, de sexo, de status social, etc.
- Aceptación do pluralismo político e cultural, valorándoo como unha aportación ó patrimonio colectivo da Humanidade.

6.3.7

A vida no pasado

Conceptos

- Iniciación ó pensamento histórico: a historia persoal e familiar.
- Iniciación á cronoloxía. As unidades de medida temporais (día, semana, mes, ano, década, século...).

- Evolución dalgún aspecto básico da vida cotiá ó longo da historia (vestido, vivenda, alimentación, traballo, transporte).
- Formas de vida nas sociedades das grandes épocas históricas (civilización primitiva, antigüidade clásica, época medieval e revolución industrial).
- As evidencias do pasado no contorno como testemuña da vida noutras épocas: vestixios e museos.
- Algúns feitos relevantes da Historia de Galicia e de España.

Procedementos

- Utilización de distintas unidades temporais (día, noite, semana, mes, estación, ano, século) e confección de mensarios.
- Realización de traballos sobre a historia persoal, da familia, dun personaxe significativo do barrio ou da localidade..., empregando fontes orais, escritas ou restos materiais.
- Emprego da prensa para a confección de dosieres sobre a vida no presente século.
- Clasificación e ordenación de diferentes imaxes, sinxelas e claras, referentes a distintas épocas históricas, utilizando eixes cronolóxicos.
- Realización de murais e cómics que revelen aspectos da vida cotiá noutros tempos.
- Simulación e reconstrución de diferentes procesos técnicos que tiveran importancia para a evolución da Humanidade: elaboración do pan ou outros alimentos, obtención do lume, cerámica...
- Programación e realización de visitas a museos ou a lugares con vestixios do pasado, interesándose polo deseño e a función dos obxectos.

Actitudes

- Disposición favorable á conservación dos vestixios do pasado, como bens do noso patrimonio cultural.
- Sensibilidade e respecto polos costumes e tradicións familiares, populares, etc, que teñen o súa orixe en tempos pasados e que constitúen unha herencia que se debe transmitir.

- Tolerancia e respecto ante as crencias e formas de vida das culturas alonxadas dos nosos gustos e opcións persoais.
- Interés por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético persoal.

6.3.8

Os transportes e as comunicacións

Conceptos

- Inventos para a comunicación a través do tempo: a roda, a escritura, a imprenta, etc.
- Medios de comunicación de masas na actualidade: prensa, radio, T.V., cine, vídeo, satélites...
- Medios de comunicación interpersoais: correo, teléfono, telégrafo, etc.
- Tipos de transportes: terra, mar e aire. A carreira espacial.
- Redes e infraestructuras de transporte (carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos...) en Galicia e en España.
- Educación vial: normas de circulación e sinais de tráfico.

Procedementos

- Manexo de aparatos sinxelos de comunicación (teléfono, cámara fotográfica, magnetófono, proxector, vídeo, etc) coa finalidade de recoller ou transmitir informacións.
- Emprego dos distintos medios de comunicación como fonte de información para o estudio e coñecemento de problemas e temas de actualidade.
- Investigación sobre a evolución dunha determinada máquina, aparato ou técnica na historia do automóbil, da aviación, do teléfono, etc.
- Realización de debates sobre un avance tecnolóxico, intentado observar as vantaxes e os inconvenientes do mesmo a curto e longo prazo.
- Preparación e confección de itinerarios de viaxes reais, ou simulados, axudándose con folletos turísticos, mapas, etc

- Análise e clasificación dos distintos tipos de sinalización vial: marcas viales, sinais verticais e luminosas.

Actitudes

- Sensibilidade ante a influencia que exercen os medios de comunicación na formación de opinións, con especial atención á publicidade, ós estereotipos sexistas e o consumo.
- Valoración dos medios de transporte colectivos respectando as normas establecidas para o seu uso.
- Cumprimento e respecto das distintas mensaxes que indican os sinais viarios.
- Comprobación de que un obxecto determinado é produto doutros avances, artefactos ou descubrimentos realizados anteriormente.
- Recoñecemento de que os inventos non son só produto do inxenio e a intelixencia humanos, senón tamén do esforzo e a constancia de investigadores que permanecen no anonimato.

6.3.9

O mundo actual

Conceptos

- A cultura como contexto comunicativo. As manifestacións culturais: xogos, festas e costumes populares en Galicia.
- Educación para o lecer: deportes, asociacións xuvenís, música, teatro, lectura...
- Os grandes conflitos no mundo. A educación para a paz.
- Diferentes tipos de marxinación e organismos de solidariedade internacional.

Procedementos

- Investigación sobre actividades para o lecer no contorno e participación nas mesmas.
- Realización dun arquivo, seleccionando fotografías, fichas, documentos etc., sobre temas de actualidade (música, vídeo, cine...).
- Realización de debates sobre temas polémicos de actualidade local, nacional ou internacional.

- Elaboración de traballos monográficos sobre un conflito de actualidade, recollendo e estruturando a información que proporcionan os medios de comunicación de masas e imaxinando posibles formas de resolución do mesmo.
- Dramatización dunha situación conflictiva, adoptando distintos puntos de vista, e emitindo hipóteses que expliquen o comportamento dos protagonistas.

Actitudes

- Sensibilidade ante as manifestacións culturais galegas.
- Recoñecemento dos prexuízos e as ideas preconcebidas que moitas veces se transmiten por inercia na escola ou no contexto social.
- Participación en actividades do lecer, escollendo aquelas que son máis enriquecedoras para a súa formación.
- Solidariedade cos colectivos, países ou grupos sociais, vítimas da desigualdade, explotación, menosprezo ós dereitos humanos ou inxusticia.
- Valoración crítica das condutas que tenden a xustificar o xenocidio, o racismo ou calquera tipo de opresión.

6.3.10

As máquinas e os aparatos

Conceptos

- Máquinas simples e compostas.
- Aparatos de uso máis frecuente.
- Operadores que transmiten ou transforman as forzas e o movemento.

Procedementos

- Observación e manipulación de máquinas e aparatos sinxelos (bicicleta, xoguetes mecánicos, etc.).
- Identificación de operadores no medio habitual e análise das súas funcións.
- Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar a transmisión e transformación do movemento e das forzas, que levan a cabo algunhas

máquinas e aparatos sinxelos do seu contorno habitual.

Actitudes

- Valoración dos aparatos e máquinas do medio habitual como construcións humanas destinadas a satisfacer as necesidades das persoas a mellorar a súa calidade de vida.
- Respecto as normas de uso, seguridade e mantemento no manexo de ferramentas, aparatos e máquinas.
- Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparatos domésticos superando os estereotipos sexistas.

6.3.11

A humanidade e a enerxía

Conceptos

- A enerxía.
- A enerxía eléctrica.
- Transformacións enerxéticas.
- Enerxías renovables e non renovables.

Procedementos

- Recollida de información e clasificación das distintas manifestacións enerxéticas máis comúns no medio próximo.
- Planificación e realización de debates sobre a problemática enerxética no mundo actual.
- Identificación dos distintos tipos de enerxía utilizada para o seu funcionamento polas máquinas e aparatos do contorno.

Actitudes

- Valoración da importancia da enerxía nas actividades cotiáns e a súa repercusión sobre a calidade de vida.
- Toma de conciencia da limitación das fontes de enerxía.
- Interese polas fontes de enerxía renovables e a posibilidade da súa instalación en Galicia.

6.4

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o grao de aprendizaxe que se espera que o alumnado teña acadado respecto ás capacidades indicadas nos obxectivos xerais. Ofrecen ó profesorado uns indicadores da evolución en sucesivos niveis de adquisición de coñecementos dos alumnos e alumnas, así que veñen a ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensinanza e aprendizaxe.

- *Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre estas e determinados hábitos de alimentación, hixiene e saúde.*

Avaliarase o coñecemento por parte do alumnado dos principais órganos corporais, localizándoos e establecendo relacións cos órganos correspondientes e sacando conclusións sobre hábitos de hixiene que favorecen a saúde humana.

- *Identificar as repercusións sobre a saúde individual e social dalgúns hábitos de alimentación, hixiene e descanso.*

Preténdese comprobar que os alumnos e as alumnas comprenden que a práctica de certos hábitos melloran a súa saúde e que certas prácticas e hábitos sociais poden favorecer ou perturbar o seu crecemento e saúde.

- *Identificar, comparar e clasificar os principais animais e plantas do contorno aplicando o coñecemento da súa morfoloxía, alimentación, desplazamento e reprodución.*

Tratarase de comprobar se o alumnado identifica as árbores e plantas máis representativas de Galicia e se mediante o manexo dalgúns instrumentos sinxelos (fichas, láminas, claves sinxelas) é capaz de establecer algunha clasificación.

- *Identificar a partir de exemplos da vida diaria algúns dos principais usos que fan as persoas dos recursos naturais (aire, solo e auga) valorando, positiva ou*

negativamente certos hábitos ou costumes sociais.

Trátase de comprobar que o alumnado identifica os elementos necesarios para satisfacer as necesidades básicas da vida e que valora a importancia de promover un uso racional dos mesmos na súa casa, no centro e na comunidade na que se desenvolve, atendendo tamén ás consecuencias que se derivan do seu mal uso para o individuo e a sociedade.

- *Formular conxeturas para explicar as relacións entre algúns factores do medio físico (luz, temperatura e humidade) e algunhas características dos seres vivos.*

Comprobarase que o alumnado comprende algunhas relacións entre as condicións do medio físico e o desenvolvemento adecuado dos seres vivos no mesmo, atendendo especialmente á influencia destas condicións nas distintas especies.

- *Recoller información seguindo criterios e pautas de observación sistemática, sobre as características observables e regulares dos obxectos, animais e plantas do contorno.*

Trátase de avaliar a capacidade de observación do alumnado tendo en conta o uso que fai de tódolos sentidos para recoñecer as características observables nos obxectos e nos grupos sociais, así como a súa capacidade para comparar, contrastar e clasificar a información aportada polas características observadas.

- *Empregar nocións espaciais e a referencia ós puntos cardinais para situarse a si mesmo e localizar e describir a situación dos obxectos en espazos delimitados.*

Comprobarase que o alumnado interioriza as nocións espaciais, sabe localizar a situación dos puntos cardinais e é capaz de situarse e desprazarse no espazo facendo referencia a eles.

- *Representar espazos mediante planos elementais e utilizar planos e mapas con escala gráfica para orientarse e desprazarse en lugares descoñecidos.*

Preténdese avaliar a funcionalidade e aplicación que as alumnas e os alumnos fan dos seus coñecementos sobre interpretación de planos e mapas en situacións nas que teña que orientarse e desplazarse en diversos lugares. Preténdese tamén que fagan croquis e planos sinxelos.

- *Empregar o coñecemento adquirido sobre aspectos relativos á paisaxe, á actividade humana e á poboación para establecer semellanzas e diferenzas entre as distintas comunidades españolas e valorar a diversidade e riqueza de Galicia e do conxunto peninsular.*

Trátase de comprobar o grao de coñecemento por parte dos alumnos e das alumnas sobre relevo, clima, vexetación, fauna, asentamento de poboación, lingua e cultura dos distintos pobos que configuran a península, considerando a diversidade como un valor apreciable para a mellor interpretación dun mundo plural.

- *Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados a partir da consulta de documentos diversos (imaxes, planos, mapas, textos descriptivos e táboas estadísticas sinxelas).*

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recabar información sobre feitos ou situacións, a selección e organización que fai da mesma, así como da súa capacidade para sacar conclusións coherentes e comunicalas cunha linguaxe adecuada, tendo en conta a presentación formal do informe.

- *Analizar, a través dalgúns exemplos representativos, a evolución da poboación galega e as situacións creadas pola emigración.*

Trátase de que os alumnos e as alumnas establezan relacións entre a distribución actual da poboación galega e os recursos de que se dispón, tendo en conta as repercusións que tiveron para Galicia as correntes migratorias cara a América e Europa en etapas ben definidas da súa historia.

- *Participar en actividades de grupo (familia e escola) respectando as normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas e asumindo os dereitos e deberes que lle corresponden como membro do grupo.*

Trátase de comprobar se o alumnado participa activamente nas tarefas colectivas, respecta as ideas dos demais, colabora na planificación e realización de traballos comúns, busca solucións novas e asume responsabilidades.

- *Descibir a organización, funcións e forma de elección dalgúns órganos de goberno do centro escolar, de asociacións, do Municipio, da Comunidade Autónoma e do Estado.*

Preténdese que o alumnado identifique as principais institucións locais, a súa organización, as funcións que cumpre e os cauces de representación e participación cidadá, e que coñeza de forma xeral as principais institucións e servizos básicos da autonomía galega e do goberno central.

- *Identificar e clasificar as principais actividades económicas do contorno asociándolas ós sectores de produción e a algunhas características do medio natural.*

Avaliarase se os e as alumnas recoñecen as actividades económicas predominantes no contorno e se son capaces de identificar algunhas interaccións que se dan entre o medio físico e os seres humanos.

- *Ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes e outros referidos á evolución da vivenda, o traballo, o transporte e os medios de comunicación, empregando nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade (antes de, despois de, ó mesmo tempo que, mentres, etc.)*

Comprobarase se o alumnado ten adquiridas as nocións básicas do tempo histórico e se as emprega adecuadamente ó referirse a persoas ou feitos da historia familiar, ó estudio de feitos relevantes na Historia de Galicia e á evolución de aspectos da vida cotiá. Darase maior importancia ás relacións de antes

e despois, que á situación exacta do feito ou a persoa no friso da historia.

- *Describir a evolución dalgúns aspectos característicos da vida cotiá das persoas (vestido, vivenda, traballo, ferramentas, medios de transporte, armamento) nas principais etapas históricas da humanidade.*

Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas recoñecen determinados restos, usos, costumes, actividades e ferramentas como indicadores de formas de vida, características de sociedades dunha época histórica concreta. Teranse en conta as relacións que establece entre algúns feitos e a súa aparición no tempo, atendendo á adquisición dalgúns coñecementos relevantes sobre as sociedades primitivas, a antigüidade clásica, a época medieval e a revolución industrial.

- *Abordar problemas sinxelos, referidos a Galicia, recollendo información de diversas fontes (enquisas, cuestionarios, imaxes, documentos escritos), elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resúmenes), sacando conclusións e aportando posibles solucións.*

Trátase de avaliar se os alumnos e as alumnas comencan a familiarizarse coa aplicación de criterios para unha investigación máis científica a partir de con-

textos e problemas do contorno. Valórase a autonomía do alumnado para obter información relevante das fontes, sistematizala e aportar solucións.

- *Empregar o diálogo para superar os conflitos e mostrar, na conducta habitual e no uso da linguaxe, respecto e valoración das persoas e os grupos de diferente idade, sexo, raza, creencias e opinións.*

Comprobarase que o alumnado ten desenvolvido actitudes de tolerancia e respecto ás persoas e grupos de características diferentes, e que recorre ó diálogo de maneira habitual para superar as diferencias que poidan xurdir na súa relación cos demais.

- *Empregar fontes enerxéticas simples, operadores que convirten ou transmiten movementos e soportes sinxelos para construír algúns aparatos cunha finalidade previamente establecida.*

Avaliarase hasta que punto o alumnado comprende a adecuación do operador para a función que debe cumprir, as relacións entre pequenas fontes de enerxía e os operadores que a convirten ou transmiten así como a capacidade de construír algúns aparatos cunha finalidade previamente establecida. Comprobarase tamén hasta que punto relacionan causas e efectos, valorando a evolución do seu pensamento técnico.

7

Área de Educación Artística

7.1

Introducción

A educación debe favorecer—lo desenvolvemento de tódalas facultades do ser humano. Por isto faise imprescindible un proceso educativo centrado no neno e na nena, que persiga a formación integral do alumnado, que forme persoas capaces de transformar a realidade e construír un mundo máis humano e aberto.

Están comprendidas nesta área educativa diversas formas de expresión e comunicación, plástica, musical e dramática, a través das que apreendemos, expresamos ou transformamos diferentes aspectos da realidade e podemos comunicar a outros as relacións que establecemos con ela.

As nenas e os nenos sérvense da expresión plástica, musical e dramática para elaborar—lo significado da súa experiencia e dalo a coñecer a outros. Por iso, as formas de expresión plástica, musical e dramática non son en realidade máis que linguaxes das que os seus códigos son os soportes do acto de expresar e comunicar. Estas linguaxes interrelaciónanse entre elas e, co bloque lingüístico, constitúen os pilares básicos que permiten ó individuo expresar e comunica—lo que pensa e sente.

A expresión musical emprega como elemento mediador entre emisor e receptor certas cualidades do mundo sonoro —timbre, ton, intensidade...—; a expresión plástica emprega as imaxes producidas por medios clásicos —debuxo, pintura, escultura— ou por medios tecnolóxicos máis recentes —fotografía, cine, video, televisión—; a expresión dramática téñ como elemento mediador a combinación do movemento e o xesto corporal, a voz, o espazo e o tempo.

Falar de Educación Artística supón relacionar dous termos converxentes que existen

precisión: Arte e Educación, que non se poden entender neste caso máis que tendo en conta a subordinación da primeira á segunda. Trátase de educar pola arte e non para a arte.

O tratamento pedagóxico das artes esixe necesariamente unha concepción expresiva das mesmas, deslindándose dunha concepción tecnicista ou artística. A partir do momento en que o artístico conflúe co educativo, aquel perde a súa especificidade estética para dar paso ó que consideramos primordial do seu tratamento pedagóxico: a idea de proceso. Así é como podemos falar dos tres grandes campos da educación artística: expresión plástica, expresión musical e expresión dramática. A través deles o individuo percibe os diferentes aspectos da realidade que o rodea e comunica ós demais as relacións que establece sobre e a partir da mesma realidade.

Tradicionalmente a escola veu atendendo dunha forma prioritaria e abusiva dous tipos de linguaxe, o verbal e o numérico, de xeito que as linguaxes artísticas sufriron un tratamento marxinal que na actualidade case todos están de acordo en rexeitar, se ben, na práctica, son varios os factores que animan a seguir facendo un labor pedagóxico totalmente carente de futuro neste campo. Esta importancia crecente que se téñ concedido ás actividades expresivas, consideradas fundamentais para o desenvolvemento da capacidade creadora do alumnado e para os procesos de socialización, ten o seu fundamento no papel decisivo que xogan no desenvolvemento persoal dos individuos, mediante os cales é posible manifesta—lo que pensamos, observamos e sentimos.

Non é posible adxudica—la responsabilidade exclusiva do desenvolvemento da capacidade creadora á área de educación artística; antes ben, é preciso recoñecer ou formula—la necesidade de que tódalas áreas do currículo deberían contribuír ó de-

senovemento dos procesos autónomos por parte do alumno ou alumna, de exploración activa, de expresión persoal, de creación, de busca de estratexias propias de resolución de problemas e de sensibilidade persoal e social. En calquera caso, non deixaremos de considerar que a creatividade está intimamente ligada ós procesos expresivo–afectivos e á área artística, xa que, sen dúbida, esta área contribúe dunha forma específica á súa educación.

Non podemos esquecer que dunha forma clara e persistente, e sobre todo nos últimos anos, tén existido un denodado empeño en procurar un desenvolvemento cognitivo dos escolares que lles permita entrar a competir con garantías de éxito no mercado de traballo. Tanto foi así, que se desembocou nunha situación na que practicamente se recorre ós procesos cognitivos como único recurso para acadar obxectivos de aprendizaxe.

Ignorados os aspectos sensoriomotor e afectivo como vías para acadar aprendizaxes significativas, a área de educación artística tén estado practicamente ausente no deseño de proxectos educativos ou curriculares. Tense esquecido que, canto máis rica é a estrutura emocional dunha persoa, e canto máis profundamente vivenciados son os procesos de aprendizaxe, máis posibilidades existirán de acadar aprendizaxes verdadeiramente significativas e, polo tanto, relevantes para a formación da persoa.

O empeño persistente e nada pedagóxico en fomentar procesos receptivos e individualistas dificultou e impediu en moitos casos o establecemento de procesos de interacción persoal e social, fomentou actitudes escasamente cooperativas, desterrou da metodoloxía ou da didáctica escolar aspectos tan importantes como a experimentación ou a investigación —tan relacionados coa curiosidade natural das nenas e nenos— e constituíuse decididamente nun dos principais baluartes do lamentado fracaso escolar. E se este existe, pouco o nada se pode achacar ás ensinanzas artísticas.

Por todo isto, a potenciación da expresión plástica, musical e dramática permitirá ós

alumnos e alumnas a realización de aprendizaxes verdadeiramente significativas, o desenvolvemento por igual de aspectos tan importantes para a súa personalidade como o cognitivo, pero tamén o afectivo e o sensoriomotor, dunha forma interdependente e nunca xerarquizada. De aí a importancia que cobran as actividades de expresión plástica, musical e dramática no desenvolvemento das capacidades creadoras dos alumnos, da súa maduración persoal, da súa autonomía e da súa sensibilización emocional e afectiva.

O emprego dunhas ou outras formas de expresión artística dependerá das necesidades e características do contido que tén que ser expresado. En calquera caso, esixirán a posta en marcha de procesos de análise, de experimentación e investigación que permitirán unha progresiva organización dos propios pensamentos, sentementos e coñecementos dos alumnos e das alumnas, da persoa. Deste xeito, o que se expresa non son máis que as relacións que o individuo é capaz de establecer a través da súa interpretación persoal e creativa. Este aspecto innovador e creativo é inherente ó proceso mesmo de elaboración artística; as alumnas e alumnos han de ser educados en seguir un determinado proceso innovador a través do cal superar vías establecidas, atopar solucións novas, chegar a resultados que supoñan un máis alto grao de elaboración persoal.

Advertidos xa da trascendencia que esta área educativa encerra, cómpre evita-la consideración da mesma como aquel paréntese que podemos utilizar para vehicula-la necesaria descarga emocional, física ou afectiva, e concederlle o peso que significativamente ten de feito na construción integral do individuo.

A conexión de valores espirituais e humanos, unidos a cualidades persoais, emocionais, intelectuais, creadoras, imaxinativas, estéticas, perceptivas e sociais inducen a que a área de educación artística precise dunha aprendizaxe coidadosamente orientada e guiada, o que esixirá a posta en marcha dunha metodoloxía específica, progresiva e controlada, que permita ós alum-

nos descubri-las posibilidades destas linguaxes e unha progresiva incorporación das mesmas.

A experiencia artística creadora constitúe un constante proceso de asimilación e proxección no que o mundo interior xoga un papel fundamental na interpretación e organización harmónica das vivencias experienciais e activas que mobilizan todo o potencial do individuo. Obxectos, persoas, espazos, sonidos, teñen unha entidade obxectiva que cada individuo percibe dun xeito diferente, segundo as propias peculiaridades persoais; esta asimilación do mundo exterior determina o proceso de expresión creadora que posteriormente se producirá. Hai, sen embargo, unha serie de factores humanos que dalgún xeito condicionan a obxectividade sensorial: imaxinación, emotividade... poden chegar a crear mundos irrealis, simbólicos que se exteriorizan a través das propias creacións. A atención, pois, ás necesidades e motivacións dos nenos poden converte-la acción educativa nun esforzo que posibilite comprender, construír e modifica-lo mundo que nos rodea. A expresión plástica, musical e dramática é a vía máis completa para formar un individuo capaz de facelo, porque permite un desenvolvemento pleno e integrador das tres grandes estruturas da persoa: cognitiva, sensoriomotora e afectiva.

7.2

Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais proporcionan a orientación para a práctica educativa na área e constitúen unha concreción das finalidades educativas que se atribúen á mesma. Débese respetar, sin embargo, o equilibrio entre estes e o resto dos elementos que configuran o currículo escolar.

Considéranse como propósito ou metas a alcanzar, que se van adaptando progresivamente en función dos resultados da aprendizaxe. Destacaríamos, pois, o seu carácter procesual en relación coa adquisición de capacidades nesta etapa.

Refírense, na mesma medida, a contidos de feitos e conceptos, procedementos, acti-

tudes, valores e normas, que, contribúen a promover o desenvolvemento integral dos alumnos.

Ó remate da Educación Primaria, como resultado das aprendizaxes realizadas na Área de Educación Artística, os alumnos terán desenvolvida a capacidade de:

- Comprende-las posibilidades do sonido, a imaxe, o xesto e o movemento expresivo como elementos de representación e utilízalas para expresar ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma en situacións de comunicación e xogo.
- Observa-las características máis significativas das situacións e obxectos da realidade cotiá, tentando seleccionar aquelas que considere máis útiles e adecuadas para o desenvolvemento da actividade artística e expresiva.
- Coñece-los elementos plásticos, musicais e dramáticos básicos para a análise de producións artísticas e utilízalos de forma persoal na elaboración de producións propias.
- Expresarse e comunicarse producindo mensaxes diversas utilizando para iso os códigos e formas básicas das distintas linguaxes artísticas, así como as súas técnicas específicas.
- Realizar producións artísticas de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios na elaboración dun produto final.
- Manipular e investigar sobre materiais e instrumentos diversos —musicais, plásticos e dramáticos— para coñece-las súas propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos, comunicativos e lúdicos.
- Coñecer, utilizar e controla-la voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación plástica, musical e dramática, así como para mellora-lo seu equilibrio afectivo e a relación cos outros.
- Coñece-los medios de comunicación nos que operan a imaxe e o sonido, e os contextos en que se desenvolven, sendo ca-

- paz de apreciar criticamente os elementos de interés expresivo e estético.
- Comprender e usa–los elementos básicos da notación convencional da linguaxe musical como medio de representación, expresión e coñecemento de ideas musicais, tanto propias como alleas.
- Confiar nas elaboracións artísticas propias, disfrutar coa súa realización e aprecia–la súa contribución á autoestima, ó goce e ó benestar persoal.
- Coñecer, respetar e disfrutar das diversas manifestacións artísticas do seu contorno e patrimonio cultural co fin de apreciarlas e relacionalas cos seus propios gustos e valoracións.

7.3

Bloques de Contidos

A forma de agrupa–los contidos débese unicamente á necesidade de presentarlle ó profesorado a información coa que debe traballar na área ó longo da etapa.

Os bloques de contido non son unidades compartimentadas nin conforman, no seu conxunto, un temario. Tampouco o modo de se presentaren supón en ningún caso unha secuencia. A estruturación de unidades didácticas e a secuencia das mesmas debe aparecer, en cambio, no Proxecto Curricular de Centro, e por suposto, na programación do profesor.

Se ben pode haber unidades nas que só se inclúen contidos dun bloque, na maior parte dos casos será preciso elaboralas aglutinando contidos dos distintos bloques.

A organización da área debe promover unha aproximación ás ideas clave, ós procedementos máis usuais e á forma peculiar de se relacionaren os conceptos, tendo en conta unha lóxica que é común ás disciplinas e materias que se integran na mesma.

Os bloques de contido que se desenvolven na área de Educación Artística son:

- Educación sensorial:
 - Percepción.
 - Grafomotricidade.
- Linguaxe visual e plástica:

- Estructuración da linguaxe.
 - Comunicación visual.
- Expresión plástica:
 - Creatividade e expresividade.
 - Síntese de elementos e relacións.
 - Análise de imaxes e de mensaxes.
- Expresión rítmica e movemento.
- Expresión instrumental.
- Expresión vocal e canto.
- Lectura e escritura musicais.
- Educación audioperceptiva.
- O xogo.
- Movemento expresivo e comunicación.
- O xogo dramático.
- Xogo de roles e procesos de creación dramática.

7.3.1

Educación sensorial

A través deste bloque preténdese estimular a imaxinación e a creación de imaxes mentais mediante a observación e o emprego nela de tódolos sentidos para proporcionar máis elementos á propia Expresión Plástica. Así mesmo, preténdese desenvolve–las posibilidades do xesto para chegar a un dominio expresivo e persoal do mesmo nas representacións plásticas.

Conceptos

- Percepción.
 - Percepción visual global.
 - Apreciación da forma a través dos sentidos.
 - O contorno como medio de información.
 - Percepción das nocións espaciais topolóxicas, proxectivas e métricas.
 - Diferenciación forma–imaxe. O punto de vista.
 - Relacións que xeran os obxectos. O ordenamento mental dos mesmos.
 - Imaxe no espacio. Relacións ópticas.
- Grafomotricidade.
 - Relación entre liña e trazo.
 - O xesto e a forma: bi e tridimensional.
 - O xesto xerador de imaxes.

- Estructuración mental do espacio topolóxico, proxectivo e métrico e a súa relación coa expresión plástica.

Procedementos

- Percepción.
 - Exploración sensorial propia e do contorno.
 - Observación directa a través dos sentidos, especialmente da vista e do tacto: a forma, a cor, a textura e o conxunto de elementos.
 - Observación da luz e da sombra.
 - Observación indirecta: imaxes do contorno, estrutura xeométrica e estrutura interna.
 - Memoria visual e retentiva.
 - Apuntes rápidos, tanto estáticos como en movemento.
- Grafomotricidade.
 - Experimentación xestual a partir do volume.
 - Experimentación a partir do trazo tanto espontáneo como suxerido.
 - Descrición de imaxes a partir do xesto.
 - Precisión e dominio do xesto.

Actitudes

- Curiosidade e inquietude por experimentar e observar.
- Sensibilidade de cara ós fenómenos estéticos.
- Seguridade e expresividade no trazo.
- Control óculo–manual.

7.3.2

A linguaxe visual e plástica

A través deste bloque preténdese proporcionar-lo coñecemento estrutural dos elementos da linguaxe visual. Así mesmo, preténdese chegar á elaboración, representación e interpretación de menxases gráfico–plásticas, tanto na bidimensión como na tridimensión.

Conceptos

- Estructuración da linguaxe.
 - A forma, medida e proporción.

- Tipos de formas: descritivas, xeométricas, casuais.
- O espacio: relacións entre a bi e a tridimensión.
- Secuencias de imaxes: relación espacio–tempo.
- A cor: clasificación. Teoría da cor.
- A composición: equilibrio e composición de masas. Estructura. Composición tonal. Composicións simétricas: movementos lineais, ritmos, liñas de forza.
- A imaxe: grados de iconicidade.

□ Comunicación visual.

- A linguaxe plástica como elemento de comunicación.
- A linguaxe plástica como medio de coñecemento e expresión do propio mundo interno.
- Transformación progresiva da linguaxe plástica da subxectividade á obxectividade.
- Lectura da imaxe.
- Funcións das imaxes.
- Percepción de diferentes tipos de comunicación visual.
- A mensaxe e o seu significado.
- O signo e o símbolo.
- Códigos visuais.

Procedementos

- Para a estructuración da linguaxe:
 - Ordenación de obxectos.
 - Estructuración da forma tridimensional: configuración do volume, caracterización das superficies.
 - Representación das formas bidimensionais: forma, textura, cor.
 - Representación das formas tridimensionais no espacio: o volume.
 - Descrición realista das formas observadas.
 - Representación de formas simbólicas.
 - Relación intencionada entre formas: composición.
 - Elaboración e realización de composicións: equilibrio.
 - Representación no espacio–tempo: a imaxe secuenciada, o movemento.

- Para a comunicación visual:
 - Lectura de imaxes.
 - Realización de comunicacións: a mensaxe.
 - Descrición da realidade rexistrando os detalles.
 - Transformación dunha imaxe subxectiva en obxectiva: recreacións figurativas.
 - Utilización articulada e unitaria do código visual con fins compositivos.
 - Descubremento e captación da cultura da imaxe.

Actitudes

- Actitude receptiva, analítica e reflexiva na toma de conciencia das mensaxes visuais e plásticas.
- Disposición lúdica na actividade plástica.
- Valoración da organización do campo de traballo.
- Hábitos de síntese.
- Apreciación e sensibilización de cara ó mundo da Arte.

7.3.3

Expresión plástica

A través deste bloque preténdese desenvolver a capacidade expresiva e creativa. Na medida en que as rapazas e os rapaces teñan unha base perceptiva e un certo manexo de instrumentos e técnicas, estarán en disposición de desenvolver a súa expresividade plasticamente, tanto da realidade obxectiva como da vivencia subxectiva. Así mesmo, o desenvolvemento da creatividade realizarase na medida en que se poñen en contacto coa posibilidade de transformar a realidade facendo uso da imaxinación.

Outro aspecto a tratar é a valoración de imaxes e mensaxes tendo en conta os valores comunicativos, expresivos e creativos, así como os motivos e os símbolos das mesmas.

Conceptos

- Síntese de elementos e relacións.

- A linguaxe plástica como vehículo de comunicación.
- A superficie como soporte.
- Investigación das posibilidades plásticas dos materiais e dos útiles.
- Aspectos da imaxe: formais, estruturais e de elaboración.
- Iniciación á representación bidimensional do volume: os obxectos, as plantas, os animais, a figura humana.
- O espazo: perspectiva.
- Creatividade e expresividade.
 - A expresión da forma a partir da realidade, a memoria e a imaxinación.
 - Instrumentos e técnicas como elementos de expresión e de comunicación.
 - A expresividade dos elementos básicos.
 - Manipulación de imaxes: efectos expresivos.
 - A imaxinación a partir da experiencia.
- Análise de imaxes e de mensaxes.
 - Mensaxes visuais presentes no medio.
 - Lectura da imaxe. Estructura interna, análise dos elementos.
 - A composición plástica. Elementos e configuracións estruturais máis evidentes.
 - Introducción ás principais manifestacións da Arte Galega e universal. Significado cultural, función comunicativa, valores estéticos.

Procedementos

- Síntese de elementos e relacións.
 - Iniciación á relación dos elementos plásticos.
 - Representación figurativa, obxectiva e subxectiva.
 - Proceso de traballo para chegar á materialización dunha idea.
 - Representación do volume no plano: perspectiva a man alzada e iniciación á perspectiva lineal.
 - Utilización de diferentes materias, instrumentos e técnicas para as elaboracións plásticas.

- Aplicación das novas tecnoloxías como medios de comunicación e de expresión.
- Creatividade e expresividade.
 - Representación de formas no espazo de maneira espontánea e imaxinativa.
 - Experimentación da cor, das texturas e das súas cualidades como medio de expresión e representación de formas, volumes, fantasías e sentimentos.
 - Proxección de maneira persoal e creativa: estilización, transformación, sintetización.
- Análise de mensaxes
 - Identificación en composicións diversas dos elementos plásticos traballados.
 - Lectura oral ou escrita de mensaxes.

Actitudes

- Sinceridade no que se expresa plásticamente.
- Valoración da rigurosidade, da claridade, e do orde, nas creacións plásticas.
- Apreciación da orixinalidade e da espontaneidade como fundamento da conducta creativa.
- Espírito de superación no proceso individual.
- Respeto ás persoas e apreciación ás súas obras.
- Interese e respeto pola tradición.
- Actitude colaboradora e participativa nas actividades en grupo.

7.3.4

Expresión rítmica e movemento

Neste bloque preténdese que os alumnos desenvolvan a súa capacidade de expresión a través do propio corpo, utiliza-la como recurso para interiorizar elementos da linguaxe musical, axudándolles a organizar as necesidades de expresión e comunicación que toda educación estética precisa.

Tódolos contidos tratan da relación entre música e movemento corporal, polo que están especialmente relacionados co bloque de educación audioperceptiva e con algúns contidos da expresión corporal.

Conceptos

- O corpo como elemento de expresión e comunicación.
- Ritmos interiores e exteriores.
- Ritmos corporais e da natureza.
- Elementos constitutivos do sonido e do ritmo.
- A danza como forma organizada de movemento.
- Danzas populares de Galicia, doutras comunidades e países.
- Xogos rítmicos e de movemento.

Procedementos

- Reacción espontánea ou dirixida a estímulos sonoros.
- Adaptación do movemento a diferentes cualidades do sonido e elementos rítmicos.
- Improvisación de pasos e fórmulas rítmicas básicas.
- Execución de danzas.
- Análise dos elementos que comprenden unha danza.
- Creación, individual ou en grupo, de coreografías a partir de elementos coñecidos ou inventados.
- Contextualización e relación das danzas co seu entorno cultural e social.

Actitudes

- Valoración do propio corpo e das actividades corporais como vehículo de expresión e comunicación.
- Aceptación da propia imaxe e actitude de desinhibición.
- Sensibilidade estética ante as producións corporais propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores das mesmas.
- Interés por mellora-la precisión rítmica do propio movemento.
- Actitude colaboradora e participativa co grupo na creación e execución de coreografías e danzas.
- Constancia no ensaio de pasos de danza co obxectivo de mellora-la súa execución.

- Valoración da danza como unha manifestación cultural dos pobos.

7.3.5

Expresión instrumental

Neste bloque agrúpanse tódolos contidos sobre instrumentos musicais escolares que poidan contribuír ó desenvolvemento das habilidades motrices, á comprensión do fenómeno sonoro e ó coñecemento da lingua-xe musical e das súas características.

Os contidos de procedementos e de actitudes serán a base do traballo expresivo, creativo e participativo.

A selección de instrumentos deberá adaptarse ás posibilidades dos alumnos e ós medios dispoñibles.

Conceptos

- O corpo como instrumento rítmico. Instrumentos corporais.
- Obxectos sonoros.
- Instrumentos musicais escolares, as súas posibilidades e aplicación (individual e grupal).
- Instrumentos populares de Galicia.
- Familias instrumentais: tipos, agrupacións.
- O timbre instrumental. As súas características.
- Os elementos constitutivos da Música a través da expresión instrumental: rítmicos, melódicos, harmónicos, formais.
- Repertorio. Partituras escolares.
- Técnica instrumental.
- Os instrumentos como un medio para improvisar, crear e acompañar cancións, danzas, textos.
- Acompañamentos instrumentais con acordes fundamentais.
- Contos musicais.

Procedementos

- Utilización das posibilidades sonoras do corpo: xesto sonoro e recurso vocal.
- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas de obxectos, instrumentos e manipulación dos mesmos: pulsar, axi-

tar, sacudir, frotar, rascar, golpear, soprar...

- Utilización de obxectos e instrumentos para percibir, explorar, diferenciar e recoñece-los parámetros do sonido: intensidade, duración, altura, timbre.
- Recoñecemento visual e auditivo de instrumentos.
- Improvisación de motivos, frases e pequenas formas, rítmicas e melódicas, individualmente e en grupo, como forma de acompañamento.
- Construcción de obxectos sonoros.
- Interpretación de pezas instrumentais.
- Memorización de ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.
- Creación de acompañamentos instrumentais a textos, danzas, representacións escénicas.
- Invención de contos instrumentais.
- Gravación e análise das experiencias realizadas na aula e doutras manifestacións musicais.
- Utilización dos diferentes medios de comunicación como fonte de información, formación e entretenemento.

Actitudes

- Curiosidade por explorar e experimentar posibilidades sonoras do corpo, obxectos, instrumentos.
- Interés por coñece-la diversidade instrumental.
- Apreciación e valoración dos instrumentos populares e tradicionais como integrantes do patrimonio cultural da comunidade na que vivimos.
- Valoración da participación na actividade instrumental.
- Apreciación das creacións feitas polos compañeiros e de calquera manifestación artística.
- Respeto polas normas de actuación en grupo, controlando a execución, o tempo, o matiz, a expresión e a atención ó director.

- Valoración da orixinalidade e da espontaneidade como fundamentos da conduta creativa.
- Coidado e responsabilización dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.
- Afición pola interpretación de pezas instrumentais.
- Interés e sensibilidade por transmitir as propias ideas, sentimentos e fantasías empregando as posibilidades expresivas, estéticas e lúdicas da expresión instrumental.

7.3.6

Expresión vocal e canto

A finalidade deste bloque é educar, coñecer e potencia-las posibilidades da voz, tanto como medio de expresión, creación e interpretación, como o coñecemento de cancións das diversas culturas e tempos. O desenvolvemento do canto e da canción proporciona unha vía de acceso directo á comprensión dos elementos da linguaxe musical.

Os contidos de procedementos e actitudes esixen unha participación activa de todo o grupo clase. En ningún caso deberá seleccionarse ós alumnos por razóns de aptitudes específicas.

Conceptos

- Emisión da voz: respiración, articulación, resonancia, entoación.
- A canción:
 - Cancións do noso folclore.
 - Cancións infantís, folclóricas, clásicas e contemporáneas, tradicionais e modernas.
 - Aspectos musicais e expresivos da canción
 - Musicais: ritmo, melodía, harmonía, forma.
 - Expresivos: intensidade, tempo, entoación, timbre, articulación, fraseo.
 - A canción en interacción coa lingua.
 - A canción como posibilidade para traballar a interdisciplinidade.
- A expresión vocal e o canto:

- Elementos que contextualizan o canto: tipos de voz, número de participantes, momentos, grupo grande, mediano e pequeno.
- Elementos musicais: intensidade, ritmo, tempo, altura, timbre, forma.

Procedementos

- Aplicación das técnicas de respiración, articulación e resonancia como un medio para mellora-la interpretación de cancións.
- Improvisación vocal:
 - Exploración dos recursos vocais como medio expresivo e para traballar elementos da linguaxe musical.
 - Recreación musical dun texto oral ou escrito.
 - Estratexias de repetición, imitación e desenvolvemento como recursos da improvisación vocal.
 - Improvisación de fragmentos rítmicos ou melódicos por encadeamento de elementos ou xuxtaposición.
 - Creación e interpretación de partituras vocais a partir de signos non convencionais (puntos, liñas, espirais...).
- Interpretación de cancións:
 - Fixación e memorización de partes e do conxunto.
 - Expresión musical axeitada ás características da canción.
 - Canto en grupo: ó unísono, en canon, a varias voces.
- Relación entre as cancións e o entorno cultural e social da súa produción.
- Aplicación de conceptos da linguaxe musical na creación, interpretación e análise de cancións.
- Gravación e análise das experiencias realizadas na aula e doutras manifestacións musicais.
- Utilización dos diferentes medios de comunicación como fonte de información, formación e entretenemento.

Actitudes

- Valoración da voz como instrumento de expresión e comunicación.

- Interese por cantar como fonte de pracer e como medio de formación, información e recepción do legado cultural.
- Interese e sensibilidade por transmitir as propias ideas, sentimentos e fantasías empregando as posibilidades expresivas, estéticas e lúdicas da expresión vocal.
- Valoración da orixinalidade e da espontaneidade como fundamentos da conduta creativa.
- Apreciación das creacións feitas polos compañeiros e de calquera manifestación artística.
- Respetar as normas de actuación en grupo, controlando a execución, o tempo, o matiz, a expresión e a atención ó director.
- Afición pola interpretación de pezas vocais.
- Sensibilidade por captar os diferentes elementos (estructurais, emotivos, imaxinativos...) que aparecen nas cancións.

7.3.7

Lectura e escritura musicais

Neste bloque inclúense contidos que teñen como obxectivo a aprendizaxe da grafía musical convencional. O desenvolvemento dos mesmos debe ser posterior ás experiencias prácticas e ás vivencias auditivas, que irán preparando para a aprendizaxe significativa dos elementos da lectura e escritura musicais.

Conceptos

- A representación gráfica da música como medio de comunicación.
- A grafía musical como representación do sonido, o movemento e a forma.
- Elementos da linguaxe musical:
 - Pulso e unidades métricas.
 - Alturas sonoras: notas, intervalos, escalas.
 - Elementos formais: repetición, pregunta-resposta.
 - Signos de prolongación, repetición, intensidade, aire ou movemento.

- Situacións de utilización de grafías musicais.
 - Ritmos, melodías, harmonía para o acompañamento musical.
 - Cancións, pezas, instrumentos e improvisación vocal e instrumental.
 - Audicións.
- Elementos e tipos de grafía: convencionais e non convencionais.

Procedementos

- Asociación da representación gráfica da música cos sonidos que representa.
- Relacións entre os códigos oral e escrito.
 - Correspondencias entre os sonidos e as grafías.
- Lectura musical:
 - Recoñecemento e interpretación de signos convencionais e non convencionais do sonido, o movemento e a forma.
 - Lectura de cancións e de pezas musicais.
- Escritura musical:
 - Elaboración rítmica de textos e transformacións de textos en ritmos.
 - Escritura musical dirixida e de creación.
 - Creación de ritmos libres, rítmicos, métricos.
- Memorización do código de motivos ou esquemas de representación do sonido, o movemento e a forma.
- Análise dos elementos da linguaxe musical en cancións, pezas musicais etc., coñecidas polo alumnado.
- Memorización dos signos convencionais para representar e interpretar música.

Actitudes

- Conciencia da importancia da escritura musical no intercambio social, como medio para fixalo pensamento e acceder á información.
- Claridade, limpeza e orde nos traballos de escritura musical.

- Aplicación habitual dos coñecementos da lectura e escritura musicais para acercarse a novas obras: audición e interpretación.
- Disfrutar interpretando e representando graficamente as obras que improvisa, as que é capaz de executar e aquelas obras nas que as estruturas son básicas.
- Disposición favorable para a aprendizaxe da lectura e escritura musicais.

7.3.8

Educación audioperceptiva

Os contidos deste bloque teñen como obxectivo o desenvolvemento da percepción auditiva en tódolos seus planeamentos sonoros e musicais que forman parte intrínseca do feito musical. Nos procedementos inclúese a audición de obras musicais, tanto como recurso para introducir diferentes contidos da linguaxe musical, como un medio para esperta-lo interés artístico musical dos alumnos.

Conceptos

- O sonido:
 - Fontes sonoras: tradicionais e non tradicionais.
 - Sonidos da natureza, do entorno, sonidos musicais.
 - Percepción sonora: sonido, ruído e silencio.
- Elementos constitutivos do sonido:
 - Cualitativos: ubicación espacial, altura, timbre, intensidade, movemento.
 - Cuantitativos: duración, prolongación, articulación.
- Elementos da linguaxe musical:
 - Ritmo (figuras).
 - Melodía: alturas sonoras (notas), escalas, intervalos (conxuntos e disxuntos).
 - Harmonía: acordes, harpexios, tonalidade.
- Cancións de intervalos.
- A obra e as súas características formais: parámetros do sonido, elementos da música, organización formal.

- Obras musicais de diferentes autores, épocas, culturas.

Procedementos

- Exploración das posibilidades sonoras do mundo propio e circundante como un primeiro paso para o descubrimento e coñecemento das cualidades do sonido.
- Imitación de sonidos, ruídos e movementos sonoros (pancromáticos e diatónicos) a través da voz ou de calquera outro instrumento sonoro.
- Distinción auditiva entre sonido, ruído e silencio.
- Clasificación de sonidos aillados, de intervalos melódicos libres e organizados.
- Creación de secuencias musicais, historias, partituras co sonido, de forma individual e en grupo.
- Expresión da percepción musical utilizando linguaxes diferentes —plástica, verbal, corporal...—
- Audición interior a través da imitación e repetición de sonidos, adiviñar cancións polo seu ritmo, memorización de secuencias rítmicas e melódicas.
- Audición musical:
 - Audición de pezas musicais, fragmentos de obras e análise dos elementos musicais nas mesmas.
 - Utilización de diferentes recursos como forma de seguimento da obra musical: corporais, plásticos, acompañamentos instrumentais, musicogramas.
 - Utilización dos medios audiovisuais, manipulación dos mesmos e montaxes audiovisuais.
 - Contextualización das obras musicais.
 - Planificación e organización da asistencia a concertos e acontecementos musicais.

Actitudes

- Actitude creativa, exploratoria da realidade musical.
- Interés pola participación en audicións musicais.
- Respetar-las normas de participación en audicións musicais.

- Coidado e respecto polo material audiovisual.
- Respeto polo espectáculo: coñecemento e observancia das normas de comportamento na asistencia a acontecementos musicais.
- Valoración da música que está á marxe dos seus propios intereses.

7.3.9

O xogo

Non só se trata de aprender xogando, senón de xogar para aprender. Este será un eixe fundamental da actividade dos nenos que acoden á escola primaria e tamén o eixe metodolóxico de todo o proceso que a Expresión Dramática abrangue; por iso a necesidade de recuperar ou potencia-la actividade lúdica para que os alumnos incorporen actitudes e desenvolvan destrezas e capacidades que favorezan os seus procesos de aprendizaxe. Deste xeito, o seu espertar consciente ó mundo producirase dun modo menos traumático e profundamente vivenciado.

Conceptos

- A actividade lúdica:
 - Xogos tradicionais.
 - Xogos cotiás.
 - Transformación e invención de xogos.
- Da actividade lúdica á relación grupal:
 - Xogo funcional.
 - Xogo simbólico.
 - Xogo regulado.
- Actividade lúdica e desenvolvemento psicomotor:
 - Mobilización.
 - Desinhibición.
 - Sensibilización.
- Actividade lúdica e desenvolvemento senso perceptivo:
 - Atención e concentración; a memoria sensorial.
 - Percepción visual, táctil, auditiva e rítmica.
 - Percepción espacial e temporal.
- Actividade lúdica e espontaneidade:

- Observación e imitación.
- Simulación e creación.

Procedementos

- Utilización dos xogos tradicionais e cotiás como elementos desencadeantes da actividade lúdica.
- Transformación dos xogos coñecidos na invención doutros novos.
- Estimulación da relación grupal a través da comprensión e utilización de diferentes xogos regramentados.
- Realización de actividades que supoñan unha plena utilización do corpo.
- Utilización da imitación como forma de comprender e apreñende-la realidade.

Actitudes

- Apreciación e valoración dos xogos populares e tradicionais como integrantes do patrimonio cultural da comunidade na que vivimos.
- Apreciación e valoración da recuperación de xogos populares e tradicionais e da súa utilización como desencadeantes da actividade lúdica e como recursos para a realización das máis diversas actividades.
- Estimulación de actitudes de aceptación e confianza para promove-lo traballo coordinado con outros elementos do grupo.
- Apreciación, respecto e valoración do traballo e das ideas alleas, nun marco comunitario e democrático de actuacións.
- Valoración da importancia que a plena utilización do corpo ten nunha maior relación e comunicación interpersoal.
- Valoración da importancia dos sentidos para unha maior comprensión e integración da realidade propia e a circundante.
- Aceptación e valoración da orixinalidade e da espontaneidade como fundamentos da conducta creativa.
- Asunción e práctica dos valores positivos presentes na competición lúdica e deportiva evitando as desviacións cara a actitudes éticas negativas.

7.3.10

Movemento expresivo e comunicación

O movemento corporal é unha das claves que condicionan e determinan a nosa relación e comunicación cos demais, a nosa forma de ser e de estar no mundo e, polo tanto, a nosa conducta.

A imaxe, e o concepto que temos de nós mesmos ou dos que nos rodean, vén determinada, a maioría das veces, por unha imaxe corporal concreta e precisa.

Descubrir, experimentar e potenciar tódalas posibilidades do noso corpo como o máis importante medio de relación, expresión, comunicación e creación persoal supón incidir de cheo nunha conformación integral da personalidade e, polo tanto, da conducta espontánea, libre e creativa.

Conceptos

- O noso corpo:
 - Esquema e imaxe corporal.
 - O corpo en movemento: marcha, equilibrio, postura.
- O corpo relacionado co espazo, cos obxectos e cos demais.
- O corpo expresa e comunica:
 - A partir do xesto: mimo e pantomima.
 - A partir do movemento: expresión corporal.
 - A partir da palabra: respiración, fonación e expresión oral. Fluxo lingüístico e competencia comunicativa.

Procedementos

- Vivenciación do noso corpo como totalidade e como conxunto harmónico de partes, en forma estática e en movemento.
- Análise e experimentación de tódalas posibilidades motrices do corpo.
- Exercicio do control espacial, de forma estática e dinámica.
- Percepción e vivenciación do espazo propio e do alleo, do valeiro e do cheo.
- Busca de diferentes formas de relación e comunicación entre o noso corpo, o espazo, os obxectos, e os demais.

- Experimentación, vivenciación e desenvolvemento das posibilidades expresivas do xesto.
- Comunicación interpersonal a partir das posibilidades expresivas e creativas do corpo en movemento.
- Preparación e axeitamento correcto dos órganos articulatorios para unha correcta emisión da voz.
- Experimentación de tódalas potencialidades expresivas e creativas da voz.

Actitudes

- Aceptación e valoración da propia realidade corporal para promover e facilitalo proceso de afirmación persoal.
- Aceptación e valoración da realidade corporal allea e da presenza dos demais como factores condicionantes e reguladores da propia conducta e da relación e comunicación grupal.
- Valoración e apreciación das posibilidades expresivas, comunicativas e creativas da voz, do xesto e do movemento corporal.
- Aceptación e valoración de tódalas posibilidades comunicativas, expresivas e creativas das linguaxes verbais e non verbais.

7.3.11

O xogo dramático

O desenvolvemento da capacidade lúdica vai facilita-lo paso do real ó imaxinario, impulsando a imaxinación creadora como fundamento da conducta creativa.

Este bloque está orientado ó desenvolvemento da capacidade de improvisación para posibilitar unha maior e máis creativa adaptación do individuo ás situacións que vai afrontar no seo da propia actividade lúdica e na vida real.

Improvisar a partir dos máis variados estímulos; analizar, comprender e recrealas máis diversas situacións; desenvolver as destrezas necesarias para elaborar situacións dramáticas e crear historias son os obxectivos básicos do presente bloque.

Conceptos

- Xogos de improvisación a partir da palabra, do xesto e do movemento.
- Improvisación e creatividade: do real ó imaxinario.
 - Manipulación, transformación e creación de obxectos.
 - Exploración e transformación de espazos.
 - Exploración, ilustración e creación de situacións dramáticas.
- A improvisación dramática.
 - Técnicas para crear historias.
 - Historias para contar e dramatizar.

Procedementos.

- Improvisacións a partir de xogos que impliquen a utilización da palabra, do xesto e do movemento.
- Resposta ante situacións novas, inesperadas ou sorprendentes, favorecendo a comprensión da situación dada e adecuando a resposta á mesma.
- Improvisacións a partir dos máis variados recursos e situacións para favorecer e estimular a imaxinación creadora.
- Creación de historias e situacións dramáticas a partir dos máis variados estímulos, de forma individual e colectiva.

Actitudes

- Valoración da improvisación como medio para explorar, recrear e coñecer as máis variadas formas de comportamento.
- Apreciación da improvisación como medio para expresar ideas, sentimentos e pensamentos.
- Valoración da conducta creativa como reacción espontánea ante estímulos e situacións determinadas.
- Valoración, apreciación e promoción da capacidade imaxinativa do individuo e do grupo.

7.3.12

Xogos de roles e procesos de creación dramática

O proceso de socialización é un dos máis complexos que como individuos temos que

afrontar; de aí a importancia de posibilitar que os nenos vivencien a maior cantidade posible de conflitos, situacións e roles que lles permitan comprender e coñecer a conducta humana. Isto permitiralles, ó mesmo tempo, desenvolver as súas competencias social, comunicativa e lingüística, e potencia-la súa autoafirmación e equilibrio persoal.

A dramatización é un xogo teatral onde se recrean situacións, personaxes, conflitos ou accións nun marco espazo-temporal delimitado, a partir dos presupostos fixados polo grupo. Na dramatización téntase pór ós participantes en contacto coa linguaxe teatral nun xogo no que a participación, a comunicación e, en definitiva, a expresión plena son obxectivos fundamentais.

Por medio da creación colectiva podemos acadar un maior grao de elaboración nos procesos dramáticos e posibilitar que os alumnos reflexen as súas inquedanzas, ideas, vivencias, pensamentos, sentimentos e a súa forma de entender e vivir a vida.

O proceso completárase co traballo sobre textos teatrais e non teatrais e prestando unha especial atención ás manifestacións socioculturais da comunidade na que vivimos.

Conceptos

- Xogo de roles e situación dramática:
 - Personaxe.
 - Acción.
 - Conflicto.
- Procesos de creación dramática:
 - Dramatización.
 - Centros de interés.
 - Recursos do entorno sociocultural.
 - Recursos literarios.
- Creación colectiva:
 - Linguaxe e códigos dramáticos: personaxe, acción, tema, argumento, espazo escénico e tempo dramático.
 - O proceso de creación colectiva: selección de temas. Improvisación de escenas. Elaboración e fixación do texto.

Posta en escena. Avaliación e discusión sobre o proceso.

- O texto teatral:
 - Selección e lectura de textos teatrais.
 - Análise e adaptación.
 - Escenificación.
- Animación teatral na escola:
 - Festa e animación.
 - Animación e actividades socioculturais.

Procedementos

- Imitacións e improvisacións para adoptar e ilustra-los máis variados roles.
- Análise e investigación de diferentes formas de conducta para facilita-la súa comprensión, interiorización e recreación.
- Dramatización nas máis diversas situacións, partindo de variados centros de interés, de forma colectiva e simultánea.
- Creación, a partir de improvisacións de pequenas escenas, prestando un especial interés á comprensión e manexo de conceptos como personaxe, acción e conflito.
- Análise e utilización dos máis variados recursos narrativos como elementos dramatizables.
- Estimulación da creación dramática a partir de estímulos literarios, plásticos, musicais, etc...
- Identificación dos principais elementos dun texto teatral, a partir da súa lectura, análise e discusión.
- Recuperación e aproveitamento das máis variadas manifestacións parateatrais como unha das bases da animación teatral na escola.

Actitudes

- Comprensión da conducta humana a partir da recreación e vivenciación das máis variadas situacións.
- Valoración e apreciación da dramatización como recurso para comprende-la linguaxe e a esencialidade dramática.

- Comprensión de diferentes realidades persoais e sociais a partir dos diferentes procesos de creación dramática.
- Apreciación do intercambio de ideas, vivencias e sentimentos, como recursos utilizables nos procesos de creación dramática.
- Valoración e apreciación da lectura, análise e discusión de textos teatrais como medio para acadar unha maior comprensión da linguaxe dramática, da realidade circundante, e como forma de enriquecemento cultural.
- Valoración e apreciación da utilización de diferentes recursos do entorno socio-cultural para a creación de textos teatrais.
- Interese pola recuperación de festas parateatrais e outras manifestacións culturais da comunidade na que vivimos.

7.4

Criteria de avaliación

Á hora de considera-las especificidades da avaliación nesta área, cómpre ter en conta, en primeiro lugar, o enfoque expresivo-comunicativo que se lle dá á Educación Artística ó longo de todo o deseño curricular, que obriga a pensar toda a avaliación dende unha perspectiva diferente.

En consonancia con este novo enfoque comunicativo, a avaliación deberá centrarse en tódolos aspectos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero dende este enfoque. Así, na avaliación do profesorado haberá que ter en conta a eficacia das actividades deseñadas con miras á consecución dun ambiente que propicie a expresión e comunicación. Na avaliación dos alumnos e alumnas haberá que considerar, sobre todo, se se produciu un incremento da súa capacidade expresivo-comunicativa constatable a través das súas manifestacións plásticas, musicais e dramáticas. Na avaliación do sistema, haberá que considerar se contamos cos medios axeitados para levar a cabo as actividades deseñadas (espacios, materiais...), se a programación está en consonancia cos obxectivos

e contidos do deseño curricular. O camiño correcto para a avaliación desas adquisicións pasa pola observación das condutas e pola análise dos produtos do traballo diario. Esa observación e esa recollida de información debe facerse a través de procedementos diversos e variados, fuxindo de se centrar naqueles aspectos doadamente cuantificables (xeralmente contidos de carácter conceptual). Hai que avalialos tres tipos de contidos e reparar en que os de carácter procedemental e actitudinal teñen unha importancia decisiva. Neste sentido, as fichas de observación individual, que permiten un seguimento do traballo diario, son a mellor alternativa.

Se a avaliación inicial é sempre importante éo máis importante nesta Etapa de Primaria. Mais que os coñecementos previos, o que será preciso comprobar é a competencia expresiva-comunicativa dos alumnos e a súa manifestación na práctica.

Ten unha grande importancia así mesmo o proceso de autoavaliación por parte dos nenos e nenas. Isto é importante en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero é decisiva na área de Artística. Repárese en que a aprendizaxe nesta área supón un continuo poñer en cuestión as estratexias expresivo-comunicativas de que dispón o alumno, e ir perfeccionándoas e mellorándoas día a día. Isto obriga a que haxa un proceso de asunción das propias deficiencias e unha vontade de superalas. A autoavaliación é o mecanismo imprescindible dese proceso.

Os criterios de avaliación deben ter en conta os seguintes aspectos:

- *Identificar algunhas características plásticas e visuais observables (cor, forma, textura, medida) en elementos naturais e en manifestacións artísticas presentes no medio e establecer relacións de semellanza e diferenza coas propias producións.*

Neste criterio hai que prestar especial importancia á observación. Dirixírase a recoñecer algúns elementos observables presentes nas manifestacións artísticas do contorno (festas populares, natureza, artesanía) e relacionalos coas

súas producións, descubriendo semellanzas ou diferenzas que lles permitirán iniciarse na sensibilidade e no gusto polo feito artístico.

- *Describir algún dos elementos constitutivos (signos, punto de vista do observador, amplitude do plano, contido, etc.) dunha mensaxe visual presente no medio.*

Con este criterio quérese comprobar se os alumnos e alumnas identifican e describen con detalle algún dos aspectos básicos que interveñen nas mensaxes visuais que a cotío os rodean (imaxes de TV, anuncios publicitarios, videoclips, carteis, etc.). É importante que a avaliación se realice con mensaxes coñecidas de antemán polo alumno.

- *Realizar representacións plásticas nas que se teña en conta a distribución de masas, a proporción e a utilización de diferentes texturas como elementos modificadores da composición.*

Mediante este criterio preténdese comprobar se os alumnos e alumnas realizan unha distribución adecuada dos elementos plásticos da composición, teñen en conta as relacións de medida entre as figuras e as formas que aparecen, e incorporan materiais de diferentes texturas á súa produción.

- *Representar por medio de imaxes secuenciadas (cómic, fotonovela, diapositivas) personaxes, obxectos e accións que aparecen nunha determinada orde espacial e temporal.*

Quérese comprobar con este criterio se os alumnos e alumnas teñen en conta, na sucesión de imaxes que propoñen, o punto de vista do observador, unha orde espacio-temporal adecuada e unha correcta parcelación das accións, personaxes ou obxectos en planos sucesivos. Así mesmo valorarase, nos casos en que sexa necesario, a integración da lingua verbal e da icónica

- *Identificar distintos aspectos dos parámetros do son (agudo-grave, longo-curto, forte-piano, timbre) de forma illada e en interrelación.*

Este criterio trata de comprobar que o alumno coñece principios e relacións

relativos á linguaxe musical a través da identificación dos parámetros do son illadamente e en audicións curtas de fragmentos musicais. A avaliación realizarase en actividades de xogo e familiares.

- *Identificar algúns elementos da linguaxe musical (timbre, ritmo, velocidade, dinámica, etc.) na audición de obras musicais sinxelas traballadas arreo na aula.*

Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento da linguaxe musical desde a perspectiva do que escoita e a comprensión dos compoñentes dunha obra musical sinxela. Os alumnos e as alumnas describirán algúns aspectos da obra ou fragmento escoitado; establecendo relacións entre os elementos utilizados na descrición e a experiencia musical previa.

- *Responder, en situacións de improvisación, a fórmulas rítmicas e melódicas sinxelas, utilizando algún dos recursos expresivos musicais (o movemento e a danza, a voz, os instrumentos).*

Con este criterio trátase de comprobar, en algúns casos, o grao de axuste ou precisión nas actividades de movemento que requiran unha resposta individual e de grupo, a destreza no manexo de instrumentos musicais, o grao de precisión para executa-los ritmos propostos, e a utilización que o alumnado realiza das súas posibilidades.

- *Utiliza-la notación musical para a lectura de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos traballados a cotío na aula.*

Trátase de comprobar se o alumnado asocia sons a símbolos musicais que lle serven para interpretar ou comunicarse con outros. A avaliación realizarase en situacións familiares, onde se teña vivenciado corporal ou localmente o que se represente mediante grafías musicais.

- *Utilizar adecuadamente os recursos expresivos da voz, como instrumento para a improvisación e para o canto.*

Con este criterio avalíase o alcance que o alumno e a alumna acadaron no manexo técnico e expresivo da voz: vo-

calización, articulación, respiración e intensidade, e que lles permite participar en actividades de canto de crecente complexidade. Valorarase así mesmo a participación desinhibida no canto individual e colectivo.

- *Utiliza-los recursos expresivos do corpo, dos obxectos, da luz e do son para representar personaxes e situacións dramáticas sinxelas e para comunicar ideas, sentimentos e vivencias.*

Quérese comprobar con este criterio se o alumnado, a través do xogo dramático, inventa e desenvolve personaxes reais ou imaxinarias, coordina as súas accións con outros membros do grupo e utiliza os recursos expresivos do corpo para comunicar sentimentos, ideas e situacións.

- *Identificar algún dos elementos básicos do xogo dramático (personaxes, conflito, trama, espacio, tempo) e realizar improvisacións a partir deles.*

O alumno e a alumna teñen que identificar e diferenciar con claridade os distintos compoñentes do xogo dramático, e da-la súa opinión razoada sobre a obra á que asistiu (festivais de teatro infantil, espectáculos de mimo, accións e teatro de rúa, etc.). Así mesmo terase en conta a resolución no tratamento das improvisacións: caracterización das personaxes, desenvolvemento do conflito, adecuación ó espacio e ó tempo dramáticos, etc.

- *Imitar mediante pantomima personaxes ou accións cotiás, incorporando á representación ruídos e onomatopeias e adecuando o ritmo e a velocidade nos movementos ás características da personaxe ou acción representada.*

Con este criterio quérese avaliar se o alumno e a alumna coordina os seus movementos con fluidez, economizando ó máximo xestos e movementos superfluos e dando expresividade ós mesmos. Terase en conta, igualmente, a incorporación de recursos vocais (esaxeracións, ruídos producidos pola lingua, onomatopeias, etc.) á acción.

- *Utilizar algúns recursos dramáticos e expresivos básicos (títeres, marionetas, teatro de sombras, etc.) na realización de representacións colectivas xunto con outros compañeiros e as compañeiras.*

Trataríase de que o alumnado coñecese algunhas das técnicas expresivas que forman parte do proceso dramático, próximas ó ámbito escolar e ós intereses do alumnado, para enriquece-la súa creación. Valorarase a espontaneidade e o uso persoal dos recursos utilizados, así como a coordinación da acción no grupo.

- *Realizar individualmente ou en grupo producións artísticas sinxelas onde se integren as diferentes linguaxes artísticas e expresivas (corporal, plástica, icónica e musical).*

Trátase de avaliar se os alumnos e as alumnas, cordenados polo mestre, incorporan ás súas formas habituais de expresión e representación do mundo imaxinario, afectivo e social os coñecementos artísticos adquiridos. Valorarase a integración que no proceso realizan as distintas linguaxes, máis que o resultado final obtido, así como a colaboración no traballo colectivo con actitudes cooperativas.

- *Comentar de forma razoada algunha das manifestacións artísticas ás que o alumno e a alumna teñen acceso, relacio-*

nando os elementos presentes na obra coa experiencia e gustos persoais.

Con este criterio quérese comproba-lo coñecemento que o alumnado ten das manifestacións e feitos artísticos do seu medio. Valorarase o grao de implicación do alumnado en distintas experiencias, a percepción sensible alcanzada na observación da realidade e o comentario dos elementos expresivos e estéticos que interveñen na produción.

- *Identifica-las diversas manifestacións artísticas do seu medio, apreciándoas como o seu legado cultural.*

Quérese con este criterio comproba-lo grao de coñecemento sobre as realizacións artísticas da súa Comunidade, así como o grao de sensibilidade acadado polo alumnado sobre o respecto e valoración do seu patrimonio.

- *Utilizar de xeito creativo os distintos recursos das diferentes linguaxes artísticas, integrándoos e relacionándoos.*

Trataríase de que o alumnado manifestase ese potencial creativo na súa produción, utilizando técnicas propias das distintas linguaxes, integrando o seu traballo cos doutros e doutras compañeiras. Valorase máis a realización creativa e orixinal có resultado final obtido.

8

Área de Educación Física

8.1

Introducción

A educación tén que permiti-lo desenvolvemento da personalidade, é dicir, permitir un mellor axuste da conducta nas diferentes situacións utilitarias, lúdicas ou estéticas, ante as que se sitúa o individuo. Baixo esta óptica, o rol específico da Educación Física é facer do corpo humano un instrumento de adaptación do individuo ó seu medio, tanto no campo do traballo como no do tempo libre.

A Educación Física sería a arte de axudar ó individuo ó desenvolvemento intencional, harmonioso, natural e progresivo, de tódalas súas potencias e facultades persoais a través do movemento e con especial atención cara a el. Non é unha mera aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara a educación total, que utiliza o movemento humano como axente pedagóxico e tamén como suxeito paciente de desenvolvemento da súa eficacia. Máis aló da simple transmisión e adestramento de certas habilidades e capacidades motrices, ás que naturalmente debe atender, interésase polo desenvolvemento global do individuo, que-re poñer en xogo (xunto coa actividade corporal) o intelecto e as forzas afectivas. Podríamos defini-la Educación Física como a eficiencia fisiolóxica, o equilibrio psíquico, a orientación espacial, o manexo de obxectos, a comunicación, a integración grupal e a implicación cultural.

É por si mesma, a Educación Física, unha educación total que pertence a un contexto máis amplo que se vén a chamar educación integral; así pois, o seu obxectivo é a persoa que actúa na súa totalidade e na súa unidade, tanto nas súas manifestacións concretas, como nos seus proxectos, desexos e emocións; é dicir, como conducta motriz, nas súas dimensións biolóxica, cognitiva, afectiva, relacional, expresiva e decisio-

nal. Esta pedagogía da conducta motriz ofrece, para logra-los seus obxetivos, unha serie de condicións que a diferencian notablemente das outras materias do currículo escolar, como é a súa pertenza ó dominio da acción e a utilización sistemática de algo tan propio e persoal como é o propio corpo, posibilitando toda unha sistematización da linguaxe corporal; todo isto converte esta intervención pedagóxica nun ensino contextualizado —a súa aprendizaxe prodúcese de xeito natural no entorno ó que pertence— a través de algo intrínseco: o propio suxeito. O corpo é, agora, obxecto por parte da nosa civilización dunha rehabilitación, outorgándolle o lugar que lle corresponde; é lóxico pensar que esta recualificación afecta positivamente ó status que as prácticas corporais e a propia Educación Física teñan na nosa sociedade.

Durante os últimos anos prodúcese unha profunda evolución tanto dos métodos como das concepcións, cambiando mentalidades e actitudes. Esta transformación chegou ó ámbito educativo xerando un clima de interese e perfeccionamento, mellorando así a calidade de ensino desta materia.

A Educación Física non é só deporte, nin educación psicomotriz, expresión corporal, ou xogo, senón todo isto. A transferencia dos valores educativos da Educación Física á personalidade non pasa de xeito instantáneo, hai que programalos, e están relacionados coa estratexia pedagóxica a utilizar. Entón teremos en conta non enfoca-la desde unha soa óptica senón tendo en conta tódalas funcións do movemento: de coñecemento (tanto de si mesmo como do seu entorno), de organización perceptiva, anatómico/funcional, estético/comunicativa, de relación social cos demais, agonística, hixiénica, hedonística (como fonte de disfrute para o individuo), de compensación (frente á vida sedentaria) e catártica.

A nosa intención é propiciar que xurda unha sincronía entre teoría e práctica, difícil de encontrar no caso da actividade física. Asemade temos presente que a comprensión da conducta motora non pode aillarse da comprensión do propio corpo como elemento presente na experiencia das persoas e integrado na vivencia persoal, e tamén que a educación do corpo e do movemento non pode reducirse ós aspectos perceptivos ou motrices, xa que implica ademais aspectos expresivos, comunicativos, afectivos, cognoscitivos e éticos.

O deporte, nos últimos anos do ensino obrigatorio, ten un valor social derivado de se-la forma máis común de entende-la actividade física na nosa sociedade. Mais a práctica dos deportes, tal como é socialmente apreciada, corresponde a formulacións competitivas, selectivas e restrinxidas a unha soa especialidade, que non sempre son compatibles coas intencións educativas do currículo. Para que sexa un feito educativo, o deporte terá un carácter aberto, sen que a participación se supedite a características de sexo, niveis de habilidade ou criterios de discriminación; e debe, asemade, realizarse con fins educativos centrados na mellora das capacidades motrices e doutra natureza, que son obxectivos da educación, e non coa finalidade de obter un resultado na actividade competitiva.

A Educación Primaria abarca unha etapa na vida do neno que coincide cun cambio na súa estruturación corpórea, dándose o paso de neno-parvuliño a neno-neno. É unha etapa na que se configura o esquema corporal; afirmase a lateralidade e adquirense as relacións espacio-temporais, o desenvolvemento das actividades sexuais e hábitos propios do mundo no que está inmerso.

A totalidade da educación do neno de Primaria non pode ser doutro xeito que global e construída sobre as súas vivencias. A nosa sociedade, aínda hoxe en día, xerarquiza os valores intelectuais, artísticos e espirituais, e axuda ás aprendizaxes e actividades que están en consonancia con eles, tendo o aspecto motriz como complementa-

rio. O neno ten a necesidade e capacidade de moverse, de aí a gran función da E. Física. Mais non podemos entende-la E. Física como unha área de *servicio* para que o neno se desafogue tras varias horas sentado. Non, aínda que faga esa misión necesaria de por si. Hai que comprende-lo gran valor que ten a nosa área na configuración axeitada do propio«eu». Soamente o neno que domina o uso do seu corpo pode aprender-lo elementos do seu contorno e relacionarse con eles.

En Primaria, a corporeidade do neno e mailo seu tratamento non pode ser abordada máis que de xeito interdisciplinar e débemola atender desde varios aspectos:

- Que descubra o seu esquema corporal.
- Que se concencie da xerarquía do seu corpo e mailo valor que ten como base da súa propia vida.
- Que coide a súa saúde.
- Que axude ó crecemento total axeitado a súa idade.

A Educación Física en Primaria deberá ser definida por dúas variables: unha común e outra básica. O ser común non implica que non busque o desenvolvemento das peculiaridades de cada neno; será básica para que garantice a formación inicial de posteriores aprendizaxes. Por iso recordaremos que as aprendizaxes serán significativas e relevantes para o propio individuo.

As secuencias do ensino-aprendizaxe na Etapa de Primaria están condicionadas por unha lóxica interna dos propios contidos. Así, por exemplo, no caso das habilidades, irase da experimentación (tanteo, experimentación, identificación e adaptación) á automatización (dominio, decisión e transferencia desta) e perfeccionamento (espontaneidade, coordinación, tecnificación); no caso das actitudes físicas, partírase do acondicionamento físico (localización, construción básica e capacitación) á mellora, tanto xeral como específica, e desta, camiñárase a un principio de especialización (rendemento específico, rendemento combinado, rendemento máximo), tendo en conta que nos últimos anos imos acercándonos á Secundaria.

Non tódolos alumnos de Primaria deben cubrir tódolos niveis aquí propostos. Tere-mos en conta os diferentes ritmos de madu-ración, pois hai desfases entre idades cro-nolóxicas e biolóxicas, e haberá que ter en conta a biolóxica.

As actividades planificaranse desde a moti-vación positiva e non a impositiva. A fun-ción do profesor é valora-las posibilidades de éxito, reforza-la confianza do alumno e planifica-las progresións, mais tendo pre-sente sempre que o obxectivo terminal non está tanto no resultado final da actividade como en supera-las propias limitacións.

As tarefas non serán moi distantes con relación ó nivel do alumno para ir aumen-tando progresivamente a dificultade. Debe considera-lo distanciamento que se produ-ce en relación coa tarefa por medo ó ridícu-lo ou pola falta de interese ó ter que facer unha habilidade moi por debaixo das súas capacidades.

8.2

Obxectivos xerais

A Educación Física na etapa de Educación Primaria terá como obxectivo contribuir ó desenvolvemento nos nenos e nas nenas das capacidades seguintes:

- Coñecer e valora-lo seu corpo e a activi-dade física como medio de exploración e goce das súas posibilidades motrices de relación cos demais e como recurso para organiza-lo tempo libre.
- Adoptar hábitos de hixiene, de alimenta-ción, de posturas e de exercicio físico, manifestando unha actitude responsable cara ó seu propio corpo e de respecto ós demais, relacionando estes hábitos cos efectos sobre a saúde.
- Regular e dosifica-lo seu esforzo chegan-do a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa que se realiza, utilizando como criterio fundamental de valoración dito esforzo e non o resultado obtido.
- Resolver problemas que esixan o domi-nio de patróns motrices básicos adecuán-dose os estímulos perceptivos e seleccio-

nando os movementos, previa valoración das súas posibilidades.

- Utiliza-las súas capacidades físicas bá-sicas e destrezas motrices e o seu coñece-mento da estrutura e funcionamento do corpo para a actividade física e para adaptar-lo movemento ás circunstan-cias e condicións de cada situación.
- Participar en xogos e actividades esta-blecendo relacións equilibradas e cons-tructivas cos demais evitando a discrimi-nación por características persoais, se-xuais e sociais, así como os comporta-mentos agresivos e as actitudes de riva-lidade nas actividades competitivas.
- Coñecer e valora-la diversidade de acti-vidades físicas e deportivas e os contor-nos nos que se desenvolven, participan-do na súa conservación e mellora.
- Utiliza-los recursos específicos do corpo e do movemento para comunicar sensa-cións, ideas e estados de ánimo e com-prender mensaxes deste xeito.

8.3

Bloques de Contidos

A análise dos contidos que a continuación se detallan non pretende ser unha relación de temas, pois non debemos entende-los como unidades ailladas, que esixen un tra-tamento diferenciado, senón que confor-man os grandes núcleos activos a partir dos que xorde a diversidade de actividades.

Eses bloques conforman os elementos dunha idea xeral dirixida ó proceso de aprendizaxe no que o equipo docente ten que dispoñe-los elementos en favor dunha rentabilización de resultados. Os bloques son:

- O corpo: imaxe e percepción.
- O corpo: habilidades e destrezas.
- O corpo: expresión e comunicación.
- Saúde corporal.
- Os xogos.

8.3.1*O corpo. Imaxe e percepción*

Conceptos

- O esquema corporal global e segmentario: coñecemento, identificación, interiorización, utilización e representación.
- Aspectos propioceptivos (toma de conciencia global e segmentaria do corpo en movemento e en equilibrio; conciencia postural).
- Elementos funcionais relacionados co movemento (tono, relaxación, esforzo, etc.).
- As posibilidades corporais: sensoriais, expresivas e motrices.
- Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais.
 - Relacións espaciais: sentido e dirección, orientación, simetrías, dimensións en planos e volumes, etc.
 - Relacións temporais: orde, duración, secuencia, velocidade, aceleracións, ritmo, antes, despois, etc.
 - Relacións topolóxicas básicas: dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás.

Procedementos

- Experimentación e exploración das habilidades motrices e perceptivo-motrices.
- Afirmación da lateralidade corporal.
- Diferencia-la dereita e a esquerda corporal.
- Diferencia-la dereita e a esquerda nos demais.
- Afina-los movementos dos segmentos dominantes, ata os 8 anos, e non dominantes desde esta idade.
- Percepción e estruturación espacial (orientación no espazo, estruturación do espazo de acción, traballo con distancias).
- Percepción e estruturación do tempo (estructuras rítmicas, interiorización de cadencias. Orde, duración, etc.).
- Percepción e estruturación do espazo en relación co tempo (aceleración, velocidade, traxectoria, interceptación, etc.).

- Equilibración e actitude postural.
- Control do propio corpo en relación coa tensión, relaxación e respiración.

Actitudes

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal, as súas posibilidades e limitacións.
- Actitude de respecto e de responsabilidade cara o propio corpo e a mellora do seu desenvolvemento.
- Seguridade, confianza en si mesmo e autonomía persoal (sentimentos de autoestima, autoeficacia e expectativas reais de éxito).

8.3.2*O corpo. Habilidades e destrezas*

As destrezas e habilidades deben tocarse en función da idade e o nivel que corresponde.

Conceptos

- Esquemas básicos de movemento.
- Cualidades motoras de adaptación.
- Mecanismos motores de adaptación.
- Aptitude e habilidade.

Procedementos

- Coordinacións diversas: dinámica, estática e visomotriz para o control dinámico xeral do corpo.
- Control neuro-motor nas conductas motrices habituais.
- Control e dominio motriz e corporal desde unha estratexia previa á acción (razoamento motriz).
- Uso das habilidades básicas (desprazamentos, xiros, salto, manexo de obxectos) en distintas situacións e xeitos de facelas.
- Equilibracións: estática, dinámica e con obxectos.
- Manexo con destreza de obxectos e instrumentos habituais na vida extraescolar e na escola.
- Adquisición de tipos de movementos e conductas motoras adaptadas a diferen-

tes situacións e medios (levar, golpear, arrastrar, nadar, trepar, reptar, rolar, etc.).

- Destrezas motrices básicas (marcha, acampada, orientación...etc.) para a realización de actividades ou desenvolvemento con seguridade e autonomía noutros medios diferentes á escola («medio natural», medio acuático, a neve...).
- Acondicionamento físico xeral (aspectos cuantitativos do movemento, tratados globalmente e en función do seu desenvolvemento psico-biolóxico).

Actitudes

- Interese por aumenta-la competencia e habilidade motrices.
- Valoración do traballo ben executado desde o punto de vista motriz.
- Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices ante diversas situacións.
- Actitude favorable á autosuperación e autoesixencia sobre a base de aceptación das propias posibilidades e limitacións.
- Disposición favorable a tomar parte en actividades diversas aceptando a existencia de diferencias no nivel de destreza.

8.3.3

O corpo. Expresión e comunicación

Conceptos

- O corpo: instrumento de expresión e comunicación.
 - Recursos expresivos: o corpo, o xesto e o movemento.
 - Tipos de posibilidades expresivas asociadas ó movemento: mímica, danza, dramatización.
- O ritmo como base temporal, tempo e sonido corporal.
- As calidades do movemento (pesado, lixeiro, forte, suave) e os seus compoñentes (obxecto que se move, forma de movemento, dirección, intensidade e duración).
- Relación entre a linguaxe corporal e outras formas de linguaxe.

- A danza como forma de movemento.

Procedementos

- Exploración e análise das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo.
- Utilización do xesto, o movemento e o corpo para a expresión, a representación e a comunicación.
- Adecuación do movemento ás secuencias e ritmos e reprodución e adaptación corporal ás bases temporais.
- Execución de ritmos e bailes inventados, populares e tradicionais de sinxela execución, e diferenciación espacial e temporal na súa realización con respecto do grupo e conxunción con eles na realización coordinada.
- Exploración e integración das calidades de movemento na propia execución motriz e posta en relación con actitudes, sensacións e estados de ánimo.
- Simbolización e codificación polo movemento, elaborando e inventando respostas corporais.

Actitudes

- Recoñecemento e valoración dos usos expresivos e comunicativos do corpo.
- Valoración do movemento dos outros, analizando os recursos expresivos empregados, a súa plasticidade e a súa intencionalidade.
- Interese por mellora-la calidade do propio movemento.
- Participación en situacións que supoñan comunicación con outros, utilizando recursos motores e corporais.
- Desinhibición e espontaneidade.

8.3.4

Saúde corporal

Conceptos

- O coidado do corpo: rutinas, normas e actividades.
- Nocións básicas dos efectos da actividade física na saúde e mantemento corporal.
- Medidas de seguridade e prevención de accidentes na práctica da actividade fisi-

ca e na utilización de materiais e espazos.

Procedementos

- Hábitos de traballo presentes na actividade corporal: quentamento e relaxación; economía e equilibrio na dosificación e alcance do propio esforzo; concentración e atención na execución.
- Hábitos de hixiene corporal e postural.
- Uso correcto dos espazos e materiais e adopción das medidas básicas de seguridade.
- Hábitos de relación aberta e respetuosa na participación en actividades físicas colectivas.

Actitudes

- Interese polo coidado do corpo.
- Autonomía ligada ós aspectos básicos do mantemento.
- Aceptación dos propios límites e restricción dos desexos cando impliquen un risco sobre as posibilidades ou un perigo para a saúde.
- Valoración da importancia dun desenvolvemento físico e psíquico equilibrado e da saúde.

8.3.5

Os xogos

Conceptos

- Tipos de xogos e de actividades deportivas.
- A regulación do xogo: normas e regulamentos básicos.
- O xogo como fenómeno social e cultural.
 - Recursos para a práctica do xogo e das actividades deportivas habituais no seu entorno.
 - Xogos populares autóctonos e tradicionais.

Procedementos

- Utilización de regras para a organización de situacións colectivas de xogo (xogo de patio, grandes xogos).

- Utilización das estratexias básicas do xogo (cooperación, oposición, cooperación/oposición).
- Habilidades básicas de iniciación deportiva en situacións de xogo (desprazamentos e cambios de dirección, adaptación e manexo de balóns, lanzamento e recepción de balóns, marcaxe, desmarque e bloqueo).
- Prácticas de deportes adaptados á Primaria.
- Recopilación de informacións sobre os xogos populares e tradicionais e práctica dos mesmos.
- Práctica de xogos de campo, de exploración e aventura.

Actitudes

- Valoración da función de integración social que téñ a práctica das actividades de carácter deportivo–recreativas.
- Actitude de participación e integración nas actividades colectivas con independencia do nivel de destreza alcanzado por un mesmo ou polos outros.
- Actitude de respecto ás normas e regras de xogo.
- Aceptación, dentro dunha organización en equipo, do papel que corresponde desempeñar como xogador.
- Valoración das posibilidades como equipo e da participación de cada un dos seus membros con independencia do resultado obtido.
- Actitude de autoesixencia e superación dos límites do seu propio corpo e valoración dos mesmos na elección das actividades para o emprego do tempo de ocio e recreo.
- Aceptación do reto que supón competir cos outros, sen que iso comporte actitudes de rivalidade; entendendo a oposición como unha estratexia de xogo e non como unha actitude fronte ós demais.

8.4

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación establecen o grao de aprendizaxe que se espera que acaden os alumnos respecto ás capacidades sinaladas nos obxectivos xerais. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non deben ser medidos de forma mecánica, senón con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumno, o ciclo educativo no que se atopa e as súas características e posibilidades.

- *Axusta–los movementos corporais a diferentes cambios das condicións dunha actividade, tales como duración e o espacio onde se realiza.*

Con este criterio preténdese comprobar se o alumno é capaz de percibi–los movementos globais do tronco e dos segmentos corporais que está a realizar (un todo provisto de partes independentes) e de adapta–los seus movementos cando varía algunha condición da actividade na que participa: maior ou menor duración, restriccións no espacio, diferentes contornos, etc. Valórase non só o axuste da resposta motriz, senón tamén que sexa diferente, orixinal, económica.

- *Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.*

Neste criterio preténdese comprobar se os alumnos son capaces de inventar e reproducir unha estrutura rítmica sinxela, ben polas combinacións de elementos de estruturas que xa coñece, ben pola aportación de elementos novos. A reprodución pode facerse mediante o movemento corporal) saltos, palmas, pateos, balanceos, xiros) ou con instrumentos de percusión.

- *Saltar coordinadamente batendo cunha ou ámbalas pernas en función das características da acción que se vai realizar.*

Nesta etapa avalíase o desenvolvemento na habilidade en saltar. O importante non será o aumento cuantitativo da habilidade, senón a mellora cualitativa da mesma.

Neste criterio é importante observa–lo xesto que se executa na batadura e o adecuado axuste dos brazos coas pernas en voo, así como a utilización que se fai dos saltos (como mantemento dun esquema rítmico, nos xogos ou como medio de expresión).

- *Desprazarse, en calquera tipo de xogo, mediante unha carreira coordinada con alternancia brazo–perna e un apoio axeitado e activo de pé.*

Este criterio pretende avalía–lo dominio adquirido nos desprazamentos mediante carreiras. A observación irá dirixida á alternancia contralateral brazo–perna, ó tipo de apoio da planta do pé e a extensión sobre a punta do mesmo. Outros factores máis técnicos da carreira non teñen importancia nesta fase.

- *Utilizar na actividade corporal a habilidade de xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal para aumenta–la competencia motriz.*

Con este criterio trátase de comproba–la capacidade que téñ o alumnado de utiliza–los xiros nas actividades cotidiás. Os xiros sobre o eixe lonxitudinal poderán estar asociados con desprazamentos e saltos: cambios de dirección e sentido.

Na avaliación non se buscará un axuste igual a un modelo, senón o uso que se fai dos xiros para lograr mellores respostas motrices, evitando en todo momento o risco.

- *Lanzar cunha man un obxecto coñecido componendo un xesto coordinado (adianta–la perna contraria ó brazo de lanzar)*

No campo dos lanzamentos é importante comproba–la coordinación no xesto e a utilización que fai dos lanzamentos nas situacións de xogo (ante contrarios, pases longos e curtos, obxectos grandes e pequenos). Non se inclúen neste nivel os aspectos relativos á forza e precisión de lanzamentos.

- *Anticiparse á traxectoria dun obxecto realizando os movementos axeitados para collelo e golpealo.*

E importante ter en conta se os alumnos e alumnas son capaces de anticipar

a traxectoria e velocidade dun obxecto, mediante o suficiente dominio do espacio e tempo, para poder efectuar unha correcta colocación e recollelo e golpealo correctamente. Na observación ademais dunha boa recepción do obxecto, será fundamental a utilización de xeito adecuado de ámbalas mans e pés e de posibles instrumentos para golpealos.

- *Botar pelotas de xeito coordinado, alternativamente con ambala dúas máns desprazándose por un espacio coñecido.*

Con este criterio preténdese avaliar os progresos doutra das habilidades do manexo de obxectos: o bote. A avaliación farase en situacións de xogo, sendo máis relevante a capacidade de desprazalo obxecto e o dominio do bote con ámbalas máns que cá facilidade por resolver situacións de oposición.

- *Incrementar globalmente as capacidades físicas básicas de acordo co momento do desenvolvemento motor, aproximándose ós valores normais do grupo de idade no medio de referencia.*

Este criterio pretende avaliar se os alumnos e as alumnas desenvolveron as capacidades físicas ó longo da etapa. Para isto cumprirá realizar sucesivas observacións comparando os resultados e comprobando os progresos. Convén subliñar que na aplicación deste criterio interveñen, tanto a comparación un estándar anteriormente establecido, coma o progreso comprobado para cada alumno nas sucesivas observacións feitas.

- *Utiliza-los recursos expresivos do corpo para comunicar ideas e sentimentos e representar personaxes e historias reais e imaxinarias.*

Con este criterio quérese comprobar se os alumnos e alumnas controlan o xesto e o movemento e o utilizan para comunicarse. Se valorará a naturalidade e espontaneidade dos movementos, a utilización persoal non esteretipada dos xestos e posturas corporais e o uso correcto que se fai de todos eles.

- *Participar nas actividades físicas axustando a súa actuación ó coñecemento das*

propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.

Este criterio pretende avaliar que nestas idades os nenos e as nenas teñan suficiente coñecemento das súas capacidades para practica-los xogos e actividades habituais con seguridade para eles e os seus compañeiros. Igualmente é necesario observar si a participación nestas actividades se produce habitualmente.

- *Sinalar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual do exercicio físico e a mellora da saúde individual e colectiva.*

Este criterio pretende comprobar se os alumnos e as alumnas son capaces de establecer relacións entre a práctica do exercicio e o mantemento ou a mellora da saúde, como ben individual e social no que todos poden contribuír. É importante que os alumnos coñezan a necesidade do exercicio físico para un crecemento e desenvolvemento equilibrado e algúns dos efectos positivos do mesmo.

- *Colaborar activamente no desenvolvemento dos xogos mostrando una actitude de aceptación cara ós demais, e de superación das pequenas frustracións que se poidan producir.*

Con este criterio preténdese avaliar se os alumnos e as alumnas se relacionan adecuadamente no seu grupo, se serven dos xogos como instrumento de relación e o tipo de comportamento que adoptan durante a súa práctica.

- *Respecta-las normas establecidas nos xogos, recoñecendo a súa necesidade para una correcta organización e desenvolvemento dos mesmos.*

Este criterio diríxese a comprobar se os alumnos son capaces de respecta-las regras que o propio grupo estableceu para organizar e realiza-los seus xogos. As normas poden se-las tradicionais dos xogos ou outras modificadas e inventadas.

- *Identificar como valores fundamentais dos xogos e a práctica de actividades de iniciación deportiva, o esforzo persoal e*

as relacións que se establecen co grupo, dándolles máis importancia que a outros aspectos da competición.

Con este criterio preténdese comprobar se os alumnos e as alumnas sitúan a satisfacción polo propio esforzo e as

relacións persoais que se establecen mediante a práctica dos xogos e actividades de iniciación deportiva, por riba dos resultados da propia actividade (gañar ou perder).